

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13.**

### **SESION ORDINARIA (setembro) DO 3 DE OUTUBRO DE 2016**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde (incorpórase ás 10,32 h)

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier (incorpórase ás 9,45 h)  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen (incorpórase ás 10,32 h)

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día tres de outubro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do 2º Tenente de Alcalde, D. David Regades Fernández ata a incorporación do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, ás 10,32 horas, e a asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(151).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2016).**

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 26 de xullo de 2016.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En relación á acta hai unha errata, pon que non asistín eu e era a Sra. González Sánchez, entón solicitamos que se cambie.

SR. ALCALDE: Queda recollido o cambio e queda aprobada con este cambio.

### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **ORZAMENTOS E FACENDA**

#### **2(152).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO. EXPTE. 37/142 (REXISTRO PLENO 1420/1101)**

ANTECEDENTES: Con data de setembro de 2016, a Alcaldía dita a seguinte Resolución,

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, con data 2 de agosto abriuse a plataforma do MINHAP para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2017.

#### ANTECEDENTES

Con data 22 de agosto iniciouse o procedemento para a aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2017.

En cumprimento da providencia de data 22 de agosto de 2016, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2017.

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitiuse pola Intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concellerío Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168,1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

#### RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2017.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2016.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En relación as Liñas Fundamentais do Orzamento, nos queríamos, primeiro escoitar a explicación do concelleiro para que explicara mais en pormenor as liñas fundamentais para a elaboración do Orzamento, porque sinceramente do documento que se nos presenta parécenos un documento bastante calcado ao do ano pasado, eu creo que é un mal presaxio estas liñas fundamentais...

SR. ALCALDE: Correcto, queda aceptada a proposta, abre o turno o concelleiro de Facenda.

SR. ANEIROS PEREIRA:Bo día Sr. Presidente, bo día á Corporación. No que respecta ás Liñas Fundamentais do Orzamento hai que dicir en primeiro lugar que mentres outros concellos de Galicia aínda non teñen un orzamento para este ano 2016, o concello de Vigo non só ten un orzamento xa en execución para este ano 2016, senón que presenta como corresponde as liñas xerais para o orzamento do vindeiro ano, 2017. Liñas xerais que teñen unha clara vocación, un claro obxectivo, que é mellorar as condicións de vida de toda a cidadanía, as condicións de vida de tódolos vigueses e viguesas, polo tanto uns orzamentos marcados por maior política social, maior emprego e maior nivel de inversións, hai que dicir que con data de 2 de agosto de 2016, abriu no Ministerio de Facenda a aplicación para informar sobre estas liñas fundamentais do Orzamento para 2017, así o fixemos dentro do prazo establecido. Hai que ter en conta que na situación actual de prórroga orzamentaria nos Orzamentos xerais do Estado, os condicionantes veñen marcados polo tanto por esa situación de prórroga e tamén da taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto que marca o obxectivo de estabilidade das corporacións locais neste caso, polo tanto as liñas xerais responden a esa situación de conxelación da actividade no estado e polo tanto non teñen unha incidencia fundamental nas liñas comunicadas. Neste sentido hai que dicir que se comunican as liñas dos orzamentos no perímetro de consolidación que como sabe para o concello, a propia entidade, a Xerencia Municipal de Urbanismo e a

Fundación Marco, pois veñen enmarcadas por esa conxelación digamos na previsión dos ingresos, no tocante aos ingresos como saben, apenas hai modificacións, posto que nos gastos de persoal atopámonos condicionados e polo tanto no tocante aos gastos que teremos no Capítulo I do noso Orzamento, pois estaremos condicionados por esa subida máxima do un por cen e esa taxa de reposición de efectivos que condiciona a saída a concurso de prazas deste Concello, pero ben é certo que as ofertas de emprego público en marcha seguirán e cubriranse esas vacantes previstas.

No Capítulo II presentamos un crecemento dun dous por cen, tendo en conta o incremento desas partidas no tocante á política social, principalmente no Servizo de Axuda ao Fogar e no centro de Servizos Sociais, tendo en conta que tamén subiron determinados gastos sociais de carácter educativo, como os derivados das escolas infantís ou do programa de Inmersión lingüística, é de destacar que no Capítulo III de gastos, non está previsto ningunha partida de intereses, posto que como saben estamos nunha situación de débeda cero, o Concello de Vigo debe cero aos bancos e polo tanto unha situación económica saneada, o único que se contempla nese capítulo III é unha partida previsible para xuros de mora que teña que facer no seu caso o Concello de Vigo. E no Capítulo IV temos en conta as partidas que van destinadas ás axudas a familias, principalmente a cubrir situacións de desafiuzamentos, de carencia enerxética, de becas de libros e de becas de comedor, seguindo co incremento das políticas sociais de transporte público e tendo en conta a integración de Vigo no transporte metropolitano, o fondo de continxencia permanece inalterado e no que se refire ao Capítulo de Investimentos, presentase un crecemento desta partida entornando a un 25%, tendo en conta que so se financiaran inversións co cargo ao superávit ordinario, polo tanto sen acudir a operacións de endebedamento.

No Capítulo VII, de Transferencias de Capital, mantéñense as mesmas condicións que no ano en curso e no que se refire ao Capítulo VIII e IX as partidas non son significativas, polo tanto tense en conta as mesmas situacións que no ano presente, tendo en conta como digo que estamos nunha situación de débeda cero e que ese capítulo IX terá unha asignación que reflicte esa situación. No tocante

aos ingresos como dixen, a previsión de ingresos do Estado mantense nos seus mesmos termos e polo tanto non habendo prevista unha subida de impostos municipais, os ingresos mantéñense nas mesmas condicións, estas son as liñas básicas que así foron comunicadas e foron informadas na Comisión de Orzamentos e Facenda e das que se da conta neste Pleno.

SR. PÉREZ CORREA: Nos non nos sorprendemos como se sorprende o Partido Popular desta liñas contidas aquí, entre outras cousas porque os concellos están practicamente cotados ou sometidos a un planeamento do orzamento que está en base a un desenvolvemento legislativo que o Partido Popular ten aprobado, gustaríanos que as liñas fundamentais do Orzamento de Vigo foran outras, gustaríanos seguramente que puidéramos avanzar, entendendo que haberá un cambio de goberno que permita derogar, entre outras cuestións, a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria que a nos parécenos un dos inicios do secuestro da autonomía municipal, as liñas do Orzamento en principio cremos que o Concello de Vigo non ten capacidade de vulneralas porque entraríamos incluso en que o Ministerio puidera facer algún tipo de conxelación de recursos como figura nalgún articulado, nos as liñas de Orzamento en todo caso, a responsabilidade de que existan ou non determinadas cuestións, será do Partido Popular que lexislou para que o fagan, a nos preocúpanos algunhas cuestións que eu creo que este Concello debería denunciar, este Concello e outros moitos concellos, nos rexistramos unha moción estes días precisamente para falar sobre a cuestión do Teito de Gasto, para falar da cuestión do superávit, para falar de como se vai impedir a moitos concellos tirar adiante con políticas sociais e infraestruturas que son moi necesarias, pero queríamos facer algunhas cuestións entendendo que si hai marxe para determinados debates que este Concello debería asumir, e a nos preocúpanos, está recollido aquí nestas liñas fundamentais pero está recollido tamén no espírito do exercicio do orzamento do ano pasado, o emprego do superávit como medida para financiar actuacións ao ano seguinte, por que o dicimos, porque é certo que este Concello deu un superávit moi excesivo pero para xerar ese superávit déixanse de executar partidas, co cal se o que se pon aquí nas liñas fundamentais é que no exercicio que ven é necesario empregar o superávit para levar adiante inversións, entendemos que pola vía da política deste goberno

local será humanización prioritariamente, ese exercicio imos intentar tamén dar superávit e o que facemos é que algunhas partidas non se executen e para dar superávit moitas veces o que significa é que cando facemos o cálculo do Teito de Gasto ao exercicio seguinte, o que se toma como referencia é precisamente, non o que poñemos no orzamento senón o que se executa realmente, polo tanto se hai 20 millóns de euros de superávit o Teito de Gasto diminúe, iso eu creo que non é unha lóxica que lle corresponda ao Partido Socialista, si ao Partido Popular que no seu día avalou ese tipo de políticas, de cálculo do Teito de Gasto, pero nos deberíamos dicir que polo menos imos intentar non dar demasiado superávit para que logo o Teito de Gasto no exercicio seguinte non diminúa ou en todo caso non comprometamos determinadas actuacións que logo temos que buscar os cartos noutras partidas reducindo a súa execución a final de ano. Nos imos opinar de maneira completa do Orzamento ao final do exercicio porque é cando nos levamos as sorpresas e cando aparecen partidas executadas en pequeno ou partidas sobredimensionadas como xa puidemos ver no exercicio que pechamos o ano pasado, polo tanto se que nos gustaría unha certa política de contención en utilizar o superávit como ferramenta de inversión ao exercicio seguinte porque estaríamos xustificando en liñas xerais a política de control do gasto público que o Partido Popular consignou nesa Lei, se que nos gustaría ter máis marxe de manobra de contratación do que é o capítulo I pero tamén nos gustaría que se execute a oferta pública de emprego, que aí creo que temos toda capacidade de facelo, hai orzamento, hai capacidade de facelo, polo menos toda esa oferta pública de emprego que se vai postergando ao longo dos anos pois que estea recollida, que se execute neste exercicio se é posible, que se quiten esas prazas pendentes, tanto no Concello como nos órganos que quedan en paralelo ao Concello e cremos que aí se que hai certa autonomía dende logo nesta liña fundamental do Orzamento, pois polo menos non sei xa claramente se se vai executar toda a oferta pública pendente. Gracias.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que ademais de sorprender o documento que presenta aquí o goberno municipal, tamén teño que dicir que sorprenden as declaracións do voceiro de Marea de Vigo, porque dende logo reflicte un descoñecemento impropio do que é a normativa en materia presupostaria, que

teñen que cumprir as administracións públicas, evidentemente hai que aprobar unhas liñas fundamentais de aprobación do orzamento porque o establece a lei, porque as administracións públicas teñen que dicir que folla de ruta seguen e eu creo que é unha das virtudes da Lei de estabilidade presupostaria, obrigar a tódalas administracións a dicir cal é o seu escenario nos próximos anos e ir aprobando esas liñas fundamentais ano a ano e iso é absolutamente compatible con establecer e con decidir dentro da marxe de presuposto de cada administración pública, onde van ir os recursos dos que vai dispoñer, absolutamente compatible, polo tanto eu discrepo absolutamente do que acaba de dicir o voceiro de Marea que insisto, ou é un descoñecemento da marxe que hai dentro das administracións públicas da materia ou é que aí poder haber certo resentimento polos problemas que houbo, por exemplo no Concello de Madrid con estas liñas fundamentais nas que se inventaron ingresos del IBI, por exemplo nunha forma de entender a normativa que para nós resulta bastante chocante.

Nestas Liñas Fundamentais do Orzamento que nos trae aquí o goberno municipal, a nos o que nos preocupa é que reflicte a un goberno sen ideas, sen ideas e carente dun proxecto político para a cidade, dun proxecto de futuro, e dende logo de medidas que vaian encamiñadas a que Vigo teña un futuro e un mellor futuro, é mais do mesmo, é un corta e pega, non hai nin unha soa medida, ningunha soa actuación que reflicte algo de novidade en relación ao anterior, algún proxecto, algunha idea, algún raio de luz cara o que temos nestes últimos anos, de feito a principal novidade, eles mesmos o refiren neste documento, son os catrocentos mil euros a maiores que lles vai dar a Xunta de Galicia para potenciar o Servizo de Axuda no Fogar, o cal dende logo é moi importante e é moi necesario na nosa cidade para potenciar ademais os servizos de persoal que teñen que ver con ese Servizo de Axuda no Fogar, pero a partires de aí pouco mais, están vostedes estimando o 1%, Sr. Aneiros, non nos explicaron por que estiman que os ingresos do Estado van a subir o 1%, efectivamente temos os orzamentos prorrogados, non sabemos o que vai ocorrer e so van subir o 1%, co incremento de actividade económica que se está producindo neste momento tal e como estamos saíndo da crise, a nos parécenos unha estimación bastante conservadora, pero dende logo nos non imos ser os que critiquemos estimacións excesivamente conservadoras, o



que si pedimos e outra política tributaria, xa falaremos agora nas Ordenanzas Fiscais, porque dende logo nestas liñas fundamentais o único que se refire é que haberá máis impostos, que vostedes van recadar máis por IBI e que iso non se vai traducir en mellores políticas para tódalas viguesas e tódolos vigueses. En canto á taxa de reposición, queren vostedes o 100% en determinados funcionarios como a Policía Local e o 50% no resto, pero como critica vostede a taxa de reposición se son incapaces de quitar adiante unha oferta de emprego público nesta cidade, é que sinceramente parece chocante que por un lado cunha cara critiquen esas limitacións á taxa de reposición e que coa outra cara sexan incapaces de quitar adiante e teñamos ata que nos caduquen, porque aquí pasou neste Concello, caducaron ofertas de emprego público porque foron incapaces de quitarlas adiante no tempo correspondente, polo tanto esperemos que isto non sexa o anticipo duns presupostos continuistas, esperemos que haxa modificacións que nos sorprendan positivamente, cambios nos seus orzamentos porque dende logo, se esta é a antesala do orzamento que van levar para o ano 2017, os vigueses poden estar bastante decepcionados, dende logo para nos eses orzamentos non están a altura da cidade, das necesidades da cidade, si este anticipo que nos traen aquí é realmente estas cinco follas, escuetas, é o anticipo do que pretender facer na cidade de Vigo no ano 2017. Moitas gracias.

SR. ANEIROS PEREIRA: Ben, non me deixa de sorprender este novo alegato da apostol da catástrofe que parece ser a Sra. Muñoz, este goberno municipal está cheo de ideas Sra. Muñoz, o que hai que reflectir neste documento, como o seu nome indica, son as Liñas Fundamentais do Orzamento para o 2017, a plasmación concreta será precisamente no Orzamento do 2017 e como nos gusta dicir, “falan os feitos”, e os feitos están aí fora, polo tanto verán agradables sorpresas nos vindeiros días e nos vindeiros anos por suposto, nos orzamentos de 2017 e nos que seguirán porque seguiremos traballando en progresar na cidade, en mellorar as condicións de vida da cidadanía, en mellorar o nivel de inversión, en mellorar as condicións de todos nos que vivimos nesta cidade, polo tanto insisto, son liñas fundamentais o que temos que comunicar e liñas de carácter macroeconómico, polo tanto no que temos en conta efectivamente esas grandes liñas ou variacións que pode haber, se vostede se le como ten que lerse, a Lei de estabilidade

orxamentaria e a Orde Ministerial que regula esta obriga de informar sobre as liñas básicas, verá do que hai que informar, polo tanto non me pida aquí que avance o contido do Orzamento porque non se trata diso neste caso, polo tanto son liñas fundamentais onde temos en conta fundamentalmente iso, as liñas fundamentais nos que discurrirá o Orzamento 2017, e esas liñas fundamentais veñen marcadas pola conxelación nos ingresos que imos ter, porque se manteñen nos mesmos termos, que manexamos? Pois previsións lóxicas, previsións que nos comunica o propio Ministerio de Facenda e a propia recadación que estamos tendo nos impostos e tributos municipais, esas son as previsións que manexamos, previsións sensatas e baseadas nunha metodoloxía, nunhas comunicacións que temos lóxicamente co Ministerio de Facenda, e do lado do gasto atopámonos de novo coas regras que fixa a Lei de estabilidade orxamentaria, polo tanto nunha situación de prórroga orxamentaria so temos que ter en conta esa situación que marcan os orzamentos xerais do estado e por suposto teremos en conta tódolos elementos que nos permite o marco legal vixente, entre eles o superávit, hai que dicir e clarexar á cidadanía que non é que se deixen de executar partidas, as partidas executáanse, pero dunha execución normal do orzamento deriva que en ocasións algunhas delas, nunca as de política social, nunca as de políticas educativas que se gastan, se consumen, en todo caso deixan un remanente que pode ser utilizado en inversións no ano seguinte, polo tanto estamos executando correctamente a normativa e os orzamentos para este ano, tranquilos que verán os orzamentos no seu debido tempo e verán que son uns bos orzamentos para a cidadanía e para a cidade. Gracias.

### **3(153).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 2315/500 (REXISTRO PLENO 1422/1101)**

#### **ANTECEDENTES:**

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal xeral” que consta neste expediente.

A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas nesta ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan a continuación:

Completase o contido dos artigos 33, 60 e 69 regulando o procedemento de aprobación de formularios de recadación, xestión e inspección.

A proposta do Sr. tesoureiro do Concello de data 5 de agosto de 2016, dáse unha nova redacción aos artigos 41, 42, 43, 44, 46 bis e 50 desta ordenanza.

As modificacións propostas nos artigos 41 e 44 van encamiñadas a adaptar a regulación do procedemento de aprobación aprazamentos e fraccionamentos á Lei 58/2003 Xeral Tributaria así como ao RD 1065/2007, tendo en conta as peculiaridades e características dos ingresos de dereito público que son obxecto da recadación do Concello, as circunstancias da actual situación económica e os diferentes perfils dos obrigados ao pagamento.

A nova redacción do artigo 41 aclara e concreta o seu contido. Ampliáanse os prazos para fraccionamentos e aprazamentos porque, na actual situación económica, os debedores plantean graves limitacións económicas para facer fronte ao pagamento da débeda nuns prazos de tempo tan curto, véndose imposibilitados con bastante frecuencia, para afrontar algún dos prazos. Avaliase como positivo a ampliación do prazo porque, sendo a finalidade a recadación efectiva aínda que esta se produza nun prazo maior, tamén constitúe unha maior facilidade para o obrigado tributario.

Respecto do artigo 42, axústase o seu contido en termos de legalidade e oportunidade cunha redacción comprensible pola xeneralidade dos obrigados tributarios. Prevese un trámite de audiencia na tramitación das solicitudes de aprazamento/fraccionamento de débedas, co fin de salvaguardar os dereitos dos contribuíntes previstos na LXT. Establecese a acumulación de varios fraccionamentos e aprazamentos. Por último, a incorporación da obriga de solicitar o aprazamento ou fraccionamento no modelo normalizado que se aprobe.

Respecto do artigo 43, a Orde EHA/1030/2009, de 23 de abril, estableceu o límite exento da obriga de achegar garantías nas solicitudes de adiamento ou fraccionamento en 18.000 euros. A Orde HAP/2178/2015, de 9 de outubro, eleva o límite exento da obriga de achegar garantía nas solicitudes de adiamento ou fraccionamento a 30.000 euros. Tamén para os tributos cedidos, a Orden HAP/347/2016, establece o mesmo límite. Ademais de terse producido un incremento importante na contía da débeda para quedar exento de presentar garantía para débedas ante a AEAT, a prevista polo Concello en 3.000,00 euros, facía difícil a súa aplicación sobre todo nas liquidacións do imposto sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana. Tamén se define como se computa a contía, engadindo a que se está a tramitar, máis as solicitadas pendentes de resolver, separando en todo caso aos efectos de cálculo, as que se atopan en período voluntario como executivo. Esta

redacción está prevista na DA segunda do RD 1065/2007, tendo en conta as Orde HAP/ 2178/2015 e 347/2016. Tamén se exime de depósito de garantía cando teña feito unha anotación preventiva, sempre e cando sexa suficiente para garantir a débeda.

Coa nova redacción do artigo 44 determínase de forma clara a base de cálculo da débeda aprazada e defínense os criterios a ter en conta para avaliar as dificultades económico-financeiras.

Suprímese o apartado 6 do artigo 46bis. Dende a implementación deste sistema especial de pagamento, os contribuíntes queixanse por non ter acceso a medios telemáticos. Como queira que a maioría dos suxeitos pasivos acollidos a este sistema especial son persoas de idade avanzada que teñen certas dificultades na utilización das novas tecnoloxías, suprímese esta limitación, posibilitándose que o procedemento de solicitude sexa tamén manual.

Modifícase no mesmo artigo 46 bis a redacción do apartado 10 (que pasa a ser o 9). O texto vixente establece que o cambio na conta de cargo debería ser aplicable no exercicio seguinte obrigando ao contribuínte acollido a este sistema a manter aberta unha conta ata final de ano. Acomodase a nova redacción ao que xa ven aplicando o departamento de Recadación: o cambio nunha conta de cargo surte efectos na vindeira cota, sempre que o cambio se solicite antes do 20 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

Por razóns técnico-xurídicas substitúese "proposta de declaración de crédito incobrábel" dos apartados 6 e 8 do artigo 50 por "proposta de crédito incobrábel por debedor fallido" xa que, en realidade, a declaración de crédito incobrábel é consecuencia da previa declaración de fallido do debedor principal (e, no seu caso, do resto de obrigados), en virtude do disposto nos artigos 76 e 173 da Lei Xeral Tributaria.

Modifícase o apartado 8 do artigo 50 polo exposto no parágrafo anterior e porque non procede excluír as multas de tráfico do cómputo do total acumulado cando o debedor o é por diversos conceptos, sen prexuízo do disposto no apartado 9 deste artigo. Ademais do anterior, ao incluír as débedas de dereito público con carácter xeral, é de aplicación o previsto nos apartados 6.1, 6.2, 6.3 e 6.4 cuxo contido é máis garantista que o previsto no apartado 9 deste artigo.

Redáctase con maior claridade o primeiro paragrafo do apartado 9 que será de aplicación cando o obrigado debe, exclusivamente, multas de tráfico.

Acomódase a redacción do artigo 76 relativo a suxeitos infractores ao disposto na Lei 34/2015 de 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Por motivos de economía no procedemento, introdúcese como disposicións adicionais a esta ordenanza varias modificacións de contido procedimental nas ordenanzas fiscais nº 2, 15, 20, 21 e 23. Modifícase a ordenanza nº 11, a proposta da xefa do Servizo de Transportes. Nas ordenanzas fiscais 30 e 32 de taxas por aproveitamento do dominio público municipal, redúcense os importes de determinadas cotas por ocupación de vía pública con andamios e vendas de "produtos autóctonos de tempada como castañas", festas tradicionais e mercadillos.

**A disposición adicional primeira** contempla unha modificación dos apartados 3, 6 e

7 do artigo 12 da ordenanza fiscal nº 2, reguladora do imposto sobre bens inmobles.

A modificación do apartado 3 mellora, tecnicamente a na redacción e suprime a limitación de estaren empadroados os contribuíntes para o disfrute deste sistema especial de pagamento.

Coa modificación do apartado 6 búscase adecuar a regulación ao que se está aplicando na práctica: Na aplicación deste sistema especial de pagamento estase utilizando o padrón do exercicio en curso e non o do ano anterior co obxectivo de evitar posibles devolucións naqueles supostos nos que o importe do primeiro prazo (50% do importe do recibo do exercicio anterior) fose superior ao importe do recibo do ano en curso.

O obxectivo da modificación do apartado 7 é manter a domiciliación do recibo de padrón aínda que se dea de baixa no sistema especial de pagamento.

**A disposición adicional segunda** introduce cambios non substanciais na ordenanza nº 11 Fiscal Reguladora das Taxas do Servizo de taxi acordes co texto da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de taxi na Cidade de Vigo (polo que as referencias ao artigo 8 da ordenanza reguladora serán ao artigo 11).

**A disposición adicional terceira** recolle un novo apartado 3 no artigo 6 da ordenanza fiscal nº 15, reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. A regulación contida neste apartado 3, incluída na proposta do Sr. Tesoureiro de data 5 de agosto 2016 ten por finalidade completar os procedementos de xestión tributaria e recadadora nos casos nos que os titulares dos vehículos non se personan a retiralos do depósito municipal.

**A disposición adicional cuarta** modifica a ordenanza fiscal nº 20, reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia, mediante a supresión do apartado 3 do artigo 5 e unha mellor redacción do apartado 2.

**A disposición adicional quinta** modifica o artigo 5 da ordenanza fiscal nº 21, reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Vigo, incorporando unha nova redacción do apartado terceiro, para regular determinadas incidencias do procedemento recadador.

**A disposición adicional sexta** modifica o artigo 5 da Ordenanza nº 23 fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de Educación Infantil, incorporando unha nova redacción no apartado 3 para regular determinadas incidencias do procedemento recadador.

**A disposición adicional sétima** introduce dous cambios na ordenanza fiscal nº 30, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

- Unha bonificación do 50% durante os 30 primeiros días de ocupación, para os casos nos que os elementos que ocupan dominio público local son “valados, puntais,

andamios e outras instalacións análogas". Introdúcese esta bonificación no epígrafe B do apartado 4 do artigo 4 da ordenanza.

- A introdución dunha obriga formal explícita para empresas explotadoras de servizos de subministración (electricidade, gas, telecomunicacións, auga ...) consistente en declarar, unha vez rematadas as obras, a ocupación de dominio público segundo formulario dispoñible na sede electrónica do Concello.

Introdúcese esta obriga nos dous últimos parágrafos do apartado 1 do artigo 6 da ordenanza.

**A disposición adicional oitava** Modifica o paragrafo primeiro do artigo 4 da Ordenanza nº 32 Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos, establecendo unha cota reducida no importe do 50% sobre a cota xeral, para os casos de venda de "produtos autóctonos de tempada como castañas".

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal económico-administrativo (TEA) do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza fiscal xeral" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016

Sendo este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza fiscal xeral", adquiriría a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, da Xunta de Goberno local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao Tribunal económico-administrativo do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado, no tramite que determina o Regulamento orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno local e novo ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1)", QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

### ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA.

*Engádesse un novo apartado 4 que, queda redactado como segue:*

4. Os formularios/modelos/impresos normalizados de, autoliquidacións, solicitudes de fraccionamentos/aprazamentos e outros relativos á xestión recadadora serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

### ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO

*Nova redacción que queda como segue:*

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei xeral tributaria e nesta Ordenanza.

2. O obrigado tributario deberá xustificar a falta de liquidez ou de tesourería, así como a capacidade para xerar recursos para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados, para o que deberá achegar á solicitude, a documentación que se indica a continuación:

a) Cando o solicitante sexa unha persoa física que non realiza actividade económica por conta propia:

- Copia da última nómina ordinaria percibida.
- Copia íntegra da última declaración da renda presentada.
- Se recibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo órgano competente.
- No seu caso, certificación da prestación por desemprego, facendo constar o seu importe, ou certificación de atoparse en situación de demandante de emprego, expedidas polos órganos competentes.
- No caso de que o interesado non estea obrigado a presentar declaración da renda, esta circunstancia pode quedar acreditada cun certificado de rendas imputables para os efectos do IRPF, expedido pola AEAT.
- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade do/a debedor/a abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo, que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

b) Cando o solicitante sexa unha persoa xurídica, empresario individual, autónomo e en xeral persoa física que realiza actividade económica por conta propia:

- As contas do balance de situación e a conta de resultados dos tres últimos exercicios sociais.
- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da empresa abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable de apoderado da entidade na que se faga constar a

inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

•Os traballadores por conta propia deberán achegar os libros obrigatorios que deban levar en función do réxime do IRPF e IVE que lles sexa de aplicación (libro- rexistro de ingresos e gastos, bens de investimento e provisións de fondos e suplidos así como as facturas emitidas e recibidas, e no seu caso, os xustificantes dos módulos aplicados).

### 3. Criterios: prazos e requisitos para aprazamentos e fraccionamentos

#### 3.1.- Criterios xerais:

•As débedas ata 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou tres mensualidades.

•As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou seis mensualidades.

•As débedas de importe superior a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou doce mensualidades.

#### 3.2.- Criterios excepcionais:

•As débedas ata 1.000,00 euros, poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou doce mensualidades.

•As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros, poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou dezoito mensualidades.

•As débedas de importe superior a 3.000,00 euros, poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou vinte e catro mensualidades.

3.3.- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non realicen actividade económica por conta propia para a aplicación dos criterios excepcionais regulados no apartado 3.2:

a)Que a persoa debedora non teñan ningunha fonte de ingresos durante como mínimo 6 meses.

b)Que a persoa debedora sexa desempregada de longa duración.

c)Que a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces e medio o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

3.4.- Documentación que teñen que achegar para estudo e avaliación as persoas xurídicas, empresarios individuais, autónomos e, en xeral persoas físicas que realizan actividade económica por conta propia, para a aplicación dos criterios excepcionais regulados no apartado 3.2:

a)Balance de situación dos dous últimos exercicios sociais

b)Conta de perdas e ganancias dos tres últimos exercicios sociais.

c)Plan de tesourería previsto para os dous seguintes exercicios sociais.

d)Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da empresa abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude.

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se



poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas en período voluntario de recadación.

4. Cando o debedor teña a condición de Sector Público e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ao cumprimento dos propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 3 deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.

De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías.

Para o cálculo dos xuros do aprazamento e para a tramitación do expediente seguirase o procedemento regulamentado no RXR así como nos artigos 41 a 45 desta Ordenanza.

Para o caso de que o debedor non puidese facer fronte a algún dos prazos aprobados na súa data de vencemento, deberá poñelo en coñecemento, por escrito, diante da Recadación municipal, para os efectos da aplicación, se fose o caso, do disposto no artigo 73 bis desta Ordenanza.

#### ARTIGO 42.- SOLICITUDE

*Nova redacción que, queda como segue:*

1. Os aprazamentos e fraccionamentos concederanse pola Administración municipal, previa solicitude dos obrigados ao pagamento.

A fin de salvagardar os dereitos do contribuinte recoñecidos nos artigos 34.1.a) e k) da LXT, cando a solicitude non cumpra cos requisitos esixibles, se outorgará un prazo non inferior a dez días a fin de que polo interesado poida procederse á reformulación ou subsanación da mesma, onde se lle indicarán os motivos que impiden atendela nos termos nos que se formulou e/ou a documentación necesaria non achegada.

Neste caso, o interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia na formulación da súa solicitude, o que se lle indicará no trámite notificado.

Non se outorgará este trámite cando os defectos apreciados teñan unha evidente finalidade dilatoria ou obstativa. En particular, apreciarase esta circunstancia cando os defectos xa se tivesen apreciado nunha solicitude anterior presentada polo mesmo interesado ou procedan de solicitudes estereotipadas e reiterativas.

Da posibilidade de obter fraccionamentos e aprazamentos e da posibilidade de obter asistencia na súa formulación se informará en todos os formularios, documentos de ingreso e actos do procedementos executivo.

O trámite ao que se refire o presente artigo outorgarase asimesmo, previo cumprimento dos demais requisitos, nas solicitudes de condonación de débedas baseadas na insuficiencia de medios para atendela a fin de facilitar aos interesados a reformulación da súa solicitude por unha de aprazamento ou fraccionamento das débedas.

2. Inadmitiranse as seguintes solicitudes de aprazamento e/ou aprazamento:

- Cando a débeda estea en período executivo de recadación en calquera momento posterior ao da notificación do acto administrativo polo que se acorde o alleamento dos bens embargados.
- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos correspondente á autoliquidación presentada.
- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento que inclúan débedas en período voluntario e outras en vía executiva. Neste suposto comunicáraselle ao interesado que, se o desexa, debe presentar dúas solicitudes, unha pola totalidade da débeda en período executivo e outra, polas débedas que estean en período voluntario das que desexe o aprazamento ou fraccionamento, aplicándose o trámite previsto no apartado anterior, previo cumprimento do requisito nel indicado.

3. Acumularanse nun mesmo expediente as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas que estean en período voluntario no momento da presentación da solicitude. Non se acumularán aquelas, cuxa solicitude xa fose resolta expresamente.

4. As solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento dirixiranse ao tesoureiro municipal, a quen corresponde avaliar a situación económico-financeira do obrigado ao pagamento en relación á posibilidade de satisfacer os débitos, así como a suficiencia e idoneidade das garantías propostas ou, no seu caso, a concorrencia das condicións precisas para obter a dispensa de garantía.

5. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterá, necesariamente, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.

b) Identificación das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicite, debendo figurar necesariamente, cando menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que acrediten que a súa situación económico-financeira lle impide, de forma transitoria, efectuar o pagamento.

d) Compromiso expreso e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar aval solidario ou certificado de seguro de caución, agás cando concorra algunha das excepcións previstas no artigo seguinte.

e) Cando se solicite a dispensa total ou parcial da garantía será preciso acompañar un plan de viabilidade, así como calquera outra información que xustifique a posibilidade de cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

f) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

g) Lugar, data e sinatura do obrigado ao pagamento así como, no seu caso, a do seu representante.

h) Copia da autoliquidación debidamente cumprimentada no modelo normalizado establecido para o efecto, agás que o interesado non estea obrigado a presentala por estar xa en poder da administración.

#### ARTIGO 43.- GARANTÍAS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

*Modifícase o apartado 1 e engádese un apartado 9 que, quedan redactados como segue:*

1. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración Pública ou o importe da débeda, cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, sexa inferior a 9.000,00 euros.

Para os efectos da determinación deste importe, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude (principal, xuros de mora, recargas do período executivo e custas no seu caso), como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, agás que estean debidamente garantidas, sempre que estean no mesmo período de recadación, voluntaria ou executiva.

9. Cando se realice anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo do xefe de Recadación Executiva, considerarase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.

#### ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN

*Modifícanse os apartados 1,4,5,6,7 e engádese un apartado 8 que, quedan redactados como segue:*

1. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de dito expediente.

- ⌚) Se a solicitude se presenta en período voluntario de ingreso, o fraccionamento ou aprazamento concederase polo importe do principal máis os xuros de mora sobre a débeda aprazada.
- ⌚) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando aínda non se notificou a providencia de prema e, polo tanto, a recarga executiva é do 5%, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 5% da recarga executiva máis os xuros de mora correspondentes.
- ⌚) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando se notificou a providencia de prema, pero aínda non transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 10% da recarga de prema reducida máis os xuros de mora correspondentes.
- ⌚) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou

aprazamento polo importe do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora correspondentes.

4. Para a resolución dos expedientes, os órganos de recadación avaliarán o carácter transitorio das dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento.

Por carácter transitorio das dificultades económico-financeiras debe entenderse a ausencia ou escaseza de recursos líquidos suficientes, con carácter conxuntural e non estrutural, que non permita a cancelación das súas obrigas inmediatas.

A avaliación da mesma no caso de empresarios ou profesionais obrigados por Lei a levar contabilidade efectuarase a través dos datos que consten na documentación contable que obrigatoriamente ha de achegar o debedor e, no seu caso, dos que puidese achegar en apoio da súa solicitude voluntariamente, ou previo requirimento efectuado polo órgano competente para a tramitación, cando considere insuficiente os anteriores.

Noutro caso, as dificultades económico-financeiras de carácter conxuntural avaliaranse preferentemente a través do estudo das declaracións presentadas do imposto sobre a renda presentadas, así como da documentación dos seus ingresos e gastos, ou de calquera outra que puidese resultar de utilidade achegada voluntariamente ou previo requirimento municipal.

O requisito de transitoriedade das dificultades económico-financeiras observarase, procurando evitar que, a través de reiteradas e sucesivas solicitudes, especialmente de tributos periódicos de notificación colectiva, o Concello aprobe de forma sistemática aprazamentos ou fraccionamentos nos casos nos que non hai problemas económico-financeiros de carácter conxuntural.

Cando se aprecien as dificultades económico-financieras do obrigado ao pagamento, teranse en conta aquelas circunstancias que poidan ser reflexo de dificultades estruturais, de falta de viabilidade da actividade, ou ben de utilización indebida desta facilidade de pagamento, de especial importancia nas solicitudes de prazos dilatados, ou con dispensa total ou parcial de garantía. En concreto, examinarase:

- O cumprimento corrente das obrigas tributarias, incluídos outros aprazamentos ou fraccionamentos vixentes concedidos con anterioridade.
- A reiteración na solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos sobre a mesma débeda tributaria.
- A cancelación por incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade, tanto se se refire ao pagamento dos prazos establecidos como á formalización da garantía.

5. Os expedientes de aprazamento e fraccionamento finalizarán mediante resolución da Concellería de Facenda.

6. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento especificarán os prazos de pagamento e demais condicións do acordo, que poderán ser distintos dos solicitados. En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes.

7. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento, notificaranse ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán de non constituírse a garantía no prazo establecido así como dos efectos de falta de pagamento. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de mora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos.

No caso de autoliquidacións presentadas en prazo xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, o acordo de concesión aprobará a liquidación que corresponda se esta fose superior á consignada na autoliquidación. Así mesmo, a suma a garantir será pola totalidade do importe liquidado. Tamén se fará constar que de non formalizar a correspondente garantía e non ingresar en prazo a liquidación, procederase conforme se dispón no parágrafo anterior. Se se trata de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, ademais do anterior, o acordo de aprobación incluírá as recargas e xuros que procedan.

8. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

□) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, coa advertencia de que de non producirse o ingreso en devandito prazo, comezará o período executivo e o procedemento de constrinximento.

De realizarse o ingreso en dito prazo, procederá a liquidación dos xuros de mora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación.

De non realizarse o ingreso, os xuros liquidaranse ata a data de vencemento de devandito prazo, sen prexuízo dos que poidan devindicarse con posterioridade, conforme ao disposto no artigo 26 da Lei xeral tributaria.

No caso de autoliquidacións presentadas durante o período voluntario de ingreso xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a resolución denegatoria conterà, así mesmo, a aprobación da liquidación correspondente cos xuros devindicados dende a finalización do período voluntario de ingreso.

Tratándose de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, a resolución denegatoria aprobará a liquidación que corresponda coas consecuencias ás que se refire o artigo 15 desta ordenanza xunto cos xuros devindicados dende o día seguinte ao da presentación da autoliquidación extemporánea.

□) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá iniciarse ou continuar, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

9. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo. Transcorrido devandito prazo sen que tivera recaído resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar á resolución expresa.

ARTIGO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

*Suprímese o apartado 6 (como consecuencia varía a numeración), modifícase o apartado 10 (que pasa a ser 9) e mantéñense todos os demais , quedando redactado como segue:*

9. Os interesados deberán comunicar expresamente polo medio que consideren máis axeitado, calquera cambio na domiciliación bancaria, producindo efectos na vindeira cota, sempre que se solicite antes do día 20 de cada mes ou inmediato hábil seguinte

#### ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

*Modifícase o apartado 6 e os enunciados dos subapartados 6.1, 6.2, 6.3 e 6.4, o apartado 8 e o primeiro parágrafo do apartado 9 que, quedando redactados como segue:*

6.- En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, e coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade procedimental co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e condicións que haberán de verificarse con carácter previo á proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido, en función dos importes e características da débeda:

6.1. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumplan os seguintes requisitos:

6.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01€ e inferior a 600,00€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumplan os seguintes requisitos:

6.3 Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumplan os seguintes requisitos:

6.4 Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01€. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido cando se cumplan os seguintes requisitos:

8.- Para os efectos de determinar a contía á que se refiren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento.

No entanto, poderase pospor a proposta de declaración de crédito incobrable por debedor fallido dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

9.- Cando a totalidade da débeda pendente de aboamento en período executivo corresponda a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria, formularase a correspondente proposta en función do importe acumulado da totalidade das multas de circulación, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, cando se cumplan os requisitos seguintes:

#### ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA

*Modifícase o apartado 2 que, queda redactado como segue:*

2. A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme o disposto nas ordenanzas fiscais de cada tributo, artigo 61 a 65 da presente Ordenanza, e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Os formularios/modelos/impresos normalizados de declaracións tributarias, autoliquidacións e outros relativos á xestión tributaria serán aprobados mediante resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda.

#### ARTIGO 69.- ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

*Engádese, no apartado 3, un segundo parágrafo que, queda redactado como segue:*

Os formularios/modelos/impresos normalizados de, actas e outros relativos á inspección dos tributos serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

#### ARTIGO 76.- SUXEITOS INFRACTORES.

*Modifícase, no apartado 2 o parágrafo d) e no apartado 4 o parágrafo d) que, quedan redactados como segue:*

2.

d) A entidade representante do grupo fiscal no réxime de consolidación fiscal.

4.

d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas tributarias. Entre outros supostos entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o obrigado tivese actuado amparándose nunha interpretación razoable da norma ou cando o obrigado tributario tivese axustado a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración Tributaria competente nas publicacións e comunicacións escritas ás que se refiren os artigos, 86 e 87 da LXT. Tampouco se esixira esta responsabilidade se o obrigado tributario axusta a súa actuación aos criterios manifestados pola Administración tributaria competente a unha consulta formulada por outro obrigado, sempre que entre as súas circunstancias e as mencionadas na contestación á consulta exista unha igualdade substancial que permita entender aplicables ditos criterios e estes non teñan sido modificados.

Aos efectos do disposto neste apartado 4 nos supostos a que se refire o artigo 206 Bis da LXT, non poderá considerarse, agás proba en contrario, que existe concorrencia nin da dilixencia debida no cumprimento das obrigas tributarias nin da interpretación razoable da norma sinaladas no parágrafo anterior.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Modifícanse os apartados 3, 6 e 7 do artigo 12 da,  
**Ordenanza Nº 2:**

## **Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmobles.**

### **ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

*Modifícanse os apartados 3, 6 e 7, que quedan redactado como segue:*

3. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade financeira, que se formule a oportuna solicitude no impreso normalizado que para o efecto se aprobe.

6. O pago do importe total anual do imposto distribuirase en dous prazos:

a) O primeiro, que terá o carácter de pago a conta, será equivalente ao 50 por cento da cota líquida do recibo do Imposto sobre Bens Inmobles do exercicio en curso, debendo facerse efectivo o 31 de maio, ou inmeditato hábil seguinte, mediante a oportuna domiciliación bancaria.

b) O importe do segundo prazo pasarase ao cobro á conta corrente indicada polo interesado o último día do período voluntario de cobro do imposto, e estará constituído pola diferenza entre a contía do recibo correspondente ao exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo, deducindo, á súa vez, o importe da bonificación regulada no presente artigo.

7. Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto manterase a domiciliación polo que, o derradeiro día do prazo de ingreso en período voluntario pasaráselle un cargo pola totalidade do importe do recibo. Se o recibo fose devolto darase de baixa a domiciliación para os vindeiros exercicios.

Se, téndose feito efectivo o importe do primeiro dos prazos, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo o segundo prazo, ao seu correspondente vencemento iniciárase o período executivo pola cantidade pendente de ingreso e, así mesmo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento, coa conseguinte perda do dereito á bonificación.

A devolución da domiciliación do segundo prazo por causa imputable ao interesado suporá automaticamente a baixa de dita domiciliación para os vindeiros exercicios.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

Modifícanse, o apartado b) do artigo 1, os apartados 1 e 2 do artigo 4 e o apartado a) do artigo 5 da,

### **Ordenanza Nº 11:**

### **Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas relativas ao servizo de taxi na cidade de Vigo.**

#### **ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE**

*Modifícase o apartado b) do artigo 1 que, queda redactado como segue:*

b) Autorización para transmisión de licenzas nos supostos establecidos no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo



#### ARTIGO 4.- COTAS

*Modifícanse os apartados 1 e 2 que, quedan redactados como segue:*

As cotas a satisfacer polos conceptos gravados nesta ordenanza serán as seguintes:

1. Concesión e expedición de licenzas 12.020,24€
2. Autorización de transmisión de licenzas  
3.005,06 €

Se a concesión e expedición de licenzas é a favor de condutores asalariados aplicarase unha redución do 20% da tarifa sinalada no epígrafe 4.1.

No suposto de transmisión mortis-causa a favor dos herdeiros lexítimos ou dunha comunidade de herdeiros (artigo 11 da ordenanza reguladora do servizo), aplicarase unha tarifa igual ao 10% da sinalada no epígrafe 4.2.

Se o Concello autoriza a transmisión a favor de condutores asalariados polos motivos e nos casos sinalados nos apartados b) e c) do artigo 11 da ordenanza reguladora do servizo, aplicarase unha tarifa igual ao 20% da sinalada no epígrafe 4.2.

#### ARTIGO 5.- DEVINDICACIÓN

Modifícase o apartado a) que, queda redactado como segue:

A obriga de contribuír nace no momento de:

- a) Concesión e expedición de licenzas para os vehículos de taxi

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.**

Engádese un apartado 3 no artigo 6 da,

#### **Ordenanza Nº 15:**

#### **Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos.**

#### ARTIGO 6.-

*Engádese un apartado 3 que, queda redactado como segue:*

3. Se no prazo de 30 días naturais desde a retirada do vehículo pola grúa, este non fose retirado do depósito municipal coa presentación da autoliquidación e ingreso da taxa, procederase a realizar a correspondente liquidación administrativa da débeda, notificación desta co correspondente recibo normalizado. De non dispor doutros datos, o suxeito pasivo será o que figure como titular do vehículo, sendo o enderezo aos efectos de notificación o que figure no rexistro administrativo da Dirección Xeral de Tráfico, na Base de Datos de contribuíntes ou ben noutros rexistros do Concello.

A contía da débeda será pola retirada e transporte do vehículo ata o depósito, máis o depósito e custodia ata o día da liquidación, facendo constar que por cada día que transcorra, a débeda aumenta no importe que fixa o artigo 5 da Ordenanza en

concepto de “incremento diario por depósito e custodia”, sen prexuízo das sancións impostas no momento da inmovilización.

Os prazos para o pagamento da liquidación en período voluntario serán os seguintes:

- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior e, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do seguinte mes.

Se o pagamento non se fixera nos prazos previstos nos apartados anteriores, a débeda pasará a período executivo e a súa contía variará tendo en conta as recargas do período executivo:

- Mentres non se notifique a providencia de prema, a contía da débeda é a suma do principal e a recarga executiva do 5%.

- Cando se notifique a providencia de prema, pero aínda non transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, a contía da débeda é a suma do principal máis o 10% da recarga de prema reducida.

- Cando transcorreran os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, a contía da débeda é a suma do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora.

O procedemento de recadación suxeitarase ao previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA.**

Modifícase o apartado 2 e suprímese o apartado 3 do artigo 5 da,

#### **Ordenanza Nº 20:**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia.**

#### **ARTIGO 5.- DEVINDICACIÓN, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO**

*Modifícase o apartado 2 e suprímese o apartado 3 que, queda redactado como segue:*

2. Os solicitantes dos servizos que constitúan o feito imponible desta taxa deberán realizar, no momento da solicitude, autoliquidación e ingreso das taxas correspondentes polos importes mínimos sinalados nas tarifas do artigo anterior. A Administración de Tributos practica a liquidación complementaria se procedese.

#### **3. SUPRÍMESE**

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA.**

Modifícase o apartado 3 do artigo 5 da,

**Ordenanza Nº 21:**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Vigo.**

ARTIGO 5. DEVINDICACIÓN, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO.

*Modifícase o apartado 3 que, queda redactado como segue:*

3. O pagamento das taxas realizarase a mes vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o/a solicitante do servizo no momento da sinatura do contrato, o día 10 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

No suposto de que a domiciliación dunha mensualidade fora devolta por causa imputable ao titular da conta de cargo, iniciarase o procedemento preceptivo, coas consecuencias legais correspondentes, pola mensualidade non pagada.

A devolución dunha mensualidade non suporá a baixa da domiciliación das vindeiras.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA.

Modifícanse os apartados 3 e 4 do artigo 5 da,

**Ordenanza Nº 23:**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de Educación Infantil.**

ARTIGO 5.- DEVINDICACIÓN.

*Modifícanse os apartados 3 e 4 que, quedan redactados como seguen:*

3. No momento de formalizar a matrícula, os suxeitos pasivos contribuíntes deberán ingresar o seu importe e a primeira mensualidade mediante a autoliquidación aprobada para o efecto.

Nese momento deberase acreditar que o suxeito pasivo contribuínte non ten débedas pendentes de pagamento por esta taxa.

4. As cotas correspondentes aos meses posteriores serán efectivas, mediante domiciliación bancaria, o día 10 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

No suposto de que a domiciliación dunha mensualidade fora devolta por causa imputable ao titular da conta de cargo, iniciarase o período executivo, coas consecuencias legais correspondentes, pola mensualidade non pagada.

A devolución dunha mensualidade non suporá a baixa da domiciliación das vindeiras.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA.**

Engádense un segundo paragrafo no apartado 4, epígrafe B) do Artigo 4, e un terceiro parágrafo no apartado 1 do artigo 6 da,

**Ordenanza Nº 30:**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.**

#### ARTIGO 4. COTAS

*Engádese un segundo paragrafo no apartado 4, epígrafe B) que, queda redactado como segue:*

4.

Epígrafe B) Valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

Por m<sup>2</sup> ou fracción, e día ou fracción.

Categorías rúas:

1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
0,90	0,90	0,75	0,75	0,70	0,65

Durante os 30 primeiros días de ocupación, as anteriores tarifas terán unha redución do 50%.

Non se computarán, a efectos de esta taxa as superficies ocupadas por casetas descontaminantes de amianto.

#### ARTIGO 6. NORMAS SOBRE O INGRESO

*Engádese un terceiro parágrafo no apartado 1 que, queda redactado como segue:*

1.

Cando a ocupación de dominio público corresponda a empresas explotadoras de servizos de subministracións a que se refire o apartado 5 do artigo 4 da presente ordenanzas así como empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil e outras telecomunicacións a que se refire a Ordenanza 35 do Concello, finalizada a obra correspondente a cada licenza, deberán formular, a efectos censuais, declaración de ocupación de dominio público segundo formulario dispoñible en <https://sede.vigo.org/ocupacion> identificado como “paso 3 de 3 declaración de ocupación de dominio”

O incumprimento da obriga sinalada no paragrafo precedente constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 198.1 da LXT.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA.**

Modifícase o paragrafo primeiro do artigo 4 da,

#### **Ordenanza nº 32**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.**

#### ARTIGO 3. EXENCIONS E BONIFICACIONES

*Queda redactado como segue:*

No caso de ocupacións para “venta de produtos autóctonos de tempada como castañas”, aplicarase a tarifa correspondente do artigo 4 bonificada ou reducida nun 50%.

Por resolución conxunta dos señores concelleiros de Comercio e Facenda, poderán ser incluídos outros produtos autóctonos de tempada.

No caso das “festas tradicionais” e outras campañas de interese público aplicarase bonificación do 100% na tarifa no caso de que a administración municipal aprecie concorrencia de tradición e/ou interese público municipal.

#### ARTIGO 4. COTAS

*Introducir un parágrafo do seguinte tenor literal:*

No caso de ocupacións de dominio público local con “mercadillos de periodicidade semanal” e de “tempada”, aplicarase unha tarifa única de 1€/m<sup>2</sup>/día

#### DISPOSICIÓN FINAL:

As presentes modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal Marea de Vigo achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal Xeral, realiza a seguinte proposta, Emenda nº 1: “... consideramos insuficiente un máximo de 24 meses para os criterios excepcionais que regulan o punto 3.2...” así mesmo propón “un tratamento impositivo favorable para as unidades familiares monoparentais...” Emenda nº 2: Proposta dun novo artigo na Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis que grave as vivendas baleiras desocupadas e especialmente as de propiedade de entidades de crédito cun incremento no IBI do 50%. Emenda nº 3: Non aplicar a exención do IBI aos bens inmóveis propiedade da igrexa e non destinados ao culto. Emenda nº 4: IBI. Sistema de bonificación do 50% da cota para as vivendas (excepto das de nova construción) que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar para autoconsumo... sempre e cando as instalacións non respondan a obrigas derivadas da normativa vixente. Emenda nº 5: IBI. Penalización aos propietarios de solares urbanos consolidados que non cumpran co deber de edificar e, rebaixar o límite do valor catastral para poderen ser gravados, até co dobre da cota do IBI. Emenda nº 6: IBI. Penalización aos propietarios que non conserven os seus inmóveis e provoquen a posterior declaración de ruína.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal do Partido Popular achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal Xeral realiza a seguinte proposta, Emenda nº 1: ...!”aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades...” Emenda nº 2: IBI. 95% de bonificación a favor de inmóveis de organismos públicos de investigación de os de ensinanza universitaria, e en

particular á Universidade de Vigo. Emenda nº 3. IBI. 95% de bonificación para os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais8s..... Emenda nº 4. IBI. 90% de bonificación ós inmobles de características especiais. Emenda nº 5. 50% de bonificación nos bens inmobles que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico... Emenda nº 6: IVTM. 95% de bonificación da cota íntegra dos suxeitos pasivos cando o feito imponible consista na transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio dos terreos sobre os que se desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal... Emenda nº 7. IAE. Bonificación do 50% durante os cinco primeiros exercicios seguintes o de inicio da actividade. Emenda nº 8. IAE. Bonificación do 50% na cota do impostos para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, o porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores... Emenda nº 9. IAE. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e utilicen ou produzan enerxía a través de sistemas renovables.... Emenda nº 10. IAE. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade negativos ou inferiores á cantidade que determine a Ordenanza Fiscal. Emenda nº 11. IAE. Bonificación do 95% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade... Emenda nº 12: (Ordenanza Fiscal nº 30. Disposición Adicional VII). Bonificación do 90% nos primeiros 120 días de ocupación, no caso de que os elementos que ocupen dominio público sexa con balados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

En data de 26.09.2016 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

SR. ALCALDE: Trasládanme que na Xunta de Voceiros propúxose que do punto 3 ao 10 que falan das Ordenanzas Fiscais, se debatan de forma conxunta e que as propostas son dez minutos por grupo no turno inicial.

SR. ANEIROS PEREIRA: Bo dia de novo, nesta ocasión para falar das ordenanzas

municipais, dos ingresos para o ano 2017, estas modificacións que se presentan nas ordenanzas municipais son fundamentalmente de carácter técnico, técnico-xurídico, nun caso de carácter económico, nos poucos casos de carácter económico, márcanse dentro dunha política municipal de manter a presión fiscal na cidade de Vigo, hai que lembrar que Vigo é a cidade de Galicia cunha presión fiscal máis baixa, son 492 euros por habitante, máis baixa da media do estado e máis baixa das restantes cidades de Galicia e polo tanto nesa liña de manter este nivel de presión fiscal baixa para os cidadáns de Vigo, para a cidadanía de Vigo, márcanse esas reformas das ordenanzas, tamén noutra liña fundamental que temos no goberno local é o mantemento dos gastos fiscais, é dicir, manter todos aqueles beneficios e bonificacións fiscais nas ordenanzas que redundan en beneficio das cidadáns e cidadás de Vigo, hai que lembrar que soamente no imposto sobre Bens Inmóveis o importe dos beneficios fiscais é de 4,1 millóns de euros, na Taxa do Lixo tamén un importante recurso de 300.000 euros de bonificacións fiscais, tendo en conta que tamén o Concello asume o pago do Canon a Sogama, que supón algo así como 50 euros por habitante en cada recibo e as bonificacións continúan no imposto sobre Vehículos con máis de 1,5 millóns e euros en bonificacións, polo tanto bonificacións de carácter importante que acompañan a esa política de presión fiscal moderada ou presión fiscal adecuada ás capacidades da cidadanía, polo tanto nesa liña continuamos. Cales son as modificacións ou cales son as liñas para o próximo ano? Hai que dicir que nos impostos se parte da conxelación dos tipos impositivos, non se modifican os tipos impositivos para o ano 2017, nin o IBI verá subido o tipo de gravame nin tampouco o imposto sobre actividades económicas, nin o imposto sobre construcións, nin o imposto sobre plusvalía, tampouco o imposto sobre vehículos, o coñecido como rodaxe, neste caso, no imposto sobre vehículos hai que dicir que a medida é a contraria, é unha baixa neste imposto principalmente para dous colectivos, en primeiro lugar, para as motocicletas, saben vostedes que nunha política de cidade sostible e mobilidade áxil na cidade, as motocicletas son un importante elemento, polo que desconxestionan o tráfico e contaminan menos o medio ambiente e polo tanto, nesa política de favorecer o medio ambiente, establécese unha redución dun 10% no tipo impositivo do imposto sobre vehículos, polo tanto unha baixada considerable para o parque de motocicletas que temos na cidade.

Por outra banda, segunda medida neste imposto, consiste tamén nunha baixada de impostos para os vehículos chamados clásicos, é dicir, aqueles vehículos que teñen

máis de 25 anos de antigüidade, polo tanto matriculados no ano 1986 ou con anterioridade, que se atopan en bo estado de conservación e que cumpren coas revisións periódicas obrigatorias, sempre que circulen non máis de 5.000 km. ao ano, polo tanto un importante volume do parque automobilístico, neste caso da cidade que se verá beneficiado, chamados vehículos clásicos, polo tanto dúas medidas de redución de impostos que acompañan a esa conxelación das tarifas nos principais impostos municipais, que hai que dicilo tamén, o principal grupo de ingresos por parte deste Concello.

Polo que se refire ás taxas, nas taxas hai que dicir que se modifican algunhas por razóns técnicas é o caso das taxas urbanísticas, acompañando ao réxime xeral para as declaracións responsables previas, polo tanto un axuste derivado da normativa legal, tamén se establece como feito impositivo que a vixilancia das obras que derivan dun expediente de declaración de ilegalidade dunha obra, tamén van estar suxeitas a esa taxa urbanística e noutras taxas como a de ocupación da vía pública, hai que dicir que tamén se rebaixan, adóptanse medidas que favorecen a actividade económica, como son as taxas que gravan os andamios, que fan obras de reparación nas fachadas dos edificios, que experimentan unha notable baixada para favorecer precisamente esa actividade de rehabilitación, establecer menores custos ó inicio sobre todo, desa instalación de andamiaxe e as taxas para actividades ocasionais ou de temporada, como son os mercadillos ou determinadas actividades de carácter conxuntural, no verán ou no inverno como poden ser os postos de xelados ou os mercadillos que pasan a ter unha taxa das máis baixas. Hai que dicir que o único incremento que se experimenta nas taxas é na taxa da auga que experimenta un pequeno axuste derivado da aplicación do contrato actualmente vixente, do ano 1990, e a taxa sobe un 2,1% pero suporá para a cidadanía viguesa 30 céntimos ao mes, polo tanto unha suba leve desta taxa da auga.

No que se refire aos prezos públicos, estes reordenáanse tendo en conta nalgúns casos que había que proceder a unha adaptación, posto que no caso do servizo de deportes seguíase falando do Instituto Municipal de Deportes e como saben este organismo autónomo disolveuse, con efectos do 1 de xaneiro de 2016, e había que retocar o propio nome desta ordenanza, ademais se acompañan tamén medidas que benefician



á cidadanía, posto que se permite disfrutar dunha redución no importe dos prezos públicos por servizos deportivos no caso dos bonos que beneficiará sen dúbida a todas aquelas persoas que acoden aos pavillóns de deportes ou aos servizos de deportes e tamén aos equipos de fútbol.

No caso das ensinanzas artísticas, deixan de denominarse especiais para chamarse ensinanzas artísticas e pasan a ter un tratamento similar nos distintos ámbitos, posto que pasan todas a ter un prezo de matrícula e unha mensualidade para evitar diferenzas de trato entre as distintas ordenanzas.

Por último, modifícase tamén a Ordenanza Fiscal Xeral, froito tamén de que se modificou no ámbito do estado a Lei xeral tributaria, no 2015, iso implica tamén adaptar esta Ordenanza Fiscal Xeral a esa nova regulación, esa modificación de regulación que se fixo no estado e polo tanto esas son unha boa parte das modificacións nesta Ordenanza Fiscal Xeral.

Hai que dicir tamén que se modifica, clarifícase, se perfecciona de tódolos xeitos dúas medidas moi importantes para a cidadanía, unha é a posibilidade de pago bonificado no IBI, posto que se elimina un requisito que dificultaba a aplicación desta medida, o requisito era que so podían optar a esta medida os empadroados en Vigo, liberando este requisito, calquera persoa que teña un inmovible en Vigo poda acollerse a este sistema de pago bonificado no IBI importante, polo tanto para todos aqueles que teñen unha vivenda nesta cidade, viven nela ou viven fora por razóns de traballo ou por razóns doutro tipo e polo tanto poidan acollerse a esta medida de domiciliación do IBI e pagar de xeito bonificado este imposto. A segunda medida que tamén favorece á cidadanía é o plantexamento dos aprazamentos e fraccionamentos das débedas, nunha situación de crise económica ou de incipiente saída da crise económica, tamén conviña favorecer esta medida de aprazamentos e fraccionamentos que permite ter un aprazamento entre tres, seis, doce ou incluso 24 meses neste Concello, para aquelas persoas que así o soliciten e acrediten por ter esas dificultades económicas que dificulten o pago puntual dos impostos, acompañanse medidas para clarificar esta situación e tamén para favorecer esta situación de aprazamentos e fraccionamentos, entre outras cousas, liberando da necesidade de aportar unha garantía, un aval para

aquelas débedas que non teñan un importe superior a 9.000 euros, polo tanto practicamente a maior parte das débedas que solicitan un aprazamento ou fraccionamento neste Concello non terán que aportar unha garantía, co cal se reduce tamén o custe financeiro para aquelas persoas que solicitan estas cuestións, polo tanto son medidas que tratan de favorecer esta medida de aprazar ou fraccionar, para aquelas persoas que oportunamente veñen cando reciben algún recibo dalgún imposto ou dalgunha taxa municipal e nese momento non teñen liquidez suficiente para facer fronte o pagamento desa débeda, polo tanto solicitando este aprazamento e fraccionamento poderase aprazar esa débeda ata 24 mensualidades neste Concello, igual sucederá tamén nesa medida que trata de favorecer o cumprimento da bonificación do IBI, a través desa domiciliación.

Estas son as modificacións que se presentan nestas ordenanzas fiscais que foron sometidas á Comisión de Facenda e que marcan dalgún xeito o ano 2017, polo tanto colaboración cos contribuíntes, asistencia aos contribuíntes e presión fiscal moderada dentro do Concello de Vigo e medidas para facilitar ao cumprimento das obrigas tributarias e por suposto control tributario para todos aqueles que non cumpren. Moitas grazas.

SR. PÉREZ CORREA: Bueno nos non cremos que as modificacións das ordenanzas sexan criterios exclusivamente técnicos, Marea o ano pasado e hoxe mesmo volvemos a reiterar que as ordenanzas fiscais e os prezos públicos son un mecanismo político que temos os concellos, pequeno, maior ou mais constrinxido pola lexislación pero é un instrumento que os concellos utilizan moitas veces para palpar a realidade socio-económico dunha cidade e con esas ordenanzas modificar determinados agravios económicos que viven os vigueses e as viguesas, ese debería ser o obxectivo das ordenanzas fiscais e dos prezos públicos e non debería ser adaptarnos exclusivamente ás cuestións que veñen da lexislación, por que o digo? Bueno porque aquí hai cuestións para nos, incluso no propio informe que acompaña ás propostas de emendas, dio, hai cuestións que son de oportunidade, entendo que esa cuestión de oportunidade, non é unha cuestión técnica senón é unha cuestión dunha decisión política que temos que tomar sobre determinadas ordenanzas e sobre determinadas ordenanzas que non están e que nos pensamos que deberían estar precisamente polo que viviu no último

ano esta cidade, nos pensamos que é unha falacia absoluta o uso que fai este goberno da cuestión da conxelación, e imos ter exemplos bastante palpables do que é esa falacia, porque se o final a conxelación en determinados anos se fai pola lectura da cercanía ou de estar lonxe un proceso electoral e imos gardando as subas para logo facelas de xeito global, pois non estamos ante unha conxelación, estamos ante un aprazamento de determinada suba e o digo porque o ano pasado vivimos unha subida aplicada neste exercicio 2016, que calculaba o IPC entre o ano 2012 e o ano 2015, e facía unha media dos IPCs precisamente dos anos nos que houbo conxelación, e se subía, curiosamente, despois das eleccións municipais, algo bastante curioso e o digo porque hai unha suba da auga que entre outras cousas se produce porque no ano 2010 non se subiu ou non se actualizaron os prezos porque ao mellor entendíase que había eleccións municipais ao ano seguinte e non interesaba no ano 2010 facer unha suba de determinados prezos que a concesionaria poñía enriba da mesa, polo tanto nos esa cuestión da conxelación e con memoria histórica ademais, houbo unha gran suba do IBI nesta cidade, aprobada noutro momento político desta cidade, que se sumou a unha suba que fixo o Estado, do 10% do IBI con aquela medida que lle permitía quitar case pola chistera do Partido Popular que lle permitía subir o IBI aos concellos para ter maior financiamento, o 10% dependendo do ano da revisión catastral do IBI e no Concello de Vigo podía subirse un 10% e este goberno municipal sumoulle un tres e pico %, co cal tivemos unha subida dun 13%, porque naquel momento o goberno municipal entendeu que había que subir tódolos atrasos de subas non realizadas, polo tanto a nos iso da conxelación o collemos sempre con pinzas e o propio informe, no caso das taxas da auga pono claramente que ten que subir un 11% a auga e o saneamento nesta cidade e o que imos facer é ir aprazando esa suba porque non hai ningún tipo de control, para nos, sobre a concesionaria cada vez que vai volteando custes sobre o prezo da auga e nos imos asumindo non sabemos moi ben por que, o goberno local non se planta ante unha concesionaria e fai unha auditoría sobre determinadas subas de prezo, pero volvendo á xeneralidade das cuestións recollidas nas ordenanzas, teríamos capacidade nos como Concello para facer determinadas políticas a través das ordenanzas que evitaran determinadas cuestións das políticas do Partido Popular na Xunta de Goberno central, nos dicimos que rotundamente si.

Fixemos algunhas propostas en concreto, nos imos a presentar entre outras cousas,

ampliar determinadas bonificacións que non é certo que estean presentes en tódalas ordenanzas fiscais, a cuestión das familias monoparentais, figuran efectivamente nalgunhas taxas, nalgúns prezos públicos pero non figuran nas principais ordenanzas como poden ser, a do IBI ou a da auga, hai un informe de Caritas recente desta cidade, que fala case dun 27% de pobreza, xa case endémica, cronificada, nas familias monoparentais, seguimos tendo ordenanzas anticuadas que so fan bonificacións ás familias numerosas e creo que hai oportunidade tamén de facelo a este tipo de familia que xa é bastante significativo na socioloxía da nosa cidade.

En segundo lugar, nos pensamos, é certo que avanza nos aprazamentos tamén da débeda, antes se nos dicía que non se podía aprazar a débeda, que o único que se podía aprazar era o pago das taxas e dos prezos públicos, agora hai aprazamentos da débeda e amplíanse a determinados meses, nos pensamos que mentres unha persoa acredite non ter ingresos ese aprazamento ten que ser “sine die” e dísenos canto é “sine die” pois dicimos que esa persoa tódolos anos presentará un certificado de non ter ingresos e no momento que eses ingresos se produzan, ese aprazamento obviamente xa non tería sentido, pero seguimos pensando que hai que facelo, porque nos palpamos a cidade e hai moita xente que nin sequera no período executivo é capaz con aprazamentos de pagar esas débedas, esas débedas vanse xerando e estamos falando de impostos importantes como o IBI, como o imposto de rodaxe ou como o lixo, nos pensamos que aínda hai posibilidades de facer esas bonificacións, seguimos pensando na cuestión das vivendas baleiras nesta cidade, seguimos pensando que se pode aplicar ese acordo, tanto do Ministerio de Facenda pero aprobado tamén nun parlamento, nun congreso dos deputados, no que fagamos unha bonificación do 50% ás vivendas desocupadas, xa poñemos un primeiro reto, facelo ás vivendas de titularidade da banca e nomeadamente do Sareb, pero tamén dos activos das entidades financeiras que nesta cidade están a barbeito, nos pensamos que xa podemos incrementar un 50% do IBI, permítenolo a lei, en todo caso ese censo de vivendas baleiras, ese criterio non é exclusivamente o goberno central o que o ten que marcar, que xa puxo nesa posibilidade, nesa Lei de Facendas Locais a posibilidade de que sexan criterios que marquemos as administracións locais, como non ter consumos de auga durante dous anos, nin de luz, nos aí poderíamos facer xa un pequeno censo de vivendas de titularidade do Sareb ou das entidades bancarias que automaticamente

fixeramos un incremento do 50% do IBI, precisamente para obrigar a quitas do mercado, xa que entendemos que as maiorías absolutas do Partido Popular e o previsible goberno do Partido Popular que vostedes acaban de consagrar, vaia seguir impedindo a expropiación desas vivendas ás entidades bancarias.

Outra cuestión que nos temos enriba da mesa, as bonificacións que se fan a determinados edificios, logo discutiremos unha moción do Partido Popular, nos preguntamos porque se fai unha exención do IBI ao Hospital Álvaro Cunqueiro, se a Universidade paga medio millón de euros anuais o Álvaro Cunqueiro pagaría seguramente algo mais, pásannos vostedes, que nos agradecemos que nos pasen a titularidade de dúas parcelas, unha parcela titularidade do Sergas que para nos entraría dentro das bonificacións do IBI, pero para outra parcela que é propiedade dunha sociedade anónima, entendemos que aí hai que cobrarlle o IBI e, polo tanto queremos saber se a esa parcela privada se lle vai cobrar o IBI porque non todo o terreo onde está o hospital, supostamente público, polo que vemos no Catastro é público, hai unha parte privada e nos pedimos que se lle cobre correspondentemente o IBI, exactamente igual que pediremos na Universidade, se o edificio Miralles seguira sendo titularidade dunha sociedade anónima como foi hai moitos anos, pois pediríamos que se lle cobrara o IBI á Universidade, se agora xa é titularidade da Universidade pública, pois dende logo a ordenanza tería sentido, pero sobre todo nos preocupa ausencias, é dicimos ausencias sobre problemas que hai na cidade, en primeiro lugar pedimos neste Pleno sobre un debate na cuestión da ordenanza das terrazas, imos simplificar o nome, que habería que modificar esa ordenanza, que se nos temos unha ordenanza que prohíbe as terrazas permanentes e que obriga a recoller tódalas noites as terrazas e que obriga a varrer por parte dos hostaleiros o terreo que ocupan as terrazas, pois que consecuentemente se iso queremos que exista, que son as terrazas permanentes, algunhas xa ancladas ao solo e ás fachadas, pois polo tanto modifiquemos a ordenanza e teñamos uns prezos para unha terraza desmontable e outros para os centos de terrazas permanentes que ocupan a vía pública e que practicamente non pagan nada, tendo a posibilidade de modificar unha ordenanza e clarear cales son eses dous criterios e logo puxemos unha proposta de nova ordenanza, xa sei que seguramente dirán que non entra dentro da discusión destas ordenanzas, pero nos pensamos que hai que poñelas enriba da mesa, dixémolo claramente hai moito tempo que había que

facen unha ordenanza para regular as concesións de subvencións, porque o criterio dos convenios que están empregando vostedes é arbitrariedade pura, porque se lle nega a unhas asociacións os convenios e a outras se lles dá, porque a FAVEC non se lle dá convenio e en cambio a outras polos mesmos criterios si se lle dá, incluso con ausencias de certificados de non estar con débedas nas administracións públicas, os concellos normais deste país teñen unha ordenanza que regula iso, non deixa ao arbitrio do convenio bilateral entre administración local e asociación x ou asociación y, polo tanto nos propoñemos que iso se regule mediante unha ordenanza, que calquera entidade veciñal, deportiva, cultural sepa que hai unhas regras, e que non é arbitrario, nin sequera é arbitraria a cuestión dos importes, non pasa nada por aprobala e que de maneira natural, así como vostedes emendaron despois de moitas denuncias, a cuestión de como eran os convenios do Plan de Emprego, fixeron un concurso público previo que as asociación tiñan que presentar un proxecto, antes non era así, nos pedimos que esa ordenanza se inclúa e que haxa un debate nesta cidade sobre as ordenanzas necesarias, que seguramente haberá moitas que non estamos tendo enriba da mesa, que moitos concellos están facendo, dende unha nova ordenanza de protección animal, unha nova ordenanza que regule outras cuestións en materias de fiscalidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Moitas grazas Sr. Presidente. Simplemente un inciso para facer referencia ao que acaba de comentar o voceiro, antes de referirme ás ordenanzas fiscais, á ordenanza que regule a concesión de subvencións, nos entendemos que este non é o momento de falar desa ordenanza que non está relacionada coa política tributaria, coa política fiscal, pero si que é moi necesaria e ademais á vista de como se alteraron todos vostedes en canto mencionou unha ordenanza que regule a concesión de subvencións e que estableza criterios obxectivos, como se revolveron nas bancadas do Partido Socialista, cremos que máis que nunca fai falla, non soamente porque o propoña o grupo municipal de Marea, senón porque a Lei de subvencións de Galicia obriga a quitar unha normativa que regule e que obxectivice a concesión de subvencións, pero está claro que a este goberno municipal non lle interesa, para nos é algo importante e dende logo falaremos dilo proximamente.

En relación a esta proposta de ordenanzas fiscais que nos trae aquí, Sr. Aneiros, de

verdade eu creo que vostede está pensando que cando falamos de ordenanzas fiscais falamos de tipos, de numerións, na política tributaria é unha forma de política económica, pódese facer política económica a través da política tributaria, e por iso é tan importante para tódalas administracións e tamén para as administracións locais que tamén teñen competencia nesa materia e nos dende logo, e xa o manifestamos nas alegacións que presentamos e que por certo vostedes desestimaron na súa totalidade, como sempre, o non a todo porque si, estamos completamente en desacordo con esta nova proposta que nos traen para o ano 2017, porque entendemos que con esa proposta o que están facendo é penalizar a tódolos vigueses e a tódalas viguesas cunha carga fiscal que dende logo non ten xustificación económica nin ademais é de xustiza e, non ten xustificación económica porque vostedes que lles gusta tanto presumir da situación financeira do Concello, que cada vez que falamos de execución pásase toda a intervención falando de ratios, de números, de porcentaxes, para presumir desa situación financeira, resulta que á hora da verdade esa tan boa situación financeira os vigueses e as viguesas non a ven, nin se lles traslada ningunha recompensa por todo o esforzo que estiveron facendo nos últimos anos, polo tanto, ese goberno que tanto nos presume de ter unhas finanzas saneadas e unhas contas saneadas, resulta que tamén agora novamente, tamén no ano 2017, estase negando a trasladarlle aos veciños esa melloría económica, ese incremento de ingresos das administracións públicas e trasladarlles esa boa situación, porque os impostos sóbense, ás veces hai que subilos a pesares de que a ninguén lle gusta subir os impostos, agás vostedes, porque unha situación económica o require, e esa situación económica moitas administracións públicas teñen que seguir aplicando as súas políticas e teñen que seguir dedicando ás políticas sociais e ás políticas económicas, e en situacións puntuais hai que facelo, xa sei que vostede me vai vir coa coletaña de que “vostede cando era conselleira...” pois si, subíronse puntualmente os impostos, pedíuselle un esforzo aos cidadáns e agora estanse baixando os impostos para devolverlle aos cidadáns o esforzo que fixeron, pero vostedes non, insisten en recadar, insisten na súa política fiscal de recadar, cada vez máis, subir os impostos, en Vigo os vigueses e as viguesas pagan máis imposto de Bens Inmóveis de toda Galicia, o maior imposto de Bens Inmóveis de toda Galicia, lémbrolle Sr. Aneiros, mire vostede o xornal de onte, non llo din os datos desta concelleira, mire vostede un medio de comunicación, que para vostedes tamén terá presunción de veracidade, que analiza que Vigo foi un dos únicos

sete concellos en Galicia que o ano pasado subiu o IBI, tódolos baixaron menos sete e Vigo un deles que por riba o soben, estamos a nivel de Xunqueira de Espadañedo, Sr. Aneiros, as grandes cidades de Galicia baixárono, en Vigo subiuse o IBI a tódolos vigueses e a tódalas viguesas, e voulle dar un dato para que teña moi en conta cando fan eses numeríños que a vostede tanto lles gusta, un cidadán, un vigués que teña unha vivenda cun valor catastral de 40.000 euros, que non parece que sexa un valor excesivo, paga 352 euros de IBI nesta cidade, se vivira en A Coruña por ese mesmo valor catastral pagaría 240 euro, é dicir, 112 euros máis que pagan os vigueses en relación a un cidadán de A Coruña, están vostedes discriminando a estes cidadáns, discriminando aos vigueses e ás viguesas e sangrándolles literalmente a impostos, e seguen sangrándoos a impostos, por certo agora que imos e que todos falamos en materia metropolitana, de Área Metropolitana, lembrarlle tamén que en Vigo pagamos os impostos mais altos de toda a Área Metropolitana, tódolos impostos son máis altos que o resto dos nosos veciños da Área Metropolitana, quizais por iso hai moitos vigueses que trasladan a súa residencia a outros concellos da Área Metropolitana porque vostedes están sangrándolles a impostos, como nos sangran a todos e esta vez fálannos de conxelación, ficticia, falaz, baixa o IPC e vostedes conxelan os impostos, esa é unha subida encuberta de impostos, por non dicir e falar, que xa falaremos despois nunha moción, da subida do 2,1% da auga, sinceramente impresentable, impresentable que despois de cobrarlle aos vigueses polo que non consumen aínda por riba lles queira subir o recibo da auga, sabendo ademais que os que pagan impostos e os que pagan polo que non consumen son as persoas que menos recursos teñen nesta cidade, sinceramente é para que llo fagan vostedes mirar, e as taxas e os prezos públicos, que teñen vostedes en contra da Escola municipal de música, danza e teatro, multiplicaron por sete o prezo público que van pagar tódolos cidadáns que utilicen esas escolas, pero sinceramente que pasa que queren que peche, queren botar, queren pechar esas escolas, sinceramente tamén nos parece lamentable, dende o Partido Popular cremos que outra política tributaria é posible, si é posible facela dende o Concello de Vigo, e é posible articular medidas que favorezan realmente aos vigueses e ás viguesas e é posible non sangrarlles a impostos para despois deixar 22 millóns de euros sen executar do orzamento e é posible non sangrarlles a impostos para despois ter que pagar os sobre custos da súa falla de xestión, da súa incapacidade de xestión, porque si a través deses impostos os vigueses están pagando o sobre custo das obras



de Balaídos, a través deses impostos os vigueses están pagando o sobre custo do contrato de Parques e Xardíns, dese desastre de contrato que vai quedar como exemplo de exactamente o contrario do que se debe facer e como entendemos que outra política tributaria é posible e como entendemos que se pode baixar os gastos correntes e que se pode aforrar, propoñemos unha baixada do 3% de tódolos impostos, taxas e prezos públicos da cidade, cremos que é posible que os vigueses paguen menos impostos, o 3%, non sexa vostede tan avaro, non queira todo para si, que parece vostede que soamente esa voracidade recadatoria que ten dende que se sentou nesa responsabilidade parece que non lle deixa ver outra cousa, pois si, pódese baixar e nos propoñemos esa baixada do 3%, pero tamén cremos que se pode ser ambicioso en materia de política fiscal dende o Concello coas competencias que ten e que dende un concello como o dunha cidade tan importante como é Vigo, pódese facer tamén unha política fiscal que favoreza ás familias e ás empresas, xa sei que vostedes presumen moito de bonificacións fiscais pero son absolutamente insuficientes para a situación da cidade, nós cremos que hai que promover a actividade económica na cidade porque estamos nunha cidade na que a actividade económica é fundamental, cremos que hai que potenciar dende tódalas administracións, tamén dende a local, que abran empresas novas na nosa cidade e por iso propuxemos unha bonificación do 50% no IAE durante os cinco primeiros anos de tódalas novas empresas, cremos que tamén se pode loitar para combater a lacra do desemprego na nosa cidade e por iso propuxemos unha bonificación do 95% do IBI, do imposto de plusvalía e do IAE a tódalas empresas que xeren postos de traballo e que xeren emprego, tamén unha bonificación do imposto de actividades económicas a aquelas empresas que fagan contratos indefinidos, en definitiva, utilizar a marxe que vostedes teñen para fomentar a actividade, para facer que nesta cidade haxa novos negocios e para que esta cidade se desenvolva, xa sabemos que o escenario que temos nos próximos anos é o dun Plan Xeral paralizado no que vai ser moi difícil que se xere nova actividade e novas inversións, tamén falaremos dilo máis tarde, pero polo menos a través da política fiscal pedímoslle que cambien o rumbo, pedímoslle tamén que teñan un xesto cara as familias, que apliquen bonificacións fiscais maiores ás familias monoparentais, ás familias numerosas que hai na cidade, porque temos un problema de demografía, están saíndo datos constantemente do problema de demografía e de poboación e que tamén ten Vigo e que hai que potenciar e axudar a aquel que queira ter un fillo e por

iso hai que facelo tamén a través da bonificacións fiscais. En definitiva outra política tributaria é posible, máis xusta e máis equitativa, o contrario do que están vostedes facendo.

SR. ANEIROS PEREIRA: Mire os datos son incontestables, sobre todo cando son datos oficiais que os concellos comunican ao Ministerio de Facenda, dato oficial comunicado polo Concello de A Coruña, presión fiscal 550 euros, Santiago de Compostela 585, Pontevedra 558, Sanxenxo 800 euros, dato oficial do Concello de Vigo 492 euros, polo tanto a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia, datos oficiais que non admiten ningunha contestación, son datos obxectivos, claros, así que non me fale vostede de elucubracións dunha vivenda en Vigo, dunha vivenda en A Coruña, as vivendas de Vigo teñen entre outras cousas, un valor catastral máis baixo que as vivendas de A Coruña, non se fixe soamente nos tipos impositivos, fíxese nos valores catastrais, son valores máis baixos que no resto das cidades de Galicia, por iso temos unha presión fiscal máis baixa, o que pasa é que se vostedes fan unha lectura torticera está claro a lectura deixa de ser obxectiva e pasa a ser torticeira.

En canto ás políticas fiscais que podemos desenvolver está claro que a todos nos gustaría poder desenvolver máis e mellores políticas fiscais pero as temos que facer no marco das competencias que temos, no marco das competencias que temos que non son absolutas, sempre están limitadas pola lei e agora direi algunhas cousas, para acabar con equívocos, falaban os dous grupos dunha ordenanza de subvencións, as subvencións están clarísimas, claras, claras, o que pasa é que vostedes non se enteran ou non se queren enterar, a regulación do tratamento das subvencións e a concesión das subvencións e da xustificación das subvencións está en algo así, haber se lle soa, como as Bases de Execución do Orzamento, lles soa, leron algunha vez as Bases de Execución do Orzamento, vaian á Base 38, aí está esa ordenanza de subvencións, aí dise cales son os requisitos que hai que ter, que hai que aportar, que condicións hai que ter, e por certo, dise claramente, claro, clarito, que para ter unha subvención hai que estar ao corrente no pagamento das débedas coa Seguridade Social e coa Facenda, polo tanto, quen non estea ao día no pagamento á Seguridade Social e a Facenda, tanto a estatal como autonómica como, por suposto, a municipal, non pode ter unha subvención, onde están vostedes, a Base 38 o prohíbe, igual que o prohíbe a

Lei de subvencións e non baixe vostede a cabeza Sra. Muñoz, porque estase dando conta de que a acabo de pillar nun renuncio, a regulación das subvencións está clara, clara, polo tanto ningunha dúbida sobre a concesión de subvencións, claras, legais, transparentes e publicadas na páxina web do Concello, transparencia total, 120% de transparencia nas subvencións, nin un ápice de dúbida, legalidade.

Polo que respecta ás políticas fiscais, tamén para clarear outro posible equívoco, a mostra de que temos un hospital privado en Vigo, chamado Álvaro Cunqueiro e que vai ter que pagar o IBI porque non é titularidade do Sergas, é un hospital privado, así está na ficha catastral, así está rexistrado publicamente, polo tanto é un hospital que terá que pagar a débeda correspondente do IBI, mostra de que é un hospital privado.

Outra política fiscal nos gustaría no caso das vivendas baleiras, vivendas desocupadas, pero para gravar as vivendas desocupadas, entre outras cousas, hai que cumprir coa legalidade e é preciso un regulamento de desenvolvemento da Lei, regulamento que non temos nin a nivel autonómico nin a nivel estatal, polo tanto non se pode gravar ás vivendas baleiras, o mesmo sucede coas familias monoparentais, posto que a lei tamén limita esa medida.

Pero quero referirme neste último minuto que me queda, á proposta indecente, indocumentada, imprudente de emendas que presenta o Partido Popular, piden unha rebaixa xeneralizada do 3%, pero vostedes paráronse a cuantificar o que supón iso, vostedes saben que iso supón algo así como máis de 5 millóns de euros, si, que queren recortar, porque se non hai ingresos queren recortar, esa é a trampa do Partido Popular, menos ingresos para recortar e que recortamos, que queren recortar, dígnanos que queren recortar, porque a baixada do 3% de impostos, máis de 5 millóns de euros supón baixada de impostos, así que non nos metan na falacia de ter que recortar para despois xustificar ante a cidadanía e os vigueses, isto non é un cortizo privado nin é unha comunidade de propietarios Sra. Muñoz, isto é unha administración pública que ten que facer política de ingresos e políticas de gasto.

SR. ALCALDE: Procedidos ao debate dos puntos 3 ao 10 de xeito conxunto, segundo o Regulamento temos que ditaminar de xeito individual, entón imos proceder ás

votacións, primeiro das emendas.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

#### VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO:

**Emenda 1ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 2ª:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 3ª:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 4ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 5ª:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 6ª:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitada dita emenda.

#### VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR:

**Emenda 1ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 2ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 3ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez,

Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 4ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 5ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 6ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 7ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 8ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas

Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 9ª:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 10ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 11ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**Emenda 12ª:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezaioito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira,

Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

CARTO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**4(154).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (3). EXPTE. 2309/500. (REXISTRO PLENO 1423/1101)**

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica”, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir a tributación das motocicletas nun 10%. Proponse, tamén, assimilar no tratamento fiscal, os denominados vehículos “clásicos” aos catalogados como “históricos”. Así, bonifícanse no 100% da cota do



imposto os vehículos das clases “turismo” e “motocicletas “ que, non posuíndo a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade do ano 1986 ou anterior, estean en bo estado de conservación e teñan circulado como máximo, no último ano, 5000 km. Os restantes vehículos da clase “turismo” e “motocicleta” de, antigüidade 25 anos ou máis gozaran dunha bonificación do 50% da cota do imposto.

A previsión presupostaria para o exercicio 2017 por este imposto reduciranse en 400.000€, en parte debido as reducións propostas no presente expediente e, noutra medida, para corrixir a sobreestimación nas previsións realizadas para o presente exercicio 2016.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

## **ACORDO:**

Aprobar provisionalmente a seguinte:

### **“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3).**

#### **ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

*Engádesse no punto 2. un novo apartado 2.3 que, queda redactado como segue:*

2.3 Os vehículos das clases “turismo” e “motocicleta” que, aínda que non posúan a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade anterior ou igual ao ano 1986, estean en bo estado de conservación e circulen como máximo 5000 km no período dun ano.

Para o disfrute desta bonificación deberá solicitarse expresamente aportando constancia dos Km. percorridos entre as dúas últimas Inspeccións Técnicas de Vehículos (ITV), fotografía do vehículo, e acreditación da data de fabricación ou de primeira matriculación.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de

fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

*Modifícase no punto 5, o apartado 5.1 e o último paragrafo do mesmo apartado que, queda redactado como segue:*

5. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 de cota do imposto:

5.1 Os vehículos da clase “turismo” e “motocicleta” con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

*Último paragrafo*

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

#### **ARTIGO 6.- COTA.**

*Modifícase no punto 1, o apartado F que, queda redactado como segue:*

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	10,95 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	24,55 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	49,05 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	98,15 €

#### **ARTIGO 8.- XESTIÓN.**

*Modifícase o punto 3 que, queda redactado como segue:*

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Este formulario está dispoñible na <https://sede.vigo.org>, e deberá ser cumprimentado e realizado o ingreso, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

#### **DISPOSICIÓN FINAL 2ª**

*Queda redactada como segue:*

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal do Partido Popular achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, realiza a seguinte proposta: "... os vehículos con antigüidade superior aos 26 anos gozarán dunha bonificación do 100% da cota..."

En data de 26.09.2016 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR:** Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as emendas presentadas

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

CARTO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**5(155).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS E MUSICA E ARTES ESCÉNICAS. (40). EXPTE. 2310/500 (REXISTRO PLENO 1427/1101)**

**ANTECEDENTES:**

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

"Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais que pasará a denominarse "Ordenanza reguladora do Prezo Público das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas", que figura no presente expediente.

Ademais do cambio na denominación da Ordenanza, eliminando a especialidade no nome dunhas ensinanzas que contribúen ao desenvolvemento persoal e cultural da cidadanía, realízase un reaxuste nos prezos públicos da Escola Municipal de Danza con tarifas para matrícula e mensualidades de forma que siga o mesmo esquema da Música e o Teatro. O importe das tarifas para Escola Municipal de Danza para o ano 2017, será o que se fixa na a disposición transitoria e para o exercicio 2018 o recollido no artigo 3, como se reflicte a continuación:

<b>2017</b>	<b>2018</b>
<b>a) Escola Municipal de Danza (EMD).</b> - Alumnos de 4 a 7 anos	a) Escola Municipal de Danza (EMD). - Alumnos de 4 a 7 anos

- Matrícula	35 €	- Matrícula	40 €
- 9 mensualidades de	7 €	- 9 mensualidades de	15 €
- Danza		- Danza	
- Matrícula	35 €	- Matrícula	40 €
- 9 mensualidades de	7 €	- 9 mensualidades de	20 €
- Percusión		- Percusión	
- Matrícula	25 €	- Matrícula	40 €
- 9 mensualidades de	7 €	- 9 mensualidades de	20 €
- For-Agrup		- For-Agrup	
- Matrícula	25 €	- Matrícula	25 €
- 9 mensualidades de	7 €	- 9 mensualidades de	10 €

Fíxanse, no caso da Escola municipal de Música Folk e tradicional (E-TRAD), as tarifas referidas a matrícula e mensualidades. Nos cursos monográficos, redúcese a contía vixente ao redor do 50%.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo os informes económicos que obran no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios das escolas municipais de música e artes escénicas acadaría entorno ao 25%, sen prexuízo do que supoñerán as exencións por motivos de escasa capacidade económica que figuran no artigo 3.2 da ordenanza

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS” (40).

ARTIGO 3.- CONTÍA

*Modifícanse o punto 1 apartado a), engádesse un apartado d) e modifícase o último*

paragrafo deste punto 1 e modifícase o apartado 2. que quedan redactados como segue:

1. As tarifas destes prezos públicos serán as seguintes:

a) Escola Municipal de Danza (EMD).

- Alumnos de 4 a 7 anos  
- Matrícula 40 €  
- 9 mensualidades de 15 €

- Danza  
- Matrícula 40 €  
- 9 mensualidades de 20 €

- Percusión  
- Matrícula 40 €  
- 9 mensualidades de 20 €

- For-Agrup  
- Matrícula 25 €  
- 9 mensualidades de 10 €

d) Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD).

Básico, Medio e Avanzado.

- Matrícula 40 €  
- 9 mensualidades de 20 €

For-Agrup  
- Matrícula 25 €  
- 9 mensualidades de 10 €

Cursos monográficos  
20 horas ou fracción. 25 €  
40 horas 45 €  
60 horas 65 €  
80 horas ou mais 85 €

2. Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.977 € e 6.223 para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

a) O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao da solicitude.

b) O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos

brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dunha persoa con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

c) No caso de que algún membro da unidade familiar sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

d) No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

e) No caso de persoas con cargas familiares que levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase ao seu ingreso bruto un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e :

- Autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

- Aportar Título de familia numerosa vixente na data na que deba surtir efectos a exención.

- Certificado de discapacidade se é o caso.

#### ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO

*Modifícase o apartado 2 que queda redactado como segue:*

2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse, mediante a autoliquidación aprobada para o efecto, ao realizar a matrícula ou inscrición.

O período impositivo será mensual e as correspondentes cotas faranse efectivas mediante domiciliación bancaria o día 10 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

No suposto de que a domiciliación dunha mensualidade fora devolta por causa imputable ao titular da conta de cargo, iniciarase o período executivo, coas consecuencias legais correspondentes, pola mensualidade non pagada.

A devolución dunha mensualidade non suporá a baixa da domiciliación das vindeiras.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o exercicio 2017, o importe das tarifas da Escola Municipal de Danza (EMD) será o seguinte:

a) Escola Municipal de Danza (EMD).	
- Alumnos de 4 a 7 anos	
- Matrícula	35 €
- 9 mensualidades de	7 €
- Danza	
- Matrícula	35 €
- 9 mensualidades de	7 €
- Percusión	
- Matrícula	25 €
- 9 mensualidades de	7 €
- For-Agrup	
- Matrícula	25 €
- 9 mensualidades de	7 €

#### DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor e comezara a aplicarse o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal Marea de Vigo achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal Reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas, realiza a seguinte proposta; "...mantemento dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas durante o ano 2017 e aumentar a subvención municipal de 10.000 euros a 483.092,86 ate os 388.612,86..."

- En data 23.09.2016 o grupo municipal do Partido Popular achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal Reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas, realiza a seguinte proposta; "Esiximos o mantemento dos importes actuais na ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas..."

En data de 26.09.2016 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite



ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN DA EMENDA DE MAREA DE VIGO:** Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, queda rexeitada dita emenda.

**VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as emendas presentadas

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Prezo Público das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas, l segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

**TERCEIRO:** Someter a información pública e audiencia dos interesados o

expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

CARTO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**6(156).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE VERBUM-CASA DAS PALABRAS". (43). EXPTE. 2311/500 (REXISTRO PLENO 1429/1101)**

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 1.09.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en establecer unha bonificación do 100% nas tarifas reguladas nos apartados 1. e 2. do artigo 3 da ordenanza.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos deba cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios deste servizo ascendería a 5000 €, en tanto que o custe estimado sería de 383.351 € .

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” (43).

ARTIGO 3.- CONTÍA.

*Engádesse un paragrafo final no apartado 2 do seguinte tenor literal:.*

As tarifas dos apartados 1. e 2. anteriores terán unha bonificación do 100%.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal dos Prezos Públicos pola utilización do “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**7(157).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICIACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO. (50). EXPTE. 2312/500 (REXISTRO PLENO 1424/1101)**

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos Municipal presenta a proposta da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, que figura no presente expediente.

Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcense as seguintes modificacións:

Incorpórase un apartado 2 no artigo 1 que completa o feito impoñible desta taxa co suposto do “control das obras que debe exercer o Concello nos casos de construcións, obras e instalacións derivadas de ordes de execución e outras impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística”.

Esta inclusión vén a solventar e corrixir a inxustiza fiscal que supoñía, na ordenanza vixente, o non sometemento á taxa das obras que debían realizar os infractores para restituír a legalidade urbanística.

Introdúcese un apartado 8 no artigo 1 da ordenanza destinado a prever a devolución do 50% da taxa ingresada nos supostos de renuncia, tendo sido realizado o feito impositivo a partir dunha “comunicación previa” ou “declaración responsable”.

Engádese un apartado B) no artigo 7 por coherencia co disposto no apartado 2 do artigo 1.

Complétase o epígrafe 3 do apartado D) do artigo 7 por identidade das actividades administrativas a realizar no suposto de “licenza de parcelación” e “declaración de innecesiedade de parcelación”.

Introdúcense no mesmo artigo 7 os apartados 9, 10 e 11 para fixar unha taxa, en contía idéntica ao custo das anotacións no rexistro da propiedade, para determinados supostos de obrigado cumprimento regulados nos artigos 65 e 28 do Real Decreto Legislativo 7/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, formula á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

#### PROPOSTA:

Aprobar provisionalmente a seguinte

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO”. (50)

## ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

*(Introdúcense apartados 2 e 8 do seguinte tenor literal)*

2. Constitúe feito impoñible da taxa a actividade de control que debe exercer o Concello sobre as construcións, obras ou instalacións derivadas de ordes de execución, e sobre as obras derivadas de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística.

8. Nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, e o solicitante renuncie á realización da obra, construción ou instalación, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento en que a comunicación ou declaración adquira eficacia.

## ARTIGO 4.-

*(Complétase a redacción do apartado 1)*

1. Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenzas ou **comunicacións previas** para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

## ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

*(Modificación derivada do novo texto do artigo 7)*

3. Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta e de reforma incluídas nos “plans especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello”, así como edificios catalogados do PEEC, agás o disposto no apartado **C)** do artigo 7. Esta bonificación será do 100% para Bens de Interese Cultural nos termos e na extensión que determina a Lei 25/85 de Patrimonio Histórico Español. Estas bonificacións quedarán sen efecto se as obras non se axustan ao proxecto presentado e aprobado.

## ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS

*(Modificacións derivadas do texto do artigo 1 e do artigo 7)*

1. No caso das actividades descritas nos apartados **1 e 2** do artigo 1, a base impoñible, que será igual á base liquidable, é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2. No caso das actividades descritas no apartado **3** do artigo 1 a base impoñible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3. Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado **D)** do artigo 7.

## ARTIGO 7.-

*(Introdución dun apartado B) derivado da modificación no feito impoñible así como de cotas tributarias para os supostos de anotación no rexistro da propiedade por*

*aplicación da Lei do Solo)*

B) Actividade de control das obras derivadas de ordes de execución e de ordes impostas en expedientes de protección da legalidade urbanística: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) *(antes B)*

D) *(antes C)*

3.- Licenzas de parcelación urbanística, **ou declaración de innecesiedade de parcelación**, por cada parcela resultante 48,15 €

9. Pola anotación preventiva da incoación de expedientes sobre disciplina urbanística ou restauración da legalidade urbanística, ou de aqueles que teñan por obxecto o apremio administrativo para garantir, tanto o cumprimento das sancións impostas, como das resolucións para restablecer a orde urbanística infrinxida, o importe da taxa ascenderá ao custe da anotación preventiva no rexistro da propiedade.

10. Pola anotación no rexistro da propiedade de actos firmes de aprobación de ordes administrativas de execución de obras para o cumprimento do deber de conservación, o importe da taxa ascenderá ao custe da nota marxinal no rexistro da propiedade.

11. Pola nota ao marxe da inscrición da declaración de obras novas, da concreta situación urbanística da mesma, coa delimitación do seu contido e indicación expresa das limitacións que se impoñan ao propietario, de conformidade co artigo 28.4.c) do RD Lexislativo 7/2015, a cota será o custe da inscrición no rexistro da propiedade.

ARTIGO 8.-

*(Modificación derivada da nova redacción do artigo 7)*

1. As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas aos apartados A) e B) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, que deberá estar suscrito polo técnico autor do proxecto, e que en ningún caso poderá ser inferior ao resultado de aplicar os módulos do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de

modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e tres abstencións do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

**SEGUNDO:** Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO:** Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**8(158).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS. (51). EXPTE. 2313/500 (REXISTRO PLENO 1425/1101)**



## ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposto emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos Municipal presenta a proposta Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas de Actividades e Instalacións, que figura no presente expediente.

Segundo proposta formulada con data 18 de xullo de 2016 polo Xerente Municipal de Urbanismo coa conformidade da Vicepresidenta da Xerencia, introdúcese as seguintes modificacións:

Unifícanse as tarifas das actividades cualificadas anteriormente como “inocuas” coas de “tramitación xeral” propoñendo, para 2017, a aplicación da tabla de tarifas máis reducidas das dúas ata agora vixentes.

Á anterior modificación ven inducida polos cambios da normativa urbanística xeral, en particular, pola aplicación da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que consolidou a “ comunicación previa” como réxime xeral de intervención urbanística.

Introdúcese un novo epígrafe 5 nas tarifas do artigo 5 para “informes de que a actividade se exerce de conformidade” . O importe da cota que se propón para esta actividade administrativa derivase da confluencia de dous supostos xa regulados e cuantificados: unha inspección de actividades e instalacións cuxa cota esta fixada no artigo 7 C) 2 da Ordenanza Fiscal nº 50 de “dereitos e taxas pola Concesión de Licenzas para Construción, Obras e instalacións e outros servizos urbanísticos” e dous informes de custe similar á consulta urbanística común cuxa cota figura no artigo 5 epígrafe 10 a. da Ordenanza 10 reguladora das “Taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello o a dos seus Organismos Autónomos, a instancia de parte. “

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno

Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e novo ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, formula á Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar provisionalmente a seguinte

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS” (51).

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

*Modifícase o apartado 2 a) deste artigo) que, queda redactado como segue:*

2. Non están suxeitas a taxa de licenza de actividades e instalacións os cambios de titular de licenzas en vigor, que abonarán a taxa establecida na Ordenanza Fiscal de Expedición de Documentos. Non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de caducidade e as que correspondan a locais nos que cesase a actividade por un período superior a seis meses.

*(Suprímese o apartado 2 b) deste artigo )*

*Modifícase o apartado 3 deste artigo que, queda redactado como segue:*

3. Non obstante o disposto no apartado 2 anterior deste artigo, os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello os cambios de titular mediante a cumprimentación de impreso regulamentario que se facilitará no rexistro xeral do Concello.

ARTIGO 3.- DEVENGO

*Modifícase o apartado 1 desde artigo que, queda redactado como segue:*

A taxa devengarase cando a Administración inicie a realización das actividades a que se refire o artigo 2 da presente ordenanza.

*(Suprímense os apartados 2, 3 e 4)*

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

*Modifícase o apartado 1 e suprímese o segundo parágrafo que, queda redactado como segue:*

1.- A cota tributaria das licenzas de actividades e instalacións, e das actividades de

control derivadas de “declaración responsable” ou “comunicación previa”, determinarase como suma da cota calculada en función da superficie máis a cota resultante en función da potencia nominal solicitada expresada en CV, segundo os cadros que se establecen nos apartados 1.1 e 1.2 que seguen.

1.1.- Superficie do local:

ata 50 m <sup>2</sup>	24,10 €
de 51 m <sup>2</sup> a 150 m <sup>2</sup>	28,95 €
de 151 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	130,15 €
de 201 m <sup>2</sup> a 500 m <sup>2</sup>	260,35 €
de 501 m <sup>2</sup> a 1.000 m <sup>2</sup>	772,00 €
de 1.001 m <sup>2</sup> a 2.000 m <sup>2</sup>	1.447,95 €
de 2.001 m <sup>2</sup> a 5.000 m <sup>2</sup>	2.412,85 €
de máis de 5.000 m <sup>2</sup>	3.378,70 €

*(Suprímese o apartado 2 ata agora vixente)*

*O novo apartado 2 é idem ao apartado 3 vixente.*

3.- Cando se trate de ampliación de superficie e/ou ampliación de potencia para dedicar a unha actividade que xa conta con **título habilitante**, a cota tributaria determinarase en función da superficie e/ou potencia que correspondan das sinaladas nos apartados precedentes.

4.- Cando se trate dun **título habilitante** para actividade de tempada, a cota tributaria será proporcional á fracción do ano natural na que se pretenda realizar a actividade, supoñendo que a cota que resulta das tarifas anteriores permite o exercicio continuado durante un ano. Se a actividade se realizase por tempada pero con continuidade para varios exercicios, devengará a cota total que resulte das mencionadas tarifas.

*Engádese un novo apartado 5*

5.- Pola emisión, a instancia de parte, do informe de que a actividade se exerce de conformidade, liquidarase a taxa por importe de 54,35 euros.

#### ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes das licenzas aportarán, coa solicitude, o correspondente acordo da **Xunta de Goberno** onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

#### ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

*(Suprímese o apartado 3)*

#### ARTIGO 8.-

As comunicacións que realicen os interesados en relación a cambios de titularidade as que se refire o apartado 2 do artigo 2 desta ordenanza, realizaranse en impreso

reglamentario no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo e irán acompañadas de documento acreditativo da licenza do local **ou título habilitante**, fotocopia do DNI ou CIF do titular actual e do titular anterior . Abonarán a taxa que corresponda segundo a tarifa vixente na Ordenanza Fiscal de Taxas de Expedición de Documentos.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e tres abstencións do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola concesión de licenzas de Actividades e Instalacións, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

**SEGUNDO:** Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO:** Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto

Refundido .

**9(159).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. (52). EXPTE. 2302/50 (REXISTRO PLENO 1428/1101)**

**ANTECEDENTES:**

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Reguladora dos prezos público por Utilización das Instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes”.

As modificacións que se presentan no expediente obedecen á necesaria adaptación xurídica de determinados conceptos que se deriva da desaparición do Organismo Autónomo “Instituto Municipal de Deportes”.

Axeitase á normativa propia dos “prezos públicos” o articulado da Ordenanza que viña arrastrando erros de carácter conceptual.

Segundo a proposta que figura no documento 160092358 asinado con data 08/07/16 polo Director Técnico e polo Sr Concelleiro Delegado de Deportes realízanse cambios procedimentais e de definición para axeitar o contido da Ordenanza á prestación efectiva dos servizos que se realizan na actualidade co fin de garantir unha maior operatividade e eficiencia do Servizo así como unha maior transparencia, comodidade e economía para os usuarios.

En ningún caso se modifican prezos públicos de xeito desfavorable para os destinatarios do servizo. Na meirande parte permanecen idénticos aos vixentes, non sendo determinadas reducións como consecuencia de aplicar un sistema de bonos, un 10% de desconto no prezo dos “bonos de partido” se o pagamento se realiza entre o 1 de setembro e o 31 de decembro, aplicación do desconto do 15% no aluguer de pistas de squash para competicións e exhibicións de entidades con contrato de tempada, o establecemento dun prezo reducido para aluguer de pista compartida que implicará o abono do 50% do prezo ata agora vixente, a aplicación de prezo reducido no aluguer do pavillón central para adestramento de equipos con contrato de tempada, o establecemento dun novo servizo de aluguer parcial de piscinas, por rúa e hora, entre outros.

Adecúase ó vocabulario, xuridicamente significativo, ao que corresponde polo carácter de ingreso de dereito público non tributario, segundo o disposto na normativa xeral de taxas e prezos públicos así como no capítulo VI do Título I do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do anterior esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES”

#### ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO:

O Concello de Vigo en base ao establecido no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ten establecido o prezo público polo uso das instalacións deportivas municipais.

#### ARTIGO 2.- CONCEPTO

O obxecto dos prezos públicos establecidos na presente ordenanza está constituído pola utilización das instalacións deportivas municipais. A relación das mesmas está a disposición dos usuarios na páxina Web do Concello en: <http://hoxe.vigo.org/instalacionsdeportivas>.

#### ARTIGO 3.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento nace polo feito da entrada nos recintos e disfrute das instalacións deportivas comprendidas nesta ordenanza.

#### ARTIGO 4.- OBRIGADO AO PAGAMENTO

Resultan obrigados ao pagamento destes prezos públicos, as persoas físicas, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que soliciten a entrada e/ou disfrute das instalacións comprendidas nesta ordenanza.

#### ARTIGO 5.- REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS)

A) Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza:

A.1 Os **Colexios Públicos** que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física.

A.2 Os usuarios participantes no **Programa Municipal de escolas deportivas** conforme ao que segue:

A.2.1 Os alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

A.2.2 Os alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.155 €.

- Os Ingresos Brutos anuais per cápita a que se refiren os apartados A.2.1 e A.2.2 anteriores calcularanse dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

- No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

- Para o desfrute das exencións reguladas neste apartado A.2, os usuarios deberán achegar coa súa solicitude os seguintes documentos, segundo o caso:

1. Autorización expresa para que o Concello recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas e aportar certificado de discapacidade se é o caso.
2. Certificado de discapacidade, no seu caso.
3. Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba surtir efectos a exención.

A.3 Os usuarios **participantes en actividades programadas** de especial interese deportivo e/ou social acreditado, incluídas no calendario semestral de **eventos deportivos da Concellería de Deportes**, previa solicitude do o/a interesado/a e conformidade da Concellería de Deportes.

A.4 Os usuarios de actividades e **programas organizados ou coordinados polo Concello de Vigo**.

A.5 Os **clubs de fútbol** asinantes de **convenios de colaboración** para a dinamización de proxectos deportivos nos campos de fútbol municipais.

A.6 Os usuarios e/ou organizadores de **actividades e programas** previstos, con carácter xeral **por disposicións legais ou ditados por Organismos de carácter vinculante**.

B) Desfrute de **tarifa reducida nas actividades deportivas de recreo, tempo libre e ocio**

B.1 Os pensionistas con ingresos brutos anuais inferiores a dúas veces o IPREM desfrutarán da tarifa reducida correspondente a "MENORES". Nas actividades nas que non figure o concepto "MENORES" aplicarase unha redución do 50% sobre o prezo establecido.

O desfrute desta redución é exclusivamente a título individual, aplicándose ao pensionista como usuario individual.

B.2 Os integrantes de familias numerosas con ingresos brutos anuais per capita inferiores a unha vez e media o IPREM desfrutarán da tarifa reducida correspondente a MENORES. Nas actividades nas que non figure o concepto "MENORES" aplicarase unha redución do 50% sobre o prezo establecido.

O desfrute desta redución é exclusivo para os membros da familia numerosa en tanto que actúen como usuarios individuais.

B.3 Os desempregados por máis de 22 meses ininterrompidos con ingresos brutos anuais inferiores a unha vez e media o IPREM desfrutarán da tarifa reducida correspondente a MENORES. Nas actividades nas que non figure o concepto "MENORES" aplicarase unha redución do 50% sobre o prezo establecido.

O desfrute desta redución é exclusivamente a título individual aplicándose ao desempregado como usuario individual.

As tarifas reducidas a que se refiren os apartados B1, B2 e B3 anteriores non serán de aplicación nas actividades dos usos libres das instalacións de tenis, padel, squash e frontón.

Para o desfrute das reducións reguladas neste apartado B) os usuarios deberán achegar coa súa solicitude os seguintes documentos, segundo o caso:

1. Autorización expresa para que o Concello recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas
2. Certificado de discapacidade, no seu caso.
3. Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.
4. Documento acreditativo da situación de desemprego.
5. Documento acreditativo da pensión ou pensións.

C) As cotas reducidas por empadramento previstas no artigo 11 e 12 desta ordenanza aplicaranse de forma simultánea e sucesiva cos beneficios regulados no apartado B) deste artigo.



A acreditación do empadramento para o desfrute das reducións incluídas na presente Ordenanza deberá presentarse no momento do aboamento do correspondente prezo público. No caso de prestacións continuadas no tempo, requirirase que persista a condición de empadramento para o desfrute desta redución.

## ARTIGO 6.- DEFINICIÓN DE TÉRMINOS PARA APLICACIÓN DA PRESENTE ORDENANZA

### 6.1 CATEGORÍAS: A ter en conta nas actividades de adestramentos e competicións.

Pertencen á CATEGORÍA ESPECIAL os equipos que participen nas competicións das dúas máximas categorías dentro da súa modalidade deportiva.

Pertencen á CATEGORÍA 1º: Os equipos integrados por maiores de 16 anos

Pertencen á CATEGORÍA 2º: Os equipos integrados por membros de ata 16 anos (inclusive)

### 6.2 CAMBIO POR NECESIDADES DE PROGRAMACIÓN

Se a un usuario ou usuarios se lle cambia de instalación por necesidades de programación da Concellería de Deportes, se lle manterá o prezo da instalación orixinal, aínda que a asignada sexa dun prezo superior.

### 6.3 CUSTE DE ILUMINACIÓN

O custe da iluminación das instalacións, atópase incluído nos prezos correspondentes agás nos usos de tenis, frontón e padel aos que corresponde aplicar os suplementos previstos no apartado 3.3 do artigo 11 da presente Ordenanza.

### 6.4 TEMPO LIBRE E OCIO

Consideraranse actividades de tempo libre e ocio, no relativo á aplicación desta ordenanza, aquelas non incluídas no ámbito da competición federada, cuxo desenvolvemento estea relacionado coa ocupación do tempo de ocio sen vinculación cunha competición federada.

### 6.5 HORAS BAIXAS

Consideráse, "horas baixas" á efectos de aplicación do 30% de desconto aos prezos das reservas de instalacións destinadas a adestramentos e actividades programadas, o horario entre as 08:00h e as 16:00h en días laborables.

### 6.6 CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS

As características e condicións dos programas, cursos, idades e sesións figuran nos regulamentos de características técnicas dos mesmos.

## ARTIGO 7.-NORMAS DE PROCEDIMENTO

### A) NORMAS DE CARÁCTER XERAL

a) Para a entrada nas instalacións os usuarios deberán ir provistos do correspondente recibo de pagamento.

b) En relación aos procedementos de programación da reserva do uso das instalacións por tempada deportiva, tanto para os adestramentos como para as competicións de tempada, o abono dos prezos públicos poderá axustarse a pagos mensuais, bimensuais, cuatrimestrais, anuais/tempada, de acordo co procedemento

establecido.

- c) O servizo de deportes poderá reservar en adestramentos programados fraccións de 30 minutos segundo as necesidades de organización deportiva aplicando a parte proporcional do prezo público correspondente.
- d) Os contratos que recollan a reserva de uso de instalacións programadas (tempada e pretempada) tanto para adestramentos como para os partidos, especificarán os prezos públicos de aplicación, así como a forma de pago, e a aplicación dos descontos se procede.
- e) Os bonos de partidos serán individualizados para cada equipo que teña a entidade deportiva.
- f) A normativa de uso das instalacións deportivas municipais determinará os trámites específicos e o procedementos de uso das instalacións.
- g) Aos contratos de pretempada, no caso de reservas de tres meses, aplicaráselles os descontos do cuadrimestre.

## B) NORMAS PARTICULARES PARA BONOS E ABONADOS

- a) O acceso á instalación dos usuarios de bonos está limitado ao horario contemplado no regulamento de uso das instalacións e coas características dos diversos programas deportivos.
- b) Os usuarios dos bonos teñen dereito aos beneficios contemplados no regulamento de uso das instalacións e dos programas deportivos.
- c) As características dos programas dos abonados, duración, cursos, idades e sesións, estarán detallados nos regulamentos dos mesmos.
- d) Os abonados ás instalacións teñen dereito aos beneficios detallados no regulamento de uso das instalacións e dos programas deportivos.

## ARTIGO 8.-PROCEDIMENTO DE INGRESO DOS PREZOS PÚBLICOS

8.1. Os usuarios deberán satisfacer os prezos públicos regulados nesta ordenanza segundo as instrucións do persoal responsable das instalacións, quen emitirá os tickets/recibos/entradas/liquidacións ou documentos de ingreso segundo o procedemento informático habilitado.

8.2. Con carácter xeral, o pagamento destes prezos públicos realizarase previamente á entrada ou desfrute das instalacións. Exceptuense os supostos de prazos específicos establecidos na presente ordenanza.

8.3 As débedas por estes prezos públicos esixiránse mediante o procedemento administrativo de prema, conforme establece a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, así como a normativa legal de aplicación.

ARTIGO 9.- PREZOS PÚBLICOS PARA EXPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS.

A) ESPECTÁCULOS.

En tódalas instalacións.

- 1 día	4.215,00 euros + ive
- ½ día	2.360,00 euros + ive
- Aluguer escenario	21,08 euros m2 + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	589,00 euros + ive
- ½ día	338,00 euros + ive

C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora	38,00 euros + ive
------	-------------------

ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

a) PAGAMENTO DE RESERVA DE TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva. Este pagamento só se realizará ao comezo da tempada.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	210,75 €
1ª Categoría (un só equipo)	84,30 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	126,45 €
2ª Categoría	63,20 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 84,30 €

b) PAGOS DE ADESTRAMENTOS DE TEMPADA OU PRETEMPADA:

Os pagos poderán ser facturados anticipadamente, segundo se recolla no contrato de tempada ou pretempada, segundo algún dos seguintes procedementos:

b.1.- Pago mensual.

b.2.- Pago bimensual: Ós pagos bimensuais aplicarase un desconto do 10% segundo os seguintes prazos.

<i>Bimestre</i>	<i>Pago con 10% de desconto</i>	<i>Prazo pago sen desconto</i>
<i>1º: Out-Nov</i>	<i>De 1 a 10 de outubro</i>	<i>Do 11 de outubro ata 30 de decembro</i>

2º: Dec-Xan	De 1 a 10 de decembro	Do 11 ao 30 de decembro
3º: Feb-Mar	De 1 a 10 de febreiro	Do 11 de febreiro ata 31 de maio
4º: Abr-Mai	De 1 a 10 de abril	Do 11 de abril ata 31 de maio

b.3.- Pago cuadrimestral: Ós pagos cuadrimestrais aplicarase un desconto do 20% segundo os seguintes prazos.

Cuadrimestre	Pago con 20% de desconto	Prazo pago sen desconto
1º: Out-Xan	Do 1 ao 31 de outubro	Do 1 de novembro ata 30 de decembro
2º:Feb-Maio	Do 1 ao 28 de febreiro	Do 1 de marzo ata 31 de maio
Pretempada	Do 1 ao 30 de xuño	Do 1 de xullo ata 30 de setembro

b.4.- Anual/tempada. Ós pagos anuais/tempada aplicarase un desconto do 20% segundo os seguintes prazos.

Pago con 20% de desconto	Prazo pago sen desconto
Do 1 ao 31 de outubro	Do 1 de novembro ata 30 de decembro

Rematados os prazos de pago sen descontos, os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

#### c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

Poderán solicitar bonos de partidos de tempada as entidades deportivas que teñan vixente “contrato de tempada” ou o tiveran na tempada anterior.

O bono é individual por equipo e emitírase segundo o número de partidos da competición.

#### Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	63,20 €/partido
1º Categoría	29,45 €/partido
2º Categoría	14,25 €/partido

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,25 €/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,12 €/partido

\*Aplicarase un desconto do 10% no prezo do bono se o pago se realiza entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.

A partir do 1 de xaneiro os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

#### d) PAGOS DE PARTIDOS SEN BONO E ADESTRAMENTOS PUNTUAIS.

As entidades deportivas con “contrato vixente de tempada” ou que o tiveran na tempada anterior, poderán realizar o pago dos partidos ou adestramentos puntuais sen ningún desconto nos seguintes prazos.

Datas do partidos e adestramentos	Prazo pagamento
Entre outubro e decembro	Ata o 31 de decembro
Entre xaneiro e maio	Ata o 31 de maio
Entre xuño e setembro	Ata 30 de setembro

## 2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais.

<b>Instalación</b>	<b>Sen taquilla</b>	<b>Con taquilla</b>
Pavillón Central	50,55 €/hora	84,3 €/hora
Outras Instalacións e campos de fútbol	29,45€/hora	50,55 €/hora

O aluguer do pavillón Central para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

Squash, Tenis, Frontón e Padel

Squash, Tenis, Frontón e Padel

Catg Esp. e 1ª Cat	10,00	16,50
2ª Categoría	7,80	13,00

O aluguer das pistas de squash para competicións e exhibicións, campus e outros torneos por entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 15%

na reserva por pista/hora.

Piscinas Cubertas:

Catg Esp. e 1ª Cat	127,00	150,00
2ª Categoría	86,00	103,00

### 3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla <b>€/partido</b>	Con taquilla <b>€/partido</b>
Categoría especial	67,40	160,20

Ao aluguer do pavillón Central para partidos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS

	€/partido
Categoría especial	63,20
1ª Categoría	29,45
2ª Categoría	14,25

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,25 € partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,12 € partido

### 4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

#### a) PAVILLÓN CENTRAL

	<b>€/hora</b>
Categoría especial e 1ª categoría	12,60

Ao aluguer do pavillón Central para adestramentos de equipos con contrato de tempada aplicaráselle o importe do apartado OUTRAS INSTALACIÓNS.

#### b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira	Pista compartida
- Categoría especial e		
- 1ª categoría.	7,95	5,85
- 2ª Categoría	5,45	4,25

#### c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

**€/hora**

1ª Categoría (un equipo)	4,60
2ª Categoría (un equipo)	2,55

d) Pistas de squash.

	Prezo pista
- Categoría especial e 1ª categoría.	5,85 €/hora
- 2ª Categoría	4,25 €/hora

Ó aluguer das pistas de squash para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por pista/hora.

e) Piscinas Cubertas.	prezo por rúa:
- Categoría especial e 1ª categoría.	5,85 €/hora
- 2ª Categoría	4,25 €/hora

Ó aluguer das piscinas para adestramentos de entidades con contrato de tempada aplicaráselle un desconto dun 10% na reserva por rúa/hora.

ARTIGO 11.- PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO

### 1. ACCESO AS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,10 €
1.2 Menores	2,20 €

### 2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	28,70 €
2.2. Menores	19,40 €

### 3. TENIS E FRONTÓN E PADEL.

3.1.- Instalacións Cubertas

	<b>1 hora</b>	<b>Bono 10 usos</b>
a) 2 Xogadores	4,60 €	41,55 €
b) 4 Xogadores	5,45 €	48,80 €

3.2.- Instalacións descubertas

	<b>1 hora</b>	<b>Bono 10 usos</b>
a) 2 Xogadores	3,10 €	28,30 €
b) 4 Xogadores	4,60 €	41,55 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	<b>€/hora</b>
Instalacións cubertas	2,15
Instalacións descubertas	1,40

#### 4.-XIMNASIOS.

- 4.1. Mensualidade por actividade/clases  
dous sesións a semana 16,10 €
- 4.2. Mensualidade por actividade/clases  
tres sesións a semana 20,25 €
- 4.3.- Cotas de abonados os Ximnasiaos.(uso libre).
- 4.3.1 Adultos (individual anual ou mensual)  
Anual - mensual  
151,75 € - 12,65 €
- 4.3.2 Menores (individual anual ou mensual)  
Anual - mensual  
92,90 € - 7,74 €
- 4.3.3 Familiar (anual ou mensual)  
Anual - mensual  
219,30 € -18,28 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

- 4.3.4 Adultos (individual anual ou mensual)  
Anual - mensual  
126,50 €- 10,54 €
- 4.3.5 Menores (individual anual ou mensual)  
Anual - mensual  
67,40 € - 5,62 €
- 4.3.6 Familiar (anual ou mensual)  
Anual - mensual  
186,00 €- 15,50 €

#### 5.- SQUASH:

	<b>1 reserva</b>	<b>Abono 10 usos/reservas</b>
Reserva uso pista 2 xogadores (45 minutos)	4,25 €	38,30 €

Cada xogador mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 20.1.

#### 6. CAMPOS DE FUTBOL E PAVILLONS (actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

	<b>Pista enteira</b>	<b>Pista compartida</b>
	€/hora	€/hora
- 1ª Categoría.	28,85	14,45
- 2ª Categoría	14,45	7,80

#### 7.- ABONADO PISCINA:

- 7.1.-Abono Piscina (individual)
- Cota Mensual 15,00 €
- Cota Anual 165,00 €



7.2.-Abono Piscina (individual reducido)	
- Cota Mensual	10,00 €
- Cota Anual	110,00 €

Aplicarase unha bonificación do 25% sobre os prezos establecidos neste epígrafe 7 aos usuarios que acrediten estar empadroados en Vigo.

#### ARTIGO 12.- PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCION DEPORTIVA

##### 1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	33,00 €
1.2. Menores/mes	21,10 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios abonados as piscinas.

##### 2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	7,40 €
2.2. Outros programas	13,60 €

##### 3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais:	42,20 €/alumno/curso
Actividades. medio acuático e escalada (un só prazo):	108,80€/alumno/curso (13,60 € x 8 meses)

#### ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS:

##### 1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓNS E SIMILARES.

Instalacións deportivas	8,55 €/hora
Piscinas cubertas	86,00 €/hora

##### 2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas	16,85 €/hora
Piscinas cubertas (enteira)	200,00 €/hora
Piscina Cuberta (por rua)	34,00 €/hora

##### 3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet	2,00 €
----------------------	--------

##### 4. SALAS DE REUNIÓNS:

Sala de reunións:	2,55 €/hora
-------------------	-------------

##### 5. FIANZAS:

5.1. Por uso de chave de vestiario	5,00 €
5.2. Por uso de instalacións	20,00 €
5.3. Por cesión de material	300,00 €

#### ARTIGO 14.- OUTROS PREZOS PÚBLICOS:

Igualmente terán a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes en programas específicos e/ou para unha tempada deportiva, podendo aplicárselle a estes programas os prezos que correspondan dos aprobados nesta ordenanza, ou ben prezos distintos, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que directa ou indirectamente poñan de manifesto a capacidade económico familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos previstos no artigo 5 A2.1 e A2.2 desta Ordenanza. As contías restantes determinaranse no acto de aprobación do programa segundo os niveis de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do programa.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2017, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e tres abstencións do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal dos prezos público por Utilización das Instalacións deportivas municipais, segundo proposta de

modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**10(160).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. (60). EXPTE. 2314/500 (REXISTRO PLENO 1426/1101)**

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais que figura no presente expediente.

A presente modificación refírese as tarifas vixentes, I, II e III do artigo 5 da Ordenanza.

A conxelación das tarifas deste servizo para o exercicio 2013 e seguintes agravou durante os anos 13, 14 e 15 a desviación negativa (ingresos/custes) derivada dun menor consumo nos tramos de tarifas máis altas de usos non domésticos. Estes menores ingresos estiveron e están asociados á evolución da economía nos sectores da industria e comercio. Estas circunstancias, aínda que continuadas durante varios exercicios, son de carácter conxuntural pero inciden negativamente nunha estrutura de custes fixos moi altos e ríxidos (mantemento e renovación de máis de 2000 km. de redes de abastecemento e saneamento) e nunha estrutura de ingresos, ríxidos no

apartado de subministros a outros concellos.

Segundo o informe económico que obra no expediente, a estimación, para 2017, do ingreso medio por m<sup>3</sup> (1,00875 €) e do custe unitario (1,0974 €/m<sup>3</sup>) permitirá unha cobertura/financiación do servizo coas taxas dos usuarios nun 91,92%, axustando as tarifas vixentes, nun 2,1%.

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, en particular ao artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, solicita á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60).**

### **ARTIGO 5. TARIFAS**

*Modifícanse as tarifas I, II e III que quedan redactadas como segue:*

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

- Cota de aboamento ó servizo 3,72 €/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA

## USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

### A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,3765 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,4959 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,5038 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 100 m <sup>3</sup>	0,8597 €/m <sup>3</sup>
Idem de 100 ata 200 m <sup>3</sup>	0,8744 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 200 m <sup>3</sup>	1,1436 €/m <sup>3</sup>

### B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,7144 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	1,0463 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	1,0788 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	1,3094 €/m <sup>3</sup>
Idem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,3505 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,4198 €/m <sup>3</sup>

## TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

### A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,4093 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,5312 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,5376 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 100 m <sup>3</sup>	0,8298 €/m <sup>3</sup>
Idem de 100 ata 200 m <sup>3</sup>	0,8383 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 200 m <sup>3</sup>	0,9507 €/m <sup>3</sup>

### B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,6386 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,8058 €/m <sup>3</sup>
Idem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,8188 €/m <sup>3</sup>
Idem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	1,0077 €/m <sup>3</sup>
Idem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,1318 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,3037 €/m <sup>3</sup>

## DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal Marea de Vigo achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, realiza a seguinte proposta: “Non aplicar a suba do 2,1% no 2017 as tarifas de auga e saneamento que figura na proposta ate que se realice unha auditoría pública...”

- En data 23.09.2016 o grupo municipal do Partido Popular achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, realiza a seguinte proposta: “...solicitamos a paralización do incremento previsto do 2,1% na taxa da auga na procura de achegar aos veciños un ben de primeira necesidade ao prezo máis adecuado...”

En data de 26.09.2016 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)*

**VOTACIÓN DA EMENDA DE MAREA DE VIGO:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

**VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR:** Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita emenda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de Servizos de Subministración de Auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

CARTO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

**11(161).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DA CONCELEIRA DELEGADA DE IGUALDADE, XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS ARTÍSTICOS MARXINAIS. EXPTE. 1433/1101.**

ANTECEDENTES: Con data 23 de setembro de 2016, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe proposta,

"Asunto. Compatibilidade do desempeño do cargo de concelleira delegada en réxime de dedicación exclusiva coa actividade marxinal de actriz.

Lexislación aplicable:

LBRL. Lei 7/1985, d3e 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ROF. Real Decreto 2568/1986, de 25 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Antecedentes. Mediante escrito de data de hoxe presentado no Rexistro Xeral do Pleno a concelleira delegada de Xuventude solicita o recoñemento de compatibilidade para o exercicio puntual de traballos de actriz.

#### INFORME

O artigo 75.1 da LBRL, recoñece aos membros das Corporacións Locais o dereito a percibir retribucións polo o exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con "dedicación exclusiva", en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

O precepto se desenvolve no artigo 13 do ROF, que no seu apartado 3 sinala que o recoñecemento da dedicación exclusiva esixirá a "dedicación preferente" ás tarefas do cargo, admitindo outras "*ocupacións marxinais*", cando non causen detrimento a súa dedicación á Corporación, engadindo que cando estas "*ocupacións marxinais*" sexan remuneradas, se require dunha declaración formal de compatibilidade por polo Pleno.

O precepto do ROF utiliza conceptos indeterminados, como é o de "*ocupacións marxinais*", sen indicar se se trata de traballos por conta propia ou allea, deixando o Pleno a facultade de apreciar o seu contido, que deberá responder á previsión de que non causen detrimento á dedicación á Corporación.

No caso analizado non cabe dubida de que a profesión de actriz é unha actividade remunerada e polo tanto a esixencia de acordo de compatibilidade é preceptiva.

En cuanto a que se considere "*ocupación marxinal*" esta dedicación profesional, queda á discrecionalidade da Corporación su apreciación, tomando en consideración as circunstancias concorrentes no caso: tempo de dedicación a esta actividade, horario no que normalmente se realiza, necesidade de ausentarse de Vigo, etc., circunstancias que poden supoñer un detrimento á dedicación preferente o seu cargo no Concello.

O Pleno poderá retirar o sei recoñecemento de compatibilidade se a ocupación de actriz deixase de ser marxinal.

En virtude do exposto propónse o Pleno a seguinte proposta de acordo..."

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 26 de setembro de 2016, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade ditaminou favorablemente dita proposta.



VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Recoñecer á concelleira delegada de Xuventude, D<sup>a</sup> Uxía Dolores Blanco Iglesias, que desempeña o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, a compatibilidade do traballo de concelleira delegada co traballo de actriz que en todo caso terá unha ocupación marxinal sen que tal traballo esporádico e ocasional poda significar detrimento do seu cargo no Concello.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

### **MOCIÓNS:**

**12(162).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPULSAR O CAMPUS DO MAR, DOTALO DE CONTIDO E FINANCIAMENTO NOS ORZAMENTOS DO 2017 E SEGUINTE, ASÍ COMO CEDER OS INMOBLES NECESARIOS Á UNIVERSIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 1434/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1434/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O Convenio do 10 de febreiro de 2009 entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo, ten por finalidade o desenvolvemento do Campus do Mar. No devandito convenio especifícase que a Zona Franca cederá á Xunta de Galicia as parcelas precisas para a execución do Campus do Mar e ao Concello de Vigo as parcelas PS-1, como área de vías, espazos libres e infraestruturas, e PS-4 como área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano. Todo iso a cambio de diferentes compromisos de investimento por parte das distintas administracións participantes.

Este mesmo Convenio, establece unha cláusula de rescisión que compromete á Xunta á expropiación dos terreos da ETEA, dicindo ademais que a “Xunta comprométese a incluír no Plan Sectorial o sistema de actuación por expropiación recollendo as circunstancias anteriores e a executar a mesma nun prazo máximo de dous anos a contar dende ou 31 de decembro de 2015”

Neste mesmo sentido, a cláusula Sétima do citado convenio especifica que “A Xunta de Galicia transferirá ao Concello de Vigo os viais e parques públicos que resulten da reurbanización da Cidade do Mar”.

Por outra banda, a resolución do 21 de marzo de 2012 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2012, establece:

-no seu marco legal, ámbito e alcance que “o Concello de Vigo, onde se asenta o plan sectorial, deberá adaptar o seu plan urbanístico ao contido do citado plan, no prazo que se determina, e en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico”.

- que o “plan será promovido e desenvolvido pola iniciativa pública, sendo o seu promotor a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. As actuacións que o requiran, por non accederse á titularidade dos inmobles por adquisición de carácter voluntaria a título oneroso ou gratuíto, desenvolveranse por expropiación forzosa. Correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas o impulso dos expedientes expropiatorios como Administración actuante e dos demais procedementos de desenvolvemento do plan sectorial, en colaboración coa Consellería de Facenda”

- que dentro do cadro resumen de características de ordenación contempla o

proxecto sectorial PS-1 como área de vías, espazos libres e infraestruturas cunha superficie de 20.029 m<sup>2</sup> e 0m<sup>2</sup> construídos, e o proxecto sectorial PS-4 como área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano, con 31.291 m<sup>2</sup> de superficie e 6.500 m<sup>2</sup> construídos.

Neste contexto, o Concello de Vigo ratifica o interese no desenvolvemento deste proxecto sectorial e o seu compromiso coa adaptación do seu plan ás especificacións do mesmo. En particular, o Concello de Vigo fíxose cargo da reforma e mantemento das zonas PS-1 e PS-4 como dotacións públicas para os cidadáns.

Á vista da información precedente, só cabe executar a cláusula Sexta do Convenio entre a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo, de tal forma que a Xunta de Galicia proceda á expropiación dos terreos da ETEA antes do 31 de decembro de 2017 e ao desenvolvemento do Plan Sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Técnico do Mar. Dado que devandito Plan Sectorial, establece que as zonas PS-1 e PS-4 son viarios, espazos libres, parques ou equipamentos deportivos, o Concello de Vigo reitera o seu compromiso de manter estas zonas e os seus usos para o goce de todos os cidadáns e cidadás de Vigo.

O paradoxal é que, a pesar de que a Xunta de Galicia ten a obriga de expropiar os terreos que aínda non sexan da súa titularidade, en contra do sentido común e do Plan Sectorial do campus do Mar, non só renega dos seus compromisos de expropiación senón que pretende revender parcelas que xa son da súa titularidade, como se desprende da proposta de convenio entre a Xunta de Galicia e a Zona Franca de Vigo. Máis estraño resulta aínda o papel do Consorcio que, fronte a reclamar a expropiación dos terreos da ETEA e o pago dos compromisos da Xunta, decide recomprar terreos e ceder unha parcela á Universidade de Vigo.

O Alcalde de Vigo púxose en contacto co Presidente da Xunta en carta enviada o 22 de xullo de 2016. Na devandita carta, tras salientar a necesidade de impulsar o Campus do Mar, pídeselle á Xunta que aclare as actuacións e medidas que está a realizar nesta actuación, así como os motivos polos que a Xunta de Galicia, responsable da política universitaria e a investigación, non cede os terreos da súa titularidade á Universidade de Vigo, en particular os edificios Faraday e Siemens.

Ante a ausencia de resposta do Presidente da Xunta sobre o seu respaldo ao Campus do Mar, a proposta de convenios entre Xunta, Consorcio da Zona Franca e Universidade de Vigo, para a recompra de terreos da ETEA por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a súa posterior cesión á Universidade de Vigo, pon de manifesto que a Xunta de Galicia desentender deste proxecto, renega do proxecto sectorial do Campus do Mar e abandona o principal proxecto científico-tecnolóxico de Galicia.

Ante esta situación, fronte á complicidade dun CZFV que pretende paliar a falta de compromiso da Xunta, o Concello de Vigo reclama que a Xunta de Galicia atenda as súas obrigas e compromisos, impulse o Campus do Mar e ceda o edificio Faraday de forma inmediata á Universidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a impulsar o Campus do Mar, dotalo de contido e financiamento nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2017 e seguintes e a ceder, de forma inmediata, os inmobles necesarios á Universidade de Vigo.

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Moi bo día a todos e a todas, hoxe traemos a este Pleno unha moción que ten como obxectivo fundamental impulsar o Campus do Mar, o motivo fundamental de que hoxe presentemos esta moción ven derivado do Pleno do mes de xullo, do Consorcio da Zona Franca de Vigo, onde unha das propostas que levaba a ese Pleno a delegada da Zona Franca, era precisamente que a Zona Franca recomprara os terreos da ETEA á Xunta de Galicia, a nos parécenos unha situación extremadamente grave e ademais unha situación certamente incomprendible, porque derivado dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca e a Xunta de Galicia, tomouse a decisión da compra por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo da parcela da ETEA destinándoa, os terreos, eses terreos e esas instalacións, destinándoa ao desenvolvemento do Campus do Mar, ademais o propio Plan sectorial desenvolvido no ano 2012 pola Xunta de Galicia, falaba da necesidade de impulsar o Campus do Mar e non soamente iso senón que todos aqueles terreos que non foran nesa data titularidade da Xunta de Galicia, deberían ser expropiados, polo tanto a Xunta de Galicia a día de hoxe é a administración que ou ben é titular ou debe ser titular de tódolos terreos da ETEA e iso si, trasladar ao Concello de Vigo os terreos precisos para tódolos viarios, equipamentos, zonas deportivas e zonas verdes que están involucradas nese proxecto e que están delimitadas nese proxecto, pois ben, non soamente é que a Xunta de Galicia hoxe sexa titular de boa parte deses terreos, senón que a Zona Franca propón a recompra de terreos, para iso si, adicar un edificio o desenvolvemento dunhas instalacións do Consorcio da Zona Franca e outro edificio para cedelo á Universidade de Vigo, ante semellante despropósito porque a titular, digamos da política de investigación e desenvolvemento que

desenvolve tamén a Universidade de Vigo é a Xunta de Galicia, polo tanto a finalidade fundamental de que eses terreos se adiquen á investigación e desenvolvemento, a responsable é a Xunta de Galicia, nos entendemos que é un despropósito que quen é titular dos terreos, ou ben debe expropialos, lle revenda á Zona Franca eses terreos para que a Zona Franca lle ceda ese terreo á Universidade de Vigo, e todo iso cunha contía de 5,5 millóns de euros a desenvolver pola Zona Franca para recomprar uns terreos á Xunta de Galicia, con sinceridade non entendemos nada, non o entendiamos no Pleno do Consorcio da Zona Franca, froito dese desentendemento aprazouse a aprobación deses puntos da orde do día e ademais o Alcalde de Vigo trasladou ao Presidente da Xunta a necesidade de que explicara cal era o compromiso da Xunta de Galicia co desenvolvemento do Campus do Mar, esa carta que saíu deste Concello o día 22 de xullo, non ten a día de hoxe resposta, polo tanto, van alá máis de dous meses onde se lle pide á Xunta de Galicia que concrete cales son as actuacións que está a impulsar para desenvolver o Campus do Mar, pero é que máis, para que materialmente lle ceda eses terreos á Universidade de Vigo porque entendemos que a Universidade de Vigo ten necesidade de desenvolver eses proxectos e polo tanto tódolos vigueses e viguesas sabemos que ese proxecto é importante e importante para o presente e o futuro da cidade e do desenvolvemento e investigación na cidade, polo tanto o que queremos é que se trasladen e se cedan eses edificios á Universidade de Vigo de xeito inmediato, pois ante ese requirimento de información ao Presidente de Galicia pois non temos resposta, a única proposta que hai enriba da mesa é a proposta de sinatura dun convenio entre a Zona Franca e a Consellería de Economía que di que hai que recomprar os terreos da ETEA, a nos sinceramente parécenos o mundo ao revés, é dicir, eses terreos que son da Xunta de Galicia o que ten é que cedelos de xeito inmediato á Universidade de Vigo, non hai recompras posibles, a Zona Franca ten moitos sitios onde investir os seus recursos, non para recomprar uns terreos que xa son da administración titular das competencias que deben ser cedidas á Universidade de Vigo, isto parécenos un total despropósito, polo tanto, pedimos o apoio do resto de grupos municipais para a proposta que hoxe traemos que é: “Instar á Xunta de Galicia a impulsar o Campus do Mar, dotalo de contido e financiamento nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 e seguintes e ceder de xeito

inmediato os inmobles necesarios á Universidade de Vigo". Moitas gracias.

SR. PÉREZ CORREA: Nos estamos de acordo coa moción, entre outras cousas porque era un compromiso que dende logo estaba adquirido entre administracións e que forma parte, como dirían os arxentinos, dun tremendo quilombo que hai montado e que cando queremos indagar no mesmo, dende logo levamos, polo menos este grupo municipal, moitas sorpresas, nos descoñecíamos, quizais por ser noveles, pero descoñecíamos que pintaba a Zona Franca en todo isto, e quixemos onte preparando o Pleno investigar, entendemos que as instalacións dun edificio que era titularidade do Ministerio de Defensa, pois o Ministerio de Defensa no seu día podía telas cedido á administración autonómica con toda a naturalidade ou telas cedido ás universidades como está pasando en case toda España, e algo habitual co novo sistema que temos de arquitectura militar que de miles e miles de espazos titularidade do Ministerio de Defensa que se ceden ás universidades, vai pasar en Zamora para o Campus Viriato, vai pasar en Guadalajara coa ampliación da universidade, con toda a naturalidade o Ministerio de Defensa cedeu ou está cedendo inmobles para o desenvolvemento universitario, que problema temos aquí? Pois que aquí, nos aínda non sabemos moi ben, entendemos que sería un problema de financiamento no seu día, por que o Ministerio de Defensa en vez de ceder con naturalidade á administración, se de verdade se pensaba que esas instalación ían ter un uso universitario final, se cederon ou non se cederon no seu día á administración que tiña competencias, que era a Xunta de Galicia, e o que se fixo foi unha venda á Zona Franca, bueno no seu día ao mellor por un problema económico, por un problema incluso de acordo entre as administracións, é Zona Franca a que compra eses terreos, é Zona Franca a que cede eses terreos á administración autonómica, co cal non entendemos que pinta agora Zona Franca comprando os terreos á administración autonómica para logo cedelos á Universidade de Vigo, hai algo que se nos perde, e gustaríanos que se clarexase, e non creo que teñamos tempo nos Plenos con tres minutos por grupo a facer unha retrospectiva da historia do Campus de Mar pero dende logo a nos non nos cadra a presenza da Zona Franca, se nos cadraría pois por algunhas declaracións que a Universidade ten feito nalgún momento que é o problema de buscar socios que colaboren economicamente con este modelo de Campus de excelencia, modelo co

que nos estamos rotundamente en desacordo polo que ten que ver co financiamento privado, coa estratexia Universidade 2015, que é buscar financiamento externo ó público para crear ese campus de excelencia, con tódolos criterios que se poñen enriba da mesa, no seu día tamén pola desaparición de moitos recursos, tanto do CESI como da administración central para crear este tipo de campus, pois que a Universidade de Vigo entendera que a entrada da Zona Franca podía dar algún tipo de pulo económico ao Campus, se iso é así o entenderíamos, pero iso entenderíámolo dentro do proxecto non dentro da transmisión entre administracións dos terreos e a nos se que nos preocupa saber ou polo menos que se nos explique por parte do Partido Popular cal é o problema. A Xunta de Galicia non pode ceder a unha universidade terreos por algún tema legal, pois fagamos a fórmula que se utiliza cando hai dúbidas sobre isto que é a cesión, a 75 anos, a Universidade de Santiago acaba de ceder un inmovible á Xunta de Galicia durante 75 anos para facilitar reformas, ese tipo de cuestións, fagamos que a titularidade siga sendo neste caso, da Xunta de Galicia, pero sexa unha cesión a 75 anos, digamos que pode ser perfectamente asumible que a Universidade de Vigo realice con tódolos socios que queira buscar, un emprendemento económico cuns terreos que non teñen porque ser titularidade, se ese é o problema, polo que vemos que o Partido Popular ten reiteradamente dito de que non é posible a titularidade, pois polo tanto simplemente a cesión, cunha concesión administrativa que permita facer a inversión, pero logo tampouco se clarexan vostedes, primeiro, se era tan urxente porque se bloqueou o Pleno da Zona Franca xa hai tempo onde poderíamos ter desenvolvido esta cuestión, por que non se permite que haxa financiamento dentro dos Orzamentos da Zona Franca, dalgunha maneira terán que arranxalo o Partido Popular e o Partido Socialista que non estea presente nos Orzamentos do ano que ven e que durante mais dun ano non puideramos convocar un Pleno da Zona Franca precisamente para que na orde do día estivera esa cuestión, porque no intermedio houbo solucións audaces para a ETEA, eu escoitei incluso a posibilidade de crear un gueto de vivendas sociais e escoitei de todo, durante un ano a xente ten tempo para pensar e se lle buscaron solucións máis audaces, algunhas delas menos pero solucións que dende logo non ían pola vía do campus, se ese é o problema póñanse de acordo na Zona Franca, orzamenten en 2017 e que se lle pida á Xunta de Galicia cal é o problema para

aceder gratuitamente aos terreos á Universidade de Vigo, porque se o problema é un problema legal que se nos diga cal é.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días a todos. Sra. Caride, estamos moi sorprendidos coa súa moción, porque di que quere impulsar o proxecto do Campus do Mar na ETEA, nos tamén dende o Partido Popular, pero sabe quen é o principal boicoteador de que o proxecto do Campus do Mar non se instale na ETEA, o Sr. Alcalde de Vigo é o que está bloqueando que o proxecto do Campus do Mar se instale na ETEA, un proxecto polo cal se ven pelexando dende hai máis de dez anos, un proxecto do Vigo que queremos dende o Partido Popular, da innovación, do emprendemento, da posta polo talento, porque vostedes dende 2004 a 2009 que estiveron gobernando no goberno de España, tiñan a unha señora do Partido Socialista nomeada polo Partido Socialista aínda que non do agrado do Alcalde, na Zona Franca, non fixeron absolutamente nada, nin moveron un dedo para recuperar para os vigueses eses espectaculares terreos de 115.000 m2 que hai en Teis, non sei que manía lle teñen vostedes a Teis, quizais algo fixeron dende 2004 a 2009 fixeron algo, o día 15 de abril de 2007, abriron o pavillón de deportes da ETEA, sabe para que? Pois para facer un mitin con Abel Caballero en precampaña de municipais e o Sr. Touriño, e sabe o que prometeu o Sr. Abel Caballero naquel mitin? Que si gañaban as eleccións municipais ao día seguinte íanse abrir esas instalacións deportivas na ETEA, e sabe canto tardaron en abrir esas instalacións deportivas da ETEA, unha parte, porque outra aínda segue pechada despois de máis de nove anos, pois tardaron seis anos en abrir ese pavillón, e agora noutro pavillón vaise facer algo que nunca se viu en España nin no mundo, que é tapar unha piscina na que se investiu un millón de euros, vaise investir 350.000 euros máis para tapar esa piscina que lla prometera aos clubs deportivos de natación sincronizada da cidade para facer un pavillón máis, unha pista máis. Outra vez en campaña electoral, no 2009, en febreiro, é cando se volve lembrar o Partido Socialista da Zona Franca e é aí cando se monta o gran negocio do PSOE, vender a ETEA, unha finca espectacular en Teis, á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo, a Xunta de Galicia tiña que pagar dezaoto millóns e medio en dez anualidades, ata o 31 de decembro de 2017 e o Concello once millóns e medio, sabe canto pagou a Xunta? A metade, sabe canto pagou o Concello de Vigo? Cero, non pagou nin o



primeiro céntimo de euro. Voulo dicir moi claro, o Partido Popular quere que o Campus do Mar se instale na ETEA, en Teis, no Edificio Faraday, onde estaba o despacho do comandante, onde está o patio dos laranxos, coñezo moi ben ese edificio porque fixen o servizo militar na ETEA, o coñezo perfectamente, e estou moi orgulloso de habelo feito alí, e como queremos que o Campus do Mar se instale na ETEA por iso en marzo xa a Xunta de Galicia deu luz verde para autorizar un convenio con Zona Franca para cederlle ese edificio, non regalarllo, mire o que dicía o Sr. Salustiano Mato: “estamos moi contentos despois de moito pelexar, esta é unha gran noticia para a Universidade, agradecemos o apoio do Presidente, Sr. Feijóo, da conselleira Ethel Vázquez, da delegada da Zona Franca, Sra. Teresa Pedrosa e do Alcalde de Vigo”, por iso en abril o Comité Executivo da Zona Franca con dous membros que están aquí sentados, do Partido Socialista, aprobou o contido dese convenio, por iso en maio, cando veu o reitor a entrevistarse co Alcalde de Vigo no Concello, tamén o Alcalde sae dicindo que aproba ese convenio, que lle parece ben, que pasou despois? Pois vostedes saberán, en xuño había eleccións, en outono houbo eleccións, agora que xa non hai eleccións, que os cidadán de Vigo lle deron o seu merecido, puxéronlle onde se merecen, pois supoño que este proxecto se desenvolverá.

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Para clarexar os feitos, porque aquí facemos memoria selectiva, estes terreos eran certamente titularidade do Ministerio de Fomento, que llos vendeu á Zona Franca de Vigo polo valor de 30 millóns de euros, a Zona Franca tiña un proxecto, lémbrese vostede a Alcaldesa era do Partido Popular, para facer chalets adosados e apartamentos con vistas, no ano 2009 tomouse a decisión de que eses terreos non foran soamente para uns cantos privilexiados de Vigo senón que foran para tódolos cidadáns de Galicia. Sabe o que di o convenio que o Sr. Valeriano e o Sr. Conselleiro de Facendo e a Zona Franca querían aprobar e afortunadamente retirouse da orde do día, di que as zonas do edificio Faraday, do edificio Siemens, precisas para a implantación do Campus do Mar por parte da Universidade de Vigo, foron transmitidas á Xunta de Galicia no convenio citado, no primeiro apartado este é o oitavo, estas zonas teñen en conxunto un valor estimado de 5,5 millóns de euros, e a proposta é permitir o desenvolvemento dos obxectivos previstos para a Universidade de Vigo, para conseguir ese obxectivo a

Zona Franca ten que recompralos e logo cedelos, se vostedes tamén lle parece un escándalo maiúsculo, pero lean os documentos, é que a min paréceme o mundo ó revés, vanlle comprar á Xunta de Galicia que é a titular dos terreos, que ademais ten a obriga legal de expropiar todos aqueles que non sexan deles, vanlle recomprar os terreos por 5,5 millóns de euros, cando hai moitos outros sitios onde a Zona Franca pode investir, por exemplo na Panificadora, 5,5 millóns de euros para a Panificadora e, podemos botar a andar moitos outros proxectos en Vigo sen necesidade de cumprir coas obrigas que teñen outros, que ten a Xunta de Galicia, a min paréceme certamente sorprendente, sabe que son eses 5,5 millóns de euros? O único que en desenvolvemento dese convenio se pagou, pagouse no ano 2009, 5,5 millóns de euros e o que se pagou agora se compra, o Concello de Vigo tiña unha obriga pero estaba vinculada a execución por parte da Xunta de Galicia, do túnel de Xulian Estévez, creo que non está construído, non sei se algún cidadán de Vigo pode pasar por el, pero creo que non está construído, polo tanto a obriga do Concello de Vigo quedou prescrita e o mesmo convenio, igual que o plan sectorial, din que a Xunta de Galicia ten que expropiar os terreos, pero vostedes que teñen contra esta cidade, que cren que as competencias doutros as rematemos pagando os vigueses, os terreos da Universidade de Vigo temos que pagalos os vigueses, no Campus da Universidade de Vigo, os terreos da ETEA para instalar unha instalación da Universidade de Vigo tamén queren que rematemos pagando os vigueses, directa ou indirectamente, deixen de botar os custes a Vigo e pidan que cedan os terreos que son deles, é de sentido común Sr. Fidalgo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 29.09.2016 (Rex. Nº 1434/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**13(163).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RESPONDER Á CIDADANÍA VIGUESA CUBRINDO OS PATIOS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA CIDADE. REXISTRO PLENO 1438/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1438/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

A escola, hoxe en día, ten que ser un espazo educativo integral e non soamente unha cuestión de múltiples aulas.

Todos os seus espazos, tamén os exteriores e deportivos, teñen que poder ser utilizados como espazos de traballo pedagóxico, construtores de actitudes e valores.

Cada vez máis, nos centros educativos, son demandadas actividades como aulas matinais, comedores ou actividades extraescolares. Pero moitas veces, os espazos nos centros educativos e as súas condicións físicas, condicionan os programas e as actividades ofertadas.

É imposible poder realizar actividades deportivas cando non existen nin patios nin pistas cubertas que permitan manter esas actividades no inverno.

O deporte, ademais de ser necesario para manter unha vida saudable, aumenta a autoestima, fomenta o traballo en equipo e aumenta a sociabilidade do alumnado, por iso son totalmente imprescindibles unhas instalacións adecuadas, que permitan completar e diversificar a oferta formativa dos centros escolares.

O goberno de Vigo, co seu Alcalde á cabeza, comprometeuse, mais alá das súas

competencias, con algo tan importante como é a Educación. Dedicáronse moitos recursos, esforzos e ilusións para mellorar as instalacións públicas educativas da nosa cidade, pero ese compromiso ten que verse tamén na Administración Autónoma, un compromiso con Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a responder as peticións das viguesas e vigueses cubrindo os patios dos centros educativos públicos da cidade, cando menos no mesmo número realizado polo Alcalde de Vigo, Abel Caballero.”

#### DEBATE:

SRA. ALONSO SUAREZ: Bo día a todas e a todos. 1970-1980, entre estas dúas datas foron construídos boa parte dos centros públicos de infantil e de primaria da nosa cidade, é dicir, falamos dunhas instalacións de máis de 40 anos, a antigüidade dos centros dificulta a súa adaptación aos novos usos e necesidades da comunidade educativa e requírense investimentos significativos para a súa adecuación, porque a calidade das infraestruturas educativas pode condicionar e de feito faino, o desenvolvemento tanto das actividades lectivas como non lectivas nos centros escolares, a escola hoxe día ten que ser un espacio educativo integral e non soamente unha cuestión de múltiples aulas, as escolas ademais de ser un lugar onde as nenas e os nenos aprenden, tamén é o lugar onde pasan mais tempo despois do seu propio fogar, tamén son lugares de convivencia onde se expresan e desenvolven as relacións entre os distintos membros da comunidade escolar, por iso as infraestruturas educativas son moi importantes, no informe Pisa que algúns lles gusta tanto e quitan, existe un apartado que fala da calidade das infraestruturas físicas dos centros escolares, onde se di “que un maior nivel no índice, indica unha mellor calidade das infraestruturas” tódolos espazos das escolas, tamén os exteriores e deportivos, teñen que poder ser utilizados como espazos de traballo pedagóxico, construtores de actitudes e de valores, cada vez máis nos centros educativos son demandadas actividades como aulas matinais, comedores ou actividades extraescolares, pero moitas veces os espazos e as súas condicións físicas, condicionan os programas e as actividades ofertadas, é

imposible poder realizar actividades deportivas cando non existen nin patios nin pistas cubertas que permitan manter esas actividades no inverno, os beneficios do deporte sabémolos todos, para manter unha vida saudable, para fomentar o traballo en equipo, para aumentar a sociabilidade do alumnado, por iso son totalmente imprescindibles unhas instalacións adecuadas que permitan complementar e diversificar a oferta formativa dos centros. Hai uns anos elaborouse un estudo por parte do servizo de Educación do Concello sobre o estado das instalacións deportivas en corenta e dous centros públicos de infantil e primaria, partindo da situación no momento e das necesidades dos centros recollíase o importe estimado dos investimentos a realizar e aí ven o problema, inversións e competencias, segundo a Lei de administracións públicas, LRSAL, aprobada polo Partido Popular, o Concello soamente ten competencias no mantemento, conservación e vixilancia dos centros educativos, polo tanto quen quere facelo non pode e que ten que facelo non quere. Galicia ten transferidas as competencias de Educación dende o ano 1983, o Partido Popular gobernou nese período 26 anos e vai seguir gobernando catro anos máis, polo tanto a responsabilidade da actual situación educativa é soamente súa e seguirao sendo porque lémbrolle que o Sr. Rajoy, presentou á Unión Europea o programa de estabilidade 2015-2018, comprometéndose á redución do gasto en Educación ata chegar ao 3,7% do PIB no ano 2018, ousexa, volver ás cifras do ano 1990, retrocedendo 26 anos. O goberno de Vigo co seu Alcalde á cabeza comprometeuse, máis ala das súas competencias, con algo tan importante como é a educación, dedicáronse recursos, esforzos, ilusións, para mellorar as instalacións públicas educativas da nosa cidade, o único patio exterior cuberto é o que fixo o Alcalde de Vigo, pero este compromiso ten que verse tamén na administración autónoma, un compromiso con Vigo e coa súa cidadanía, Sr. Feijóo, señores e señoras do Partido Popular escoiten e respondan ás peticións da comunidade educativa viguesa e cubran os patios dos centros educativos públicos da cidade, cando menos no mesmo número realizado polo alcalde e permítanlle aos escolares de Vigo desenvolver o deporte e a súa vida escolar nunhas mellores condicións.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Nós, o grupo da Marea, por suposto imos votar a favor desta moción porque nos parece de xustiza por todo o que a concelleira acaba de

dicir e o clima que temos neste país fai que teñamos que ter os patios dos colexios cubertos. Está claro que cando se fixeron as instalacións de tódolos colexios do Estado, fixéronse en tódalas partes igual, co cal non ten nada que ver o clima de Galicia co clima de Andalucía, entón iso é unha eiva que evidentemente hai que corrixir, estamos de acordo, por suposto, imos votar a favor, o que si queremos dicir, que agradecemos evidentemente que o Concello cando a Xunta de Galicia non cumpriu os seus deberes cubrindo estes patios, que o fixese, pensamos que está ben pero evidentemente ten o tería que facer sería a quen lle corresponde, cada un que cumpra os seus deberes. Tamén quería apostilar de que di vostede que o Partido Popular nos seguirá gobernando durante catro anos máis, imos seguir sufrindo as súas políticas pero sempre será se o Partido Socialista quere, nin máis nin menos.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Bos días a todos. Precisamente polo que acaba de expresar agora a concelleira do Partido Socialista e imos contar un pouco dende o ano 2009, porque xa non nos remontamos atrás, que a Consellería de Cultura e Educación ten investido máis de 15 millóns de euros en melloras en centros educativos en Vigo, ademais obras consensuadas cos directores e profesores para priorizar os investimentos en numerosas obras que se fixeron, e podemos dicir que agora está en marcha a recen licitada ampliación do IES de Teis e a ampliación do Castelao, que son dúas obras moi importantes nesta última lexislatura, pero tamén se fixo a reforma completa do CEIP Virxe do Rocío, a construción da escola superior de Arte Dramático, a rehabilitación do centro de educación especial Saladino Cortizo, que supuxo ademais un investimento de máis de 8 millóns de euros para dar resposta aos usuarios deste centro, o que demostra a preocupación da Xunta de Galicia e da política de educación do Partido Popular pola atención á diversidade, a reforma integral do CEIP Vicente Risco, abandonado totalmente polo Concello, no que a mantemento se refire porque cada un aquí, falamos antes de competencias, falou tamén o concelleiro de Facenda e cada un ten as súas competencias e no ámbito de mantemento o Concello tamén ten aí pois a súa responsabilidade, a primeira e segunda fase do CEIP Altamar, que estamos á espera de que se poidan ceder uns terreos para que se poida ampliar ese colexio, o CEIP Pombal, estamos colaborando na dotación da aula do Seis de Nadal, en

Balaídos, Carballal-Cabral, Carrasqueira, Emilia Pardo Bazán, e unha infinita lista de obras, insisto, 15 millóns de euros de investimentos sen ter en conta a ampliación do IES de Teis, do Castelao que supoñen outros millóns de euros de investimento para a seguinte lexislatura.

En materia de comedores realizáronse ademais importantes obras de ampliación dos comedores escolares porque foi unha política que se pedía e púidose compaxinar e puido facer que a Xunta asumira progresivamente os comedores, que antes eran das ANPAS, e fíxose nesta lexislatura, incrementáronse as prazas de comedor, fixéronse obras de adaptación en moitos colexios para que puideran tamén os pais ter unha facilidade na conciliación laboral e escolar cos fillos, esta foi a liña de actuación na época de vacas fracas por parte da Xunta de Galicia, de obras e nunca abandono e sempre atención aos centros de Vigo para que a educación siga sendo así e por suposto, como di vostede, para estar outros catro anos porque estamos catro anos máis porque nos votan, non por outra cousa, vótannos nas urnas e por iso será que as cousas estanse facendo ben.

Hai unha cousa que di na moción que é “instar á Xunta de Galicia a responder ás peticións dos vigueses e viguesas, cubrindo os patios dos centros educativos públicos da cidade” e a última frase que non está na orde do día que é “cando menos no mesmo número realizado polo Alcalde de Vigo, Abel Caballero”, paréceme algo absurdo cando cubriu un patio e xa dixo antes tamén o Sr. Fidalgo, na súa intervención, que agora outra obra do Plan E que foi na ETEA, a piscina, van cubrila porque non se lle deu utilidade, entón hai que xestionar ben os recursos de todos e dígolle que xa cando menos fixemos o mesmo que o Alcalde de Vigo que foi a cuberta en Balaídos e na Emilia Pardo Bazán, entón non sei cada un ten que ter as súas competencias, isto non é unha subhasta, é dicir, bueno que a Xunta faga tantos como fixo o Alcalde ou que o Alcalde faga tantos como fixo a Xunta, é dicir, a Xunta está atendendo con rigor e con necesidade ós centros educativos para que haxa calidade, os directores e o profesorado esixen, quizais, non moitos casos que estou revisando aquí as obras, mellorar o que é o piso e o patio e non a cuberta porque cren que é máis necesario, o que son as fiestras, a calefacción, a mellora das aulas, a mellora das salas dos profesores, se é verdade que os centros

cunha antigüidade determinada necesitaban reformas e fixéronse as reformas. Por suposto que continuaremos nesa senda e nesta lexislatura, que temos catro anos por diante, faremos a cuberta de moitos patios porque será necesaria, polo tanto imos absternos, agora que inclúan nesa frase “cando menos no mesmo número realizado polo Alcalde de Vigo, Abel Caballero” e fixo un patio cuberto, pois creo que podían tela evitado porque aquí estamos falando con rigor e non estamos en “ti fas mais e eu fago menos”, cada un que atenda as súas competencias e eu creo que neste caso ademais a consellería de Educación ten atendido con rigor e con responsabilidade e cos recursos que ten os centros educativos desta cidade, centros públicos e vai seguir nesa senda, precisamente porque aquí dende Vigo imos esixirillo así e así se fará e non quedará ningún alumno sen ter oportunidades e igualmente en tódolos colexios públicos e centros públicos coas instalacións que se merece. Por iso gañamos as eleccións e seguiremos gobernando e seguiremos nesta senda e faremos as obras necesarias, imos absternos, insisto, pero creo que o plantexamento desta moción non é o adecuado e deberían, cando menos, por unha lista, unhas esixencias, uns centros concretos onde vostedes cren que debe realizarse a cuberta deses patios, porque así nos teríamos tamén un pouquiño máis de rigor nesta moción e saberíamos exactamente cales son as necesidades que son as que está cubrindo a consellería de Educación. Moitas grazas.

SRA. ALONSO SUAREZ: Imos deixar claras unhas cousas, primeiro, as competencias son da Xunta, que quede claro, despois, é verdade que este Concello empezou a cubrir unha pista e o Alcalde nunha entrevista co Presidente da Xunta, non co conselleiro, co Presidente da Xunta, levoulle as peticións de tódolos colexios que querían cubrir os patios, vinte e cinco e lle dixo, temos o compromiso de esta cidade de que cubrimos os patios polo menos a metade cada un, nos cubrimos un, cantos cubriu a Xunta, cero, se que é verdade que vostede está falando de obras que se fixeron nos colexios e fixéronse e fixéronse co esa frase tan bonita que esgrimen vostedes de “con menos facemos máis” a min que mo expliquen, eu é que ademais son profesora de matemáticas, a min de con menos facemos máis é difícil de entender, pero sobre todo porque vostede fala de cousas como unha reforma integral do colexio Vicente Risco, mentira, cambiáronlle a cuberta, vostede mesma dixo dúas veces “unha reforma integral” do colexio e non é verdade, como



se fan as cousas, están mentindo, como se fan as cousas, como as fan vostedes, primeiro, empezamos a facer naqueles colexios que ou porque hai unha demanda de pais que se sublevan ou porque son amigos de non sei quen, a min que mo expliquen tamén, non hai un plan de obras e sobre todo o que hai é voulle dicir aquí o que hai, é que uns meses antes das eleccións galegas foron chamando aos centros para dicirlle como vostede ten pedida esta obra voulle mandar catro mil euros, no meu colexio temos pedido o cambio dos falsos teitos de todo o colexio e dixéronme mandámosche catro mil euros para que o fagas, a ver que me expliquen como, pero que en principio so recibín mil cincocentos, a ver como cambio os falsos teitos do colexio, estou falando do que coñezo e estou falando da realidade e a realidade é que a comunidade educativa esixe que se fagan inversións no ensino público, ten que crelo dunha vez, o Presidente e vostedes teñen que crelo dunha vez, investir en Educación é investir en futuro.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 29.09.2016 (Rex. Nº 1438/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

**14(164).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de xullo e 22 de setembro de 2016.

**15(165).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de xullo e 22 de setembro de 2016.

**MOCIÓNS.**

**16(166).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN A ACORDAR UNHA FÓRMULA URXENTE PARA AS CONSTRUCIÓNS DE VIVENDAS UNIFAMILIARES CON LICENCIA SOLICITADA DURANTE O PERÍODO DE VIXENCIA DO PXOM . REXISTRO PLENO 1435/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1435/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O pasado 22 de setembro, curiosamente dous días antes da celebración do proceso electoral autonómico, o consello de goberno da Xunta de Galicia aprobou un decreto polo que se aprobaba definitivamente o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia. O regulamento, tal e como figura no decreto, entrará a en vigor un mes a partir da súa publicación no DOGA.

Dito regulamento pecha o ciclo de aprobación dos mecanismos contidos nesta lei e pon en marcha de xeito análogo a homoxeneización dos conceptos urbanísticos en todos os concellos e unifica regulamentos estatais e autonómicos como o de planeamento e xestión e o de disciplina urbanística. Un regulamento polémico que para a Marea de Vigo artella mecanismos urbanísticos con menor control coa motivación dunha suposta necesidade de axilidade dos trámites administrativos.

Con este regulamento aprobado, os trámites de redacción e aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Urbana son modificados substancialmente así como as categorización dos solos rústicos e os urbanizables onde, por exemplo, suprímese a tradicional do solo urbanizable en solo urbanizable delimitado e solo urbanizable non delimitado.

O regulamento, por exemplo, establece a metodoloxía pola cal o PXOM pode xustificar a súa capacidade máxima residencial e polo tanto os desenvolvementos residenciais propostos, baseando o seu cálculo *“nos factores determinantes e característicos de cada concello: crecemento da poboación, número de vivendas existentes, ocupadas e baleiras, tamaño medio do fogar e da vivenda, e outros que o redactor do plan considere de interese para a dita xustificación.”*

Non é nin moito menos nin a lei nin o regulamento que a Marea de Vigo nin En Marea no parlamento de Galicia defendería, pero si vai definir (alomenos nestes próximos catro anos) os instrumentos que van regular a redacción e aprobación dun futuro PXOM para Vigo polo que, coa fin de non dilatar máis os traballos para dotarnos dun planeamento urxentemente, os traballos do novo PXOM deberán ser adaptados a esta nova realidade.

Esta nova lei e o seu regulamento permiten entre outras cousas a elaborar un documento estratéxico e un borrador do plan que, por exemplo, sexa concretado sen participación dos sectores sociais e cidadás que poidan ser parte activa do planeamento, mesmo fan do proceso de alegacións un mero trámite administrativo como se un PXOM fose un proceso público menor, algo que Marea de Vigo denuncia, pero que parece ser que non vai ser emendado por este goberno local na nosa cidade.

Namentres, centos de familias que ao abeiro do PXOM do 98 solicitaran licencias de construción de vivendas unifamiliares, están agora atrapados nun planeamento do 93 que contiña criterios diferentes ao anulado e que agora son vixentes.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

#### ACORDO

1. Acordar unha fórmula urxente de resolver estes casos de construción vivendas unifamiliares con licencia de edificación solicitada durante o período de vixencia do PXOM anulado sobre as posibilidades que ofrezca o vixente do 93.
2. Constituír unha comisión informativa especial de Planeamento que de xeito monográfico siga os traballos de concreción e redacción do novo PXOM e que,

ao mesmo tempo, permita ter un documento estratéxico e borrador participado e coñecido pola cidadanía viguesa. Esta comisión emitiría informes de seguimento tanto para o consello da xerencia de urbanismo como para o propio pleno.

3. Esixir á Xunta de Galicia que de acordo co artigo 60.1 da Lei do Solo de Galicia facilite toda a documentación solicitada por este Concello, de xeito coordinado entre os diferentes departamentos autonómicos.

DEBATE.

SR. PÉREZ CORREA: Traemos aquí unha moción cunha fonda preocupación de como están acontecendo as cousas en materia de urbanismo, non só no Concello senón o que está pasando na Xunta de Galicia con algunhas cuestións que van sendo aprobadas, non digo con nocturnidade porque foi absolutamente diúrna que foi a aprobación do Regulamento que acompaña á Lei do Solo, quizais todos pola voracidade electoral que estabamos pendentes doutras cousas, dous días antes de que se produciran as eleccións o 25 do mes pasado, pero curiosamente dous días antes a Xunta de Galicia, despois de ter durante bastantes meses ese Regulamento que acompaña á Lei do Solo parada, pois aprobouse non sei se por medo ao que puidera pasar o domingo, ese medo xa non existe polo tanto tranquilidade absoluta e ese Regulamento está aprobado e polo que vemos ese Regulamento vai ditar durante os próximos catro anos pois as cuestións tan importantes como a elaboración dun Plan Xeral, e digo preocupados porque estamos vendo que seguimos sistematicamente buscando balóns ao área ou todo revolto para intentar eludir unha responsabilidade de este Concello que é a santa elaboración dun plan xeral xa, xa sei que se nos di que se está facendo, presentóusenos aquí un montón de documentos que como os vimos na distancia imos crer e imos ser positivos e imos crer que eses documentos eran documentos relacionados coa elaboración dun plan xeral, pero que agora hai cuestións a partir, esperemos ese mes e a súa publicación no DOG dese Regulamento, hai xa cuestións ineludibles para empezar a traballar xa nun concreto neste Concello, en primeiro lugar, cremos que xa é bastante evidente que non haberá atallos á redacción dun novo plan xeral, é bastante evidente, sei que o Alcalde anunciaba que hai un as na manga dunha nova proposta legislativa, posiblemente estean

traballando nunha nova proposta lexislativa, posiblemente se estea traballando incluso en recuperar algunhas cuestións que estaban no Plan do 2008, pero nos dicimos que co Regulamento que aprobou a Xunta de Galicia e a propia Lei xa non haberá capacidade de encaixar o Plan xeral do 2008, polo menos nas cuestións que imos relatar nesta moción e que pensamos que teñen que poñerse enriba da mesa. En Primeiro lugar, mentres seguimos nesa batalla de que hai que facer co planeamento, mentres seguimos eludindo que hai que redactar un novo Plan Xeral, que hai que redactalo incluso adaptado ao novo Regulamento que xa non nos vai deixar poñer ese Plan Xeral, o que temos falado en reiteradas ocasións, en edificabilidades extensivas, xa non nos vai deixar sortear a avaliación ambiental estratéxica, xa non nos vai deixar facer un plan xeral a 25 anos, cunha cidade de 450.000 habitantes que non vai existir nunca, nos o que dicimos é que hai persoas afectadas e non imos entrar no debate da disquisición das responsabilidades que sei que tanto lle gustan ao Partido Popular, ao PSOE, á Xunta e ao Concello, de ver quen é o responsable ao final do agravio que se lle está producindo a moitos vigueses e viguesas, queremos saber se se vai a dar algún paso, se xa todos asumimos que imos ter que redactar un novo Plan Xeral, é certo que un Plan Xeral cotado nos tempos de redacción e aprobación por un Regulamento aprobado polo Partido Popular que nos pensamos que é perigoso, é dicir, para os concellos de menos de 5.000 habitantes vaise facer unha especie de tarifa plana de Plan Xeral de aprobación case inmediata e para os concellos maiores seguramente con períodos menos abertos de participación pública, menos abertos de tomar datos sociolóxicos, económicos, educativos, culturais dunha cidade á hora de redactar o planeamento, pero mentres nos esteamos niso, a pesar dos prazos cotados, hai moitas familias atrapadas nunha realidade que é o Plan do 1993, é certo que se quitaron os cupos para algunhas parroquias, é certo que se están intentando algunhas modificacións puntuais do 93 pero a base do problema son as familias que hipotecaron, que venderon, que adquiriron terreos, que pediron licencia sobre unha legalidade e sobre esa legalidade que pediron que non existe, están nun limbo e dende logo nun silencio administrativo moitas veces, que imos facer con esas familias e que este Pleno debería discutir monograficamente, eu creo que este Pleno ou unha comisión, que imos facer para solventar esa situación, non son poucas familias e a parte estamos falando de xente que hipotecou o seu

patrimonio persoal para facer vivendas unifamiliares, non estamos falando de grandes promotores que sabemos que van chorando polas esquinas pero que a nos como grupo da Marea de Vigo nos preocupan pouco, preocúpanos máis a realidade destas familias que están atrapadas nun Plan do 93 que como todos sabemos tamén foi improvisado despois dunha anulación e que tomaba en consideración algunha cuestións urbanísticas como evitar na medida do posible a expansión da cidade, pedimos que se faga algo e sobre todo que se clarifique sobre a nova Lei e o Regulamento.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Moitas gracias Sr. Presidente. Novamente falamos neste Pleno do Plan Xeral de Vigo e desgraciadamente unha vez máis falamos neste Pleno do Plan Xeral non por iniciativa do goberno municipal senón á iniciativa da oposición, no pasado Pleno presentamos dende o grupo municipal do Partido Popular unha moción onde volvíamos pedir datos ao goberno que informara a tódolos vigueses e viguesas do que estaba facendo exactamente para a elaboración dun novo plan xeral, lembrándolle que dende o mes de decembro no que este Pleno aprobou que se ía iniciar os tramites para facer un novo Plan Xeral houbo unha ausencia absoluta de información por parte do goberno e polo tanto estase xerando en toda a cidade unha dúbida máis que razoable de exactamente que é o que están facendo e se están facendo algo, porque si sabemos esas solucións que se quixeron quitar da manga, botar balóns fora, culpar a outras administracións aínda que foran as que gobernaban pero non sabemos nada máis, non sabemos nada máis e o grave non é que non lle dean información aos grupos da oposición, o grave é que se están negando a información aos cidadáns, aos centos de familias directamente afectadas, ás inversións que están paralizadas, a eles son aos que están negándolle a información, non aos representantes do grupo municipal de Marea ou ao grupo municipal do Partido Popular, xa sei que a nós non nos respectan, xa sei que non respectan aos votantes que nos puxeron aquí para facer oposición ao seu traballo, xa sei que respecto por nós teñen moi pouquiño pero polo menos pedímoslle respecto para tódolos vigueses e viguesas directamente ademais afectados, están bloqueando o desenvolvemento desta cidade para os próximos anos pero teñen que darlle resposta a esas familias, levamos dez meses de baleiro, baleiro total, de anuncios incumpridos, de xeitos

espectaculares, no pasado Pleno a Sra. Caride quitounos un carpetón e anunciounos a bombo e platillo que tiñan o 5% do plan feito e que ademais daría á Xerencia a oportuna información. Sr. Font, de verdade, ten que tranquilizarse cando escoita as verdades, na Xerencia non deron absolutamente nin un so dato, na Xerencia datos cero, están as actas das reunións da Xerencia, están as preguntas insistentes dende o Partido Popular de que é o que están facendo e a súa calada por resposta, cero, actos de fe nos piden e nin unha soa información, o outro día tiñan unha boa oportunidade para dar información de que é o que están facendo, se houberan ido a unhas xornadas organizadas pola Federación de Veciños para falar do Plan Xeral e para explicarlles aos veciños directamente á cara que é o que están facendo para resolver os seus problemas, pero puido máis a covardía política, puido máis o saber que non se lles pode mirar aos ollos e dicirlles o que están facendo, é sinceramente lamentable Sra. Caride, que dera vostede a calada por resposta, que se haxa negado a ir falar cos veciños e que non quixera explicarlles cara a cara iso que tanto están vostedes facendo, porque se estiveran facendo tanto non terían tantos problemas en contalo, contarllo a todos e contalo con transparencia que lles pedimos transparencia ao menos nisto, nunha soa cousa, xa sabemos que no resto non, todo o fan á contra, todo o fan co non, todo o fan facendo oposición á oposición, nisto non, nisto queremos colaborar e queremos que vostedes se enteren de que é un problema de cidade e que dende logo nos e tódolos membros da oposición estamos dispostos a colaborar, pero mire é que para facer un novo plan xeral fan falla dúas cousas, fai falla vontade política para facelo e fai falla capacidade de xestión e o problema que temos nesta cidade é que a vostedes lle fallan as dúas, non teñen vostedes capacidade de xestión, son incapaces de manexar un problema desta magnitude, se nin sequera son capaces de avanzar nun contrato pequeno que lles imos pedir para facer, nada máis nin nada menos que un plan xeral e, en segundo lugar, lle falla vontade política está clarísimo, os pobres funcionarios de Urbanismo non teñen nin unha soa dirección, de onde queren telo, preguntámonos é que non lle saen as contas politicamente, é que contaron os meses e non lles dan as contas, cren que o plan xeral vaise achegar demasiado ás eleccións municipais que é o único que lle importa ao Sr. Alcalde, que pasa, que como non queren correr ese risco non lle importa paralizar á cidade, non lle importa paralizar o desenvolvemento de Vigo, non lle importa que

todas estas familias estean neste momento sen unha solución clara para as súas vidas e non lle importa nada máis que os seus intereses electorais, nos imos apoiar esta moción porque cremos e seguiremos crendo que as comisións, que unirnos, que colaborar, eses verbos que a vostedes lles custa conxugar, é fundamental para que poidamos avanzar entre todos e por iso a imos apoiar e pedímoslle de verdade Sr. Alcalde, poña por riba tódolos intereses dos cidadáns e esquézase do seu interese político, xa sei que sendo do Partido Socialista lle custa, estámolo vendo en España pero por favor, faga un esforzo.

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Sra. Muñoz, retomando as súas verbas precisamente na súa intervención, eu hei de recoñecer que lle dou a razón, vostede non sabe nada, é a única realidade que vostede dixo, hei de recoñecer que non deixa de ser unha posición un tanto éstrana, tanto do grupo de Marea como do grupo Popular, porque dende o primeiro momento este Concello tomou a decisión, este goberno municipal, de intentar resolver o problema que tiñamos buscando solución precisamente pensando nesas familias, precisamente pensando nas familias que deixaron un proxecto a medias ou ben aqueles que tiñan previsto botar un proxecto adiante e hoxe desafortunadamente non o poden facer, por iso adoptamos vías para buscar unha solución e a Xunta de Galicia nos puxo un pe na cabeza a tódolos vigueses e viguesas, porque tiñamos unha vía de solución que daba cobertura a todos estes casos, Sra. Muñoz, por certo o grupo de Marea tampouco estaba de acordo con que puideramos manter a vixencia do Plan do 2008, polo tanto agora non sei canta preocupación teñen, porque o Plan do 2008 se puido recuperar, a verdade é que resulta bastante incomprendible o seu posicionamento. Dende un primeiro momento este goberno municipal tomou tódalas vías precisas para intentar que Vigo resolva o seu problema de urbanismo o antes posible e si, adaptaremos tódalas decisións previstas e posibles, por suposto a redacción dun novo plan xeral na que estamos traballando, pero por suposto tamén calquera outra medida paliativa que poida resolver problemas puntuais que poden aparecer na cidade, claro que si, non imos esgotar ningunha vía, por certo, falamos dos afectados, si, e claro que a moitos deses afectados se lles escoita e por certo moitos deses afectados afortunadamente poden resolver os seus problemas adaptándose ao Plan do 93, de tódolos casos onde se viron



atrapados cunha licencia solicitada, 63 casos, desafortunadamente o 38% deles non somos capaces de darlle a resposta co Plan do 93, pero o 62% restante, si, polo tanto hai casos que xa están resoltos e outros que están en vías de solución para adaptalos ao Plan do 93, neses casos, sen necesidade da apertura dun novo expediente, porque entre os técnicos privados e os técnicos municipais estamos intentando dar unha solución e a todos aqueles casos onde a solución non foi posible, devolvéndolle por suposto o 100%, so fallaba, das taxas municipais, polo tanto estamos traballando para intentar solventar os seus problemas, pero como lle dicía, para tentar solventar eses problemas o primeiro que un ten que ter é un marco legal claro, e a verdade que o marco legal non está claro a día de hoxe, porque como ben dicían o 22 de setembro, a Xunta de Galicia aprobou un Regulamento, nos non o coñecemos, non temos nin idea do que di ese Regulamento, pero non o coñece este Concello nin o resto de concellos de Galicia, nin o coñece a Federación Galega de Municipios e Provincias, nin o coñece o Colexio de Arquitectos, nin o coñecen os promotores, ninguén coñece nin o contido e alcance dese Regulamento, coñecemos o borrador, fixemos 105 alegacións a ese texto dese borrador, non sabemos cales se aceptaron e cales non, non temos nin idea do que contén ese Regulamento e a día de hoxe non está publicado no Diario Oficial de Galicia, polo tanto non sabemos o que aprobou a Xunta de Galicia, pero ten consecuencias tremendamente importantes para o desenvolvemento do novo Plan xeral de ordenación municipal en Vigo, como lle dicía, nos estamos traballando en dous documentos, coa información que temos, nos dous documentos que permitirán iniciar o procedemento ambiental para a aprobación dese Plan, o documento do borrador é o documento inicial estratéxico, dentro desa información por suposto podemos avanzar en moitas cousas sen necesidade de coñecer o contido e o alcance concreto do Regulamento pero hai outras cousas que é imprescindible coñecer o contido e o alcance dese documento, en calquera caso, as iniciativas que aquí aparecen é que xa as estamos facendo, polo tanto claro que estamos intentando buscar solucións a aqueles casos que se quedaron atrapados precisamente pola anulación do Plan, claro que xa pedimos información á Xunta de Galicia pero non nola deron, remitindo o mesmo artigo pero non nola deron, e claro que garantimos que o proceso de información pública vai ser totalmente transparente coa facultade de que todos aqueles que teñan algo que

dicir sobre o Plan Xeral o podan facer e por suposto respondendo como é debido ás alegacións presentadas, nun proceso de participación si, pero o primeiro que precisamos para que ese proceso de participación poida iniciarse ademais é coñecer de xeito claro a lexislación vixente e desafortunadamente a día de hoxe non temos nin idea do contido e o alcance dese Regulamento, quizais a Sra. Muñoz o coñeza, dende este grupo non, a sociedade de Vigo non, o sector non.

SR. PÉREZ CORREA: O Regulamento por desgracia está aprobado, como por desgracia está aprobada a Lei do Solo, non temos ningunha dúbida da posición que mantivo o Partido Socialista ou ADE no seu día sobre o articulado desa Lei e logo as dúbidas que tamén nos entrou co Regulamento, é certo que é difícil, e seguramente Vigo vai ser cobaia á hora de elaborar un plan xeral, seremos seguramente a única gran cidade de Galicia que terá de xeito inmediato adaptarse a ese novo Regulamento, pero hai cuestións enriba da mesa que están no Regulamento que para nós xa nos da algunha indicación do que temos que facer, aprobouse un borrador e nun mes está publicado no DOG, eu entendo que o Partido Popular coa súa maioría nun mes vainos dicir a tódolos concellos de Galicia, aquí está o Regulamento, eu vou dicir unha cousa que si que di e que contradí absolutamente o Plan do 2008, que di “nos factores determinantes e característicos de cada concello, crecemento da poboación, número de vivendas existentes ocupadas e baleiras, tamaño medio do fogar e outros que o redactor do Plan considere de interese para a xustificación son os que poderán xustificar os desenvolvementos residencias propostos”, co cal xa con isto, repito, o Plan do 2008 non entra, non o sabemos pero este goberno aínda estaba hai un mes intentando calcar o número de edificación, o número de vivendas nos primeiros tramos do Plan Xeral dicindo que para Vigo eran necesarias, hai algunhas consideracións que este goberno manda á Xunta de Galicia nas que di que Vigo ten que deixar facer na cuestión do planeamento, a Área Metropolitana para iso entón teremos que defender que nos coordinemos tódolos concellos porque non pode ser que tódolos concellos sumadas os números de vivendas que teñen o planeamento de Mos, o planeamento de Vigo e o Planeamento dos concellos da Área Metropolitana practicamente saía a unha vivenda por cidadá da Área Metropolitana, eu creo que aí entramos noutro debate, pero tamén introducimos

unha cuestión enriba da mesa que a información que se nos está dando agora, da porcentaxe de casos resoltos, da porcentaxe de casos non resoltos, iso é descoñecido por este grupo municipal, porque estamos vendo que a Xerencia de Urbanismo non vale para acalar e para discutir estas cuestións, a nós gustaríanos como fixo o Concello de Lugo a semana pasada, gobernado por vostedes, que se abra unha comisión de planeamento que podamos seguir en tempo real e se ten que durar cinco horas, dura cinco horas, todos e cada un dos casos, que se lle responda de maneira escrita, persoal a todos e cada unha das persoas que teñen presentadas reclamacións sobre as cuestións da súa vivenda, e para iso se a Xerencia de Urbanismo non é o lugar, unha comisión de Pleno pode facelo, que se diga cales son os documentos que se lle pediu á Xunta e cales se negaron, porque agora a Lei se que di que haberá que agrupar de tódolos departamentos e presentalos nun prazo de tres meses, porque levamos máis de tres meses escoitando que a Xunta da documentos, a nos a Xunta de Galicia dinos que si que se entregan, vos decides que non se entregan nesa documentación, unha comisión de planeamento simplemente, de maneira normal.

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 29.09.2016 (Rex. Nº 1435/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**17(167).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A APOIAR Á UNIVERSIDADE DE VIGO, APLICANDO O ART. 74 DO RDL 2/2004, QUE PREVÉ UNHA BONIFICACIÓN DO 95% NO PAGO DO IBI PARA OS INMOBLES DOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN E OS DE ENSINANZA UNIVERSITARIA. REXISTRO PLENO 1437/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1437/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“A Universidade de Vigo configúrase como unha institución esencial no desenvolvemento cultural, académico, social e económico da nosa cidade. Fundada en 1989, as súas instalacións acollen cada curso a máis de 22.000 estudantes nos diferentes graos, másters e doutorados.

Durante os últimos anos, a nosa universidade ten sabido adaptarse ás dificultades económicas mantendo sempre a súa excelencia académica. Neste sentido, o 12º informe da Fundación Coñecemento e Desenvolvemento, feito público fai unhas semanas, afondaba no empeño das universidades en manter a súa calidade. Un esforzo que sitúa á de Vigo como a 15º institución, dun total de 59 universidades entre públicas e privadas, con maior produción científica durante o período 2010-2014.

Esta clasificación implica, sen dúbida, unha mostra do bo facer da nosa universidade. Un traballo ben feito nunha época moi complicada que, desde este grupo municipal, entendemos que pode e debe ser premiado polo Concello de Vigo coas ferramentas que ten á súa disposición.

Así, e como xa sinalábamos nas emendas ás ordenanzas fiscais, propoñemos unha bonificación do 95% no IBI dos edificios da Universidade de Vigo. Ditas emendas, nas que se apostaba tamén por unha baixada, con carácter xeral, do 3% nos impostos, taxas e prezos públicos municipais para o 2017 –así como pola paralización da suba prevista no recibo da auga do 2,1%-, foron rexeitadas por este goberno municipal.

Por este motivo, traemos a esta sesión plenaria unha proposta para aplicar a bonificación prevista no artigo 74 do RDL 2/2004:

*“Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria”.*

Unha bonificación, cómpre lembrar, da que xa se benefician as universidades de Santiago, A Coruña, Lugo ou Pontevedra, así como as doutras moitas cidades en toda España, o que sitúa a Vigo nunha clara posición de desvantaxe. No en van, o pago deste imposto supón para a institución académica viguesa arredor de 500.000 euros anuais.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

**ACORDO:**

Instar ao Goberno municipal a apoiar de modo explícito á Universidade de Vigo, aplicando o artigo 74 do RDL 2/2004, que prevé unha bonificación do 95% no pago do Imposto de Bens Inmobles para os inmobles de organismos públicos de investigación e os de ensinanza universitaria.”

**DEBATE:**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A Universidade de Vigo eu creo que todos os que estamos aquí presentes e tódolos membros do Pleno estaremos de acordo en que é unha institución fundamental desta cidade, é unha institución fundamental para o desenvolvemento cultural, para o desenvolvemento académico, social e económico da nosa cidade, que leva máis de 25 anos facendo un gran traballo, que recolle cada ano máis de 22.000 alumnos que estudan nas súas instalacións entre os diferentes grados, entre os diferentes másteres e doutorados, ademais unha universidade que foi un exemplo de como se debe un adaptar aos tempos de crise, aos tempos de dificultades económicas mantendo a súa excelencia académica, mantendo ademais a súa aposta por esa excelencia e por mellorar nos resultados académicos, neste sentido no propio informe da Fundación, coñecemento e desenvolvemento, feito público hai unhas semanas, afondábase no empeño das universidades de manter a súa calidade e situaba a Vigo como a décimo quinta institución dun total de 59 universidades, entre públicas e privadas, con maior produción científica no período 2010-2014, polo tanto dentro dos peores momentos da crise, este é un exemplo pero hai moitos máis que mostran o bo

facer da nosa universidade, un traballo ben feito nunha época moi complicada e que dende logo entendemos que debe ser potenciado dende tódalas administracións, tamén dende a administración local, xa o mencionábamose e alegamos nas ordenanzas fiscais e apostábamose por aprobar unha bonificación do 95% do IBI aos edificios da universidade de Vigo, rexeitaron estas emendas esperemos que agora ao falar desta moción haxan reflexionado sobre o tratamento que lle están dando á Universidade de Vigo, prevese, é unha bonificación que é perfectamente posible, pero non so é posible senón que hai que lembrar que hai outras universidades de Galicia que si que están gozando desa exención do 95% do imposto de Bens Inmóveis, Vigo non, pero si o teñen Santiago de Compostela, se o ten A Coruña, se o ten Lugo, se o ten Pontevedra, eles si que se benefician, si que teñen unha administración local, un goberno municipal que está velando polos intereses e potenciando a súa universidade, e neste caso non estamos falando dunha cifra pequena porque rondará o medio millón de euros que está tendo que asumir a Universidade de Vigo, polo tanto cremos que é o momento en que a Universidade de Vigo deixe de estar discriminada porque paga IBI e por moito que queira vostede falarnos da presión fiscal a realidade é que en Vigo págase o IBI máis alto de Galicia, denos vostede o datos de IBI e xa verá como lle sorprenden, analice e compare con outras administracións, con outros concellos e verá como estamos pagando o IBI máis alto de Galicia e neste sentido a Universidade de Vigo está discriminada, discriminada polo goberno municipal, non so polo trato que acabo de dicir comparativo coa situación que teñen outras universidades de Galicia, xa non vou ir fora, simplemente hai que mirar a Galicia e ver ese trato discriminatorio, senón tamén un trato discriminatorio en relación á Universidade de Educación a Distancia, si señores, están vostedes dando un tratamento moito máis favorable á UNED nesta cidade que á Universidade de Vigo, sinceramente incomprendible, nós xa non estamos de acordo, dixémolo e seguiremolo dicindo, en que se paguen 13 millóns de euros para alugar unhas instalacións municipais, para instalar a sede da UNED, estamos de acordo en que hai que apoiala, si, non a calquera prezo para os vigueses e viguesas, mire, aí ten un exemplo Sr. Aneiros, de onde pode vostede axustar para poder baixarlle os impostos a tódolos vigueses e a tódalas viguesas, aí ten mire que rapidamente se quitan, e tamén 6 millóns de indemnizacións á concesionaria de aparcadoiros, mire

noutro onde pode vostede aforrar e conseguilo, en definitiva, teñen vostedes a oportunidade de apoiar á Universidade de Vigo, non soamente de palabra, senón con feitos e para iso, bonifíquelle o 95% do IBI que é da súa competencia, non nos veña agora a falar, espero na súa resposta, doutras administracións, do que fan os demais, non, non, queremos mirar aos ollos porque vostede quere aplicar esa bonificación á Universidade de Vigo, estou convencida dilo, así que espero sinceramente que o podamos aprobar por unanimidade neste Pleno, o apoio á Universidade que tanto merece e que tanto está facendo por Vigo e o seu desenvolvemento futuro. Moitas gracias.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo co que presenta a moción, polo nivel de atención que estamos recibindo entendo que isto xa veu moitas veces e que vostedes o viviron apaixonadamente durante moitas lexislaturas pero como para nós tamén é novo, unha moción deste tipo, pois queremos tamén facer algún relato do que ten pasado durante moitos anos, nos estamos de acordo coas bonificacións aos edificios públicos destinados á docencia, como estamos de acordo á bonificación nos edificios públicos destinados a atender á xente, que son os hospitais, se esta moción seguramente viñera no ano 2004, a Marea votaría rotundamente en contra, porque naquela altura o edificio Miralles que pode ser un edificio goloso a efecto de recadación do IBI, estaba en mans dunha sociedade anónima, para nós absolutamente indefendible que era xa a Cidade Universitaria S.A. e que ao final afortunadamente a propia Universidade de Vigo tivo que comprar, tivo que recomprar o edificio á propia sociedade anónima que se viña abaixo, é dicir, nos defenderemos que os edificios de titularidade pública que están destinados á docencia teñan exención de IBI e queríamos saber obviamente se hai un estudo de cales son os edificios de titularidade da Universidade de Vigo, cales son edificios conveniados con outras entidades económicas, cales son os terreos que obviamente están destinados á docencia e cales son os terreos que son explotacións económicas, porque determinadas licencias de locais comerciais, como pode ser os locais comerciais que hai no edificio Miralles, pois nos entendemos que eses si que teñen que pagar o IBI, outra cousa é se está desagregado dentro do catastro, se forman parte dunha soa unidade ou se imos falar da totalidade, se se nos di, a totalidade do Campus Universitario de Vigo non

ten que pagar IBI, poñemos dúbidas porque hai explotacións comerciais que non teñen nada que ver coa docencia ou coa actividade investigadora que entendemos que eses locais teñen que pagar IBI porque están xerando ademais un retorno económico a través de alugueres, estamos falando dalgunhas cafeterías, algún centro comercial que pulula polo campus universitario, de tódolos xeitos este debate en teoría estaba solventado, ese medio millón de euros de IBI, o Concello seguiría recadando pero ese medio millón, non sabemos moi ben cal é a fórmula, se a través dun convenio porque descoñecemos se iso é incluso legal, ese medio millón de euros empregaríase para melloras do transporte, melloras para o alumnado empadroadado en Vigo, isto díxose, está nas hemerotecas e parecía cousa normal, podemos dicir que ese medio millón de euros alguén está controlando que acabe de xeito natural, exclusivamente para os alumnos empadroados en Vigo como no seu día se dixo, se non é así pois case mellor facer a exención á Universidade de Vigo porque non está tendo ningún tipo de retorno esa cuestión, que se clarexe e que se clarexe sobre todo a moción do Partido Popular se se refire só aos edificios relacionados coa actividade docente, relacionados coa investigación, de titularidade 100% pública porque seguramente se falamos do 100% pois teremos que poñer en dúbida algunhas cuestións que se presentan sobre, por exemplo, algo moi parecido que pasa nas exencións á igrexa católica, non é o mesmo un lugar de culto que un bloque de edificios de titularidade do bispado, e nos estamos pensando que na Universidade de Vigo tamén o hai, hai edificios que seguramente non son titularidade pública ou se non que e nos clarexe porque hai algúns que efectivamente se lles cobra aluguer e que teñen un retorno económico a través dunha sociedade anónima, en todo caso estamos de acordo coa moción, simplemente que se clarexe cal é o problema dende o ano 2010 que se falou xa disto para aplicar unha exención á Universidade de Vigo, problema que non existe noutros concellos que si que practican esa exención sen ningún tipo de problemas a universidades públicas, esa exención aparte apróbase en Pleno con toda naturalidade ou se convenía unha contraprestación coa administración, neste caso académica, no seu día díxose que ese retorno do medio millóns de euros sería a través de melloras no transporte e nos servizos aos veciños e veciñas de Vigo que son da comunidade educativa da Universidade de Vigo.



SR. LÓPEZ FONT: Decidimos Sra. Muñoz, que lle conteste eu, haber se somos capaces entre o Sr. Aneiros e eu de que vostede entenda as cousas, porque lle explicou antes moi ben a carga impositiva que temos nesta cidade, cal era o noso IBI e vostede aínda non o comprendeu. Isto vai cada vez peor, vostede non é crible nesta cidade Sra. Muñoz, pero non é cribe nada do que di nin cando nos quere dar leccións do sistema fiscal nin de nada porque vostede ten un problema tremendo e é que ten unha amnesia impresionante sobre os tres anos que gobernou como conselleira, parece como que non se lembra, parece como que non sabe o que fixo, parece como que non sabe as consecuencias do que vostede fixo. Esta é unha moción novamente da hipocrisía, pero neste caso é de dobre hipocrisía, hipocrisía do Partido Popular porque é o contrario do que esta facendo en canto a recortes e hipocrisía súa persoal e vou llo explicar moi sinxelo a ver se desta vez me entende, o financiamento do sistema universitario, parece mentira que llo teña que dicir eu a vostede, corresponde á Xunta de Galicia, no ano 2009 a aportación da Xunta de Galicia, o orzamento eran 416 millóns de euros, no ano 2014 son 374 millóns, é dicir, mandato Sr. Feijóo, 42 millóns menos de apoio ás universidades e ven vostede aquí a darnos leccións do que teríamos que bonificar, se vostede foi conselleira que creo que o foi tres anos, vostede é responsable como mínimo dun recorte de 30 millóns ao sistema universitario, entón eu non sei que é o que pretende vostede aquí, porque é certamente sorprendente, cada Pleno vostedes veñan con dúas mocións intentando que os vigueses paguen o que lles corresponde a outros, non me éstrana o que logo ocorre, o Sr. Feijóo ten un montón de sucursais por Galicia e a sucursal de Vigo é a que peor resultados quita e vostede é a responsable por moito que na noite electoral salte e pareza que celebra os goles do Celta, non Sra. Muñoz vostede é a alumna menos avantaxada do Sr. Feijóo, vostede é a que peores resultados quita e eu comprendo que ese sorriso nervioso, vostede rise e o Sr. Fidalgo pon unha cara de tensión, aquí os que levaron a recortes no sistema universitario son vostedes, pero real, como llo acabo de dicir anteriormente, a Universidade de Vigo recoñecido por eles mesmos, no seu resultado do 2015, ten un bo estado financeiro e claro que vostede veña como un mantra sempre a pedir que os demais baixemos impostos cando vostedes os soben permanentemente é inadmisibile, non me éstrana de verdade que sexan o que peores resultados quitan porque é que vostedes están na agresión

permanente aos vigueses. Fala vostede de apoiar á Universidade, voulle ler brevemente “expropiación dos terreos, duns terreos que valen 10 millóns foi a cargo do Concello”, este Concello aportou 1,4 millóns de metros cadrados á Universidade, facilitamos a compra da sede de Areal que a fixemos nós, apoiouse a entrada na sociedade anónima Cidade Universitaria, bonificábase vehículos da Universidade, como dato simbólico pero importante, concedéuselle a Medalla da Cidade en 2010, subvenciona ao autobús urbano para que os alumnos vaian, 2 millóns ao ano, practicas para estudantes en empresas financiadas, entre eles este Concello, 10 alumnos das distintas ramas, patrocinio de proxectos de innovación, como o “fórmula 1 student”, parécelle pouco o que apoiamos á Universidade, son vostedes os que non apoian á Universidade, dende a Xunta de Galicia e vostede é responsable absolutamente directa, por iso cando vostede fala neste Pleno e quere dar leccións aos demais, vostede, díxenllo nalgunha ocasión, non ten autoridade moral, porque vostede foi, dende o punto de vista político, o brazo armado dos recortes a esta cidade e vostede non é cribe e por riba cando vostede pretende facer unha lectura de que sobre a UNED estamos a favor, claro que estamos a favor da UNED e vostede é a inimiga pública número un da UNED nesta cidade, e logo direille, revise as actas das últimas reunións da FEMP porque de verdade que non se entera en relación co que propón o Partido Popular porque este mesmo tema presentouse nunha das últimas reunións e cando os hospitais de Extremadura pedían non pagar este imposto, o Partido Popular Sra. Muñoz estivo en contra de que non o pagasen, é dicir, os seus compañeiros din unha cousa e vostede aquí di outra.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Font, sinceramente, que mal lles sentou a vostedes o resultado electoral, aínda non o acabaron de dixerir, que mal lles sentou a vostedes os 17.000 votos que lles quitamos apoiando a xestión do Sr. Núñez Feijóo e do Partido Popular, que ben o temos que estar facendo compañeiros do grupo municipal para que o Sr. Aneiros non queira dar a cara para falar do IBI da Universidade que era do que se trata nesta moción e haxa tido que vir o primo de zumosol a tirar de insultos, a tirar de descualificacións e a tirar dese papel no que lle colocan que estou convencida que a vostede non lle gusta nada Sr. Font, este papel de insultar, de descualificar e dende logo de intentar, pero sabe que lle digo

que vostedes segan por ese camiño que os vigueses estannos dicindo que imos polo camiño correcto, porque non deixamos de mellorar nos nosos resultados e porque se van vostedes a levar unha desagradable sorpresa dentro de dous anos e medio nas eleccións municipais e a súa reacción e o seu resentimento estanos mostrando que imos polo bo camiño, pero mentres vostedes din mentiras e insultan, nos imos seguir polo camiño das propostas e polo camiño de pensar nos intereses de Vigo e dos vigueses e neste caso estamos falando da Universidade de Vigo, as universidades asinaron un plan de financiamento, que hai que repasarse os apuntes mellor, que os catorce asesores hai que poñerlles un pouquiño máis de atención, porque teñen vostedes tantos asesores e resulta que lles dan mal os datos home, non, as universidades asinaron un plan de financiamento co goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, cumpriuse, as universidades volveron a asinar outro plan de financiamento e cumpriuse, a Xunta de Galicia está cumprindo coas universidades de Galicia, tamén coa Universidade de Vigo, temos as taxas universitarias máis baratas de España gracias á xestión da Xunta de Galicia, estamos apoiando as nosas universidades, se a Universidade de Vigo vai ter unha sede no Berbés vai ser porque a Xunta de Galicia vai gastar 2 millóns de euros na sede do Berbés e vostedes mentres tanto miran cara outro lado, mentres tanto alugan edificios municipais para a UNED e mentres tanto dálle as costas a unha institución pública fundamental para o desenvolvemento desta cidade, debe ser que non rende a adecuada pleitexía ao Sr. Alcalde o reitor da Universidade de Vigo que se fai merecedor dese tratamento e así trata vostede a unha institución académica, así lle tratan negándose a unha bonificación que teñen o resto e bloqueando o desenvolvemento do proxecto do Campus do Mar, vergoña lles debería dar a vostedes tratar así á Universidade, vergoña deberían sentir de tratar así a outras institucións soamente porque non están debaixo do seu pe e baixo o seu control. Moitas gracias.

SR. ALCALDE: Sra. Muñoz, por facer algunha precisión electoral, lémbrolles que vostedes tiveron nestas últimas eleccións autonómicas en Vigo o 34% dos votos, que significa que estiveron trece puntos por debaixo da media que quitaron en Galicia, e eu invítolles que comparen ese resultado 34% dos votos, presentándose o Sr. Feijóo, co resultado electoral que tivemos nos que foi do 52%, 34% o Sr. Feijóo

en eleccións autonómicas, 52% a lista que eu encabecei, pero voules lembrar algo que entendo que para a Sra. Muñoz é unha gran preocupación, e é que nas eleccións municipais cando ela encabezou quitaron vostedes o 20%, catorce puntos por debaixo do Sr. Feijóo, mellorou o Sr. Feijóo non vostede, pero miren voulle dar unha mostra fácil que vostede o vai entender, se suma vostede o que obtivo o Sr. Feijóo, mais o que obtivo vostede, xuntos non chegan ao que nos obtivemos nunha soa elección. Xa se nos nota o preocupado que estou, sabe que sucede Sra. Muñoz, que se o outro domingo cando o Sr. Feijóo tivo un gran resultado en Galicia e hai que felicitalo e eu feliciteino, un gran resultado, os resultados de Vigo sinalaron que se houbera eleccións municipais alí habería 19 nosos, non 17, 19, aí habería 19, tanto é así que a preocupación sobre o resultado de Vigo no Partido Popular é obvio porque foi con moito o peor resultado do Partido Popular en ningunha cidade de Galicia, quere que lle dea os datos das outras cidades de Galicia do Partido Popular, quere que lle dea os datos, pois os datos son tódalas cidades por riba de Vigo. Non estou facendo un xuízo de valor, o fixen no que respecta a eleccións municipais de haber sido o domingo, o resto son simplemente datos, simplemente constatar que por exemplo, en Lugo, na cidade, o Partido Popular estivo por riba do 45%, na cidade de Ourense, en A Coruña por riba do 40%, en Santiago de Compostela por riba do 40%, en Vigo o 34%, polo tanto Sra. Muñoz, a min satisfáceme que vostede estea contenta porque eu os quero contentos a vostedes, e a min encantaríame que vostede se presentara as seguintes eleccións municipais, xa saben que estou encantado, llo digo de verdade, me encantaría que vostede fora a candidata do Partido Popular nas seguintes eleccións municipais, terá vostede todo o meu apoio, de verdade.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey,

López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 29.09.2016 (Rex. Nº 1437/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**18(168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, COA INTENCIÓN DE AFORRAR NO CONSUMO E DE QUE OS VIGUESES PAGUEN POLA AUGA DE CONSUMEN E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1441/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de setembro de 2016, número 1441/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A auga configúrase como un ben esencial de primeira necesidade. Por este motivo, o seu servizo debe prestarse á cidadanía nas mellores condicións e aos prezos máis económicos.

Neste sentido, o grupo municipal do Partido Popular ten reclamado desde fai tempo que a factura da auga se emita polo que realmente se consume. De feito, na sesión plenaria do 25 de xuño de 2012 chegouse a aprobar por unanimidade a modificación da ordenanza da auga coa intención de aforrar no consumo e para que os vigueses paguemos polo que consumimos e non a partir do mínimo de 30.000 litros cada dous meses.

Obrigar ao pago dunha taxa fixa por 30 m<sup>3</sup>, independentemente de que o seu

consumo real sexa inferior, supón un grave prexuízo para moitos, especialmente para familias monoparentais, persoas maiores e aqueles que viven sos. En concreto, nestes momentos, 9 de cada 10 vigueses están a pagar por unha auga que non consumen.

O sentido común ten que marcar políticas máis efectivas que cobren o consumo por bloques ou tramos, sendo máis cara canta máis cantidade se consuma, primando aos veciños que teñan hábitos de consumo máis respectuosos e sostibles co medio ambiente. Existen varios estudos que confirman que a actual tarifa en Vigo é ineficaz e non fomentan un consumo eficiente.

Así mesmo, ao feito de ter que pagar por máis do que realmente se consume non fose suficiente, as ordenanzas municipais para o 2017 contemplan un incremento no prezo da auga do 2,1%, cando o IPC interanual presenta valores negativos do 1,1%. Polo tanto, a suba en termos reais resulta escandalosa chegando ao 3,2%.

Este incremento so beneficia os intereses do Goberno municipal, e non aos veciños da cidade. O alcalde, cando estaba a piques de terminar a concesión, en lugar de sacar a concurso unha nova concesión ou estudar a súa posible remunicipalización, lle prorrogou á empresa concesionaria o contrato por cinco anos, ata o 31 de decembro de 2020.

Nesta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular ven reclamando unha auditoría sobre o plan de investimentos de Aqualia na cidade, así como dos costes e beneficios que esta empresa ten respecto do seu contrato coa cidade.

Así mesmo, solicitamos, nas emendas ás ordenanzas fiscais de 2017, a paralización da suba prevista no servizo da auga, na procura de que os vigueses non teñan que pagar máis por un servizo que xa se atopa entre os máis caros de España e de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

#### ACORDO:

1.Instar ao Goberno Municipal á modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, coa intención de aforrar no consumo da auga e de que os vigueses paguen pola auga que realmente consumen.

2.Instar ao Goberno Municipal á paralización da suba prevista do 2,1% no recibo da auga para o próximo exercicio.

3.Demandar ao executivo local a realización dunha auditoría cun dobre obxectivo:

a.Coñecer o o plan de investimento da empresa en Vigo

b.Coñecer o contrato da empresa concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, coa cidade, ao obxecto de saber a que se destina exactamente o diñeiro que pagan todos os vigueses pola prestación deste servizo.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, debeulle saír mal a defensa da moción anterior porque sempre que lle sae mal o Alcalde intervén para apostilar e para demostrar que está contento, o Alcalde está contento, está contento porque o Alcalde xa non ter o honor de ser o que peor resultados quitou da historia nas eleccións autonómicas para o Partido Socialista, porque presentouse no ano 1997 e quitou quince deputados e agora hai outro que quitou catorce, pero que pasa que naquela época non había a Marea de Vigo, nin había Ciudadanos, nin había todo iso, pero ben, vostede sega por aí, sega dándolle caña ao Sr. Feijóo que a nos vainos ben, que lle dea caña ao Sr. Feijóo a nós vainos moi ben, 51.000 votos, 18.000 votos máis que o Partido Socialista, a primeira forza da cidade de Vigo, están contentos, a súa soberbia vai acabar con vostede Sr. Alcalde, tanta soberbia e tanto dicir que vostede está por riba do Partido Socialista ao final vai a Madrid a intentar arranxar ao Partido Socialista, non sei se quere que lle compremos unha máquina de coser porque hai moito que coser no Partido Socialista, dos retales que quedan do Partido Socialista, ao mellor vostede dedícase a coser e tamén a cantar porque vanlle ben estes resultados, era o que vostede quería, o que vostede quería era exactamente iso, que non entrara o número cinco da lista na provincia de Pontevedra, conseguíuno.

Falando sobre a auga é algo moi importante a auga porque a auga é un ben de primeira necesidade Sr. Alcalde, por iso este servizo tense que prestar nas mellores condicións posibles e da forma máis barata posible a tódolos cidadáns e por iso o Partido Popular leva reclamando dende hai moitos anos que a factura da auga se emita polo que realmente se consume, de feito incluso en varias ocasións chegouse a aprobar por este Pleno e por unanimidade, a modificación da ordenanza da auga coa intención de aforrar no consumo e para que os vigueses paguemos polo que consumimos e non a partir dun elevado mínimo de 30.000

litros cada dous meses, iso supón que os vigueses pagan 500 litros ao día de auga, o consuman ou non, obrigar ao pago dunha taxa fixa de 30 m<sup>3</sup> independentemente de que o consumo real sexa inferior, supón un grave prexuízo para moitas persoas, especialmente para familias monoparentais, persoas maiores ou aquelas que viven soas, miren, nove de cada dez vigueses están pagando por un auga que non consumen, está claro que nove de cada dez vigueses non gastan 500 litros ao día de auga, que é o que vostede lles obriga a pagar, señores do PSOE por se non se habían dado conta, a tarifa de Vigo é ineficaz e é unha tarifa que non fomenta un consumo eficiente, o sentido común ten que marcar políticas máis efectivas primando aos veciños que teñan hábitos de consumo máis respectuosos e sostibles co medio ambiente, ademais se o feito de pagar por un auga que non se consume non fora suficiente, as ordenanzas fiscais para o ano que ven contemplan un incremento do prezo da auga do 2,1%, cando o IPC interanual presenta valores negativos do 1,1%, polo tanto, a subida que se lle vai aplicar aos vigueses en termos reais resulta un escándalo, nada menos que van pagar un 3,2% mais, é impresentable e non ten ningún sentido, os vigueses pregúntanse para que vale o superávit e para que vale a débeda cero e para que valen esas supostas contas saneadas que ten o goberno municipal e o Concello de Vigo se lle obriga a pagar aos vigueses un 3,2% mais a auga, é impresentable.

Outra tarifa da auga en Vigo é posible o que pasa é que así acabaríase o choio ao Alcalde de cargarlle á concesionaria os caprichos de dinosetos, columnas de granito, xardineiras, árbores, bancos, sinais de tráfico de último modelo ou papeleiras de deseño, e é por todo iso que o Partido Popular ven reclamando unha auditoría, unha auditoría nun dobre sentido, por un lado para coñecer o plan de inversións de Aqualia na cidade e tamén unha auditoría para saber cales son os custos e os beneficios que ten Aqualia con respecto ao contrato da cidade, canto está facturando Aqualia a Vigo e canto lle custa a Aqualia manter o servizo da auga en Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: No contrato co que a Marea de Vigo se presentaba á cidadanía, en maio de 2015 xa expresábamnos algúns puntos respecto da auga, concretamente no punto dous dicíamos: “Vigo perdeu unha empresa pública de



xestión da auga e saneamento entrando a ser parte dun lucrativo negocio de empresas que na súa maior parte procedían do mundo da obra pública e da construción, hoxe é unha necesidade social recuperar a auga e o saneamento para o público nun contexto no que moitas familias son privadas deste servizo por motivos económicos, sen cláusulas sociais que garantan o abastecemento para os casos de pobreza e exclusión social”, a día de hoxe nada cambiou, ao contrario xa que o custe do subministro sobe un 2,1, cunhas expectativas aínda máis preocupantes xa que para a cobertura do servizo estimase a suba nun 11,07%”, a continuación desta introdución facíamos unha serie de propostas das que vou citar algunhas: “2.2.1 Remunicipalización do servizo, tanto no seu abastecemento como no seu saneamento. 2.2.3 Tarifa xusta por consumo. 2.2.4 Instauración do bono solidario. 2.2.7 Plan de renovación xeral da rede de abastecemento. 2.2.11 Creación da comisión cidadá que fiscalice a contrata e propoña melloras ao Concello. 2.2.12 Garantir un consumo mínimo gratuíto de auga, considerando que a orixe do problema do abusivo recibo da auga en Vigo ten a orixe no sistema que recolleu na concesión a privatización da empresa municipal de augas Emavisa nos anos 90, consumo cun primeiro tramo de 30 m3 o que significa ter uns tramos tarifarios tremendamente inxustos, facemos a proposta de garantir un mínimo vital de auga gratuíto de 4 m3 recibo, e a partir de aí unha tarifa progresiva de xeito que se incentiva o aforro”. Neste contexto é imposible non estar de acordo cunha auditoría que facilite o coñecemento público do plan de investimentos, xa que estas subas achácanse en gran parte á recuperación por parte da concesionaria destes investimentos e un chisco máis adiante referireime á lexislación vixente no estado español no que o dereito á información sobre a auga é un dereito para todos e todas. O que son os acordos desta moción son necesarios e urxentes, agora ben, isto non é simplemente unha cuestión económica aínda que a economía é verdade que afecta a todo, entra dentro do normal ideoloxicamente falando que a argumentación que fai o Partido Popular neste caso sexa estritamente económica, pero iso é reduccionismo, a auga non é simplemente un ben ou servizo que deba prestarse á cidadanía ao prezo máis económico, a privatización dos recursos para o desfrute so de quen poida pagar polo dereito a consumilo é unha lamentable tendencia que reflicte unha irresponsabilidade ou ambición, sempre en aumento da clase dominante e escollan aquí a opción que

prefiran.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas a través da Resolución 64/292, en vigor no estado español, recoñeceu explicitamente o dereito a auga e ao saneamento, reafirmando que a auga potable limpa e o saneamento son esenciais para realización de tódolos dereitos humanos, a Resolución exhorta ás administracións a proporcionar recursos financeiros para proporcionar un subministro de auga potable e saneamento saudable limpo e accesible para todas e todos, esta mesma Resolución explica os factores que haberán de aplicarse en calquera circunstancia, entre eles, dispoñibilidade, o abastecemento de auga de cada persoa debe ser continuo e suficiente para o uso persoal e doméstico e quero subliñar especialmente o de continuo. Accesibilidade física, debe accederse a un subministro de auga suficiente, salobre a aceptar en cada fogar. Accesibilidade económica, auga, servizos e instalacións de auga deben estar ao alcance de todas e todos, os custos e cargos directos ou indirectos asociados ao abastecemento de auga non deben comprometer nin poñer en perigo o exercizo deste dereito. Non discriminación, a auga, servizos e instalacións deben ser accesibles a todos de feito e dereito, incluso aos sectores máis vulnerables e marxinados da poboación, a min esta puntualización persoalmente paréceme que cae de caixón pero bueno así ven reflectida. Acceso á información, a accesibilidade comprende o dereito de solicitar, recibir e difundir información sobre tódalas cuestións da auga.

Non obstante ao exposto, o certo é que coas ordenanzas temos unhas disposicións legais que regulan o servizo de abastecemento e onde lonxe de recollerse a auga como un dereito a garantir o seu exercizo pleno, a concesionaria fai cortes de subministro por impago, no mellor dos casos condenando aos afectados e afectadas a iniciar unha peregrinación, ben sexa pola empresa, ben sexa polos servizos sociais, ben sexa polos dous sitios e para que? Para exercer un dereito fundamental, son imprescindibles políticas adecuadas en materia de prezos, como o subministro de auga a título de gratuíto para quen sexa necesario e isto non se resolve con fondos de 30 mil euros nin sequera se os anunciamos tres veces na prensa. Tódalas administracións teñen a obriga de garantir o acceso a cantidade esencial mínima de auga, que sexa suficiente e vixiar o grao de realización.

SR. ANEIROS PEREIRA: O que propón o grupo Popular é o maior exercizo de cinismo político nesta cidade, unha falla de seriedade e unha pretensión de engano á cidadanía, o que propón o grupo Popular é reformar a tarifa para precisamente subirlle o recibo da auga á cidadanía, como poden propoñer vostedes unha reforma da tarifa da auga que nin vostedes mesmos cando gobernaban fixeron, remítome aos datos, xullo de 2005, goberno da Sra. Porro, Sr. Figueroa Tenente de Alcalde, o goberno estuda modificar a tarifa da auga, 18 de xullo de 2006, retiran da Xunta de Goberno unha modificación da taxa da auga que prevía pasar o pago por consumo, retiran da Xunta de Goberno este documento, este punto da orde do día, por que retiran este documento, voullo dicir, porque se traemos os cálculos que traían nese informe, a día de hoxe suporía pagar por familia cinco euros máis, pero suporía tamén pagar por establecementos comerciais cae doce euros máis, polo tanto esa é a verdadeira razón de por que retiraron esa reforma que vostedes mesmos querían levar de pagar a auga por consumo, esas son as decisións do goberno do Partido Popular, polo tanto esas e outras das que poderíamos falar como as decisións que se tomaron en relación coa auga en alta a outros concellos, pero en fin estamos na taxa da auga, retiraron vostedes mesmos esa proposta porque sabían que prexudicaba ás familias, prexudicaba ao comercio e a quen favorecía era ás vivendas baleiras, por iso retiraron esa proposta, como poden vir agora a dicirnos a nos que tomemos esa decisión de cambiar de novo esa tarificación por consumo en lugar da que temos agora actualmente, miren, vostedes é que non se enteran, a tarifa da auga ven motivada polos custos fixos que ten o servizo de abastecemento e saneamento, a tarifa de auga non responde á potabilización, tanto a potabilización e canalización da auga, responde ao mantemento dos custos fixos, soamente no abastecemento temos dúas presas, Eiras e Zamáns, temos máis de mil quilómetros de rede de abastecemento, o cal supón mais ou menos por vigués uns 3,7 m. que temos que manter cada un dos que vivimos nesta cidade, temos dúas estacións de tratamento de auga potable, tres de bombeo e podería seguir, o que custa a auga non é a potabilización da auga é o mantemento da estrutura fixa, é o que repercute no recibo da auga, polo tanto non nos traten de enganar que non imos caer nese engano, vostedes mesmos no ano 2005 cando era alcaldesa a Sra. Porro, e tenente de Alcalde o Sr.

Figueroa retiraron esta proposta, pero o que é máis, o intento de engano á cidadanía porque non só a este goberno senón á cidadanía desta cidade, increméntase porque ou non se leron o informe da auga que fixo a Universidade ou nos queren facer parvos, vaian á páxina 73 dese informe, aí dise clariño que non hai que modificar a actual tarifa da auga, resúmollo, nunha portada do xornal “descarta pagar por gasto real ao entender que as máis prexudicadas serían as familias residentes en primeira vivenda en favor dos propietarios de casas baleiras e segundas residencias”, este é o resumo dese estudo da auga, polo tanto o propio estudo da auga di que non hai que cambiar de tarifa, señores do Partido Popular, non traten de enganar á cidadanía porque non imos caer nese intento de engano, estúdense ben o que teñen que facer e falen entre vostedes porque antes parecía que non falaban o que se di nas Xerencias de Urbanismo, agora parece que nin vostedes mesmos falan do que facían cando estaban no goberno, polo tanto non nos traten de enganar, o que custa da auga é a rede, o mantemento da rede de saneamento, polo tanto esa é a explicación. Calquera outra alternativa de modificar a tarifa prexudicaría á cidadanía viguesa por iso non o facemos, a maior parte dos custes son os custes fixos, se algo queren baixar, baixen algo tan sinxelo, ou propoñan baixar algo tan sinxelo como o canon de saneamento, saben canto subiu o canon de saneamento da Xunta, un 40% no período do 2012-2015, canto subiu o IVE un 26%, canto soben as taxas municipais, so un 1,10%, é dicir, o que vai supoñer no recibo da auga das familias é soamente 30 céntimos ao mes, polo tanto se queren baixar miren a onde hai que baixar, miren á Xunta que baixe o canon de saneamento, miren á administración central que baixe o IVE aplicable a este servizo e non traten de enganar á cidadanía, a tarifa actual é a máis social posible, a que mellor respecta a solidariedade en tódolos vigueses.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vostede está manipulando como sempre os datos e a información, vostede sabe perfectamente que cando estaba a punto de rematar a concesión, en lugar que quitar a concurso un novo contrato máis vantaxoso que o que se fixo hai 25 anos, ou incluso estudar a súa remunicipalización, o Alcalde prorrogoulle, sen traer a Pleno, á empresa concesionaria por cinco anos e agora está pensando outros cinco anos máis, xa llo adiantamos, por que? Porque xa se lle acabou o saldo de obras, o saldo que tiña de 20 millóns ata o ano 2020, porque

nos somos os primeiros interesados en cumprir co contrato de Aqualia e por iso o que pedimos é unha auditoría, que non me falou nada da auditoría, unha auditoría financeira e unha auditoría sobre os investimentos, porque vostedes están poñendo o lobo a coidar das galiñas, estase fiando dos datos, do que di a concesionaria e nos como cidadáns de Vigo que pagamos por un auga que non consumimos, cincocentos litros ao día, queremos saber cal é esa auditoría e que se está investindo na cidade, o que está facendo o Alcalde e o Partido Socialista co recibo da auga en Vigo é sinceramente bochornoso, é un escándalo, o Sr. Caballero estase rindo na cara de tódolos vigueses porque o recibo da auga vai subir o ano que ven un 3,1% porque o Sr. Caballero así o quere, e o Alcalde non só non moveu un dedo para aplicar os acordos que se levaran aquí en varias ocasións, en tres ocasións na anterior lexislatura, acordos por unanimidade para modificar o recibo da auga senón que o Alcalde está actuando como se fora o director xeral da concesionaria, en vez de actuar como o Alcalde de Vigo defendendo os intereses dos cidadáns de Vigo, mire a auga de Vigo é das máis caras de Galicia e por se fora pouco vostedes tamén se negan a aplicar unha tarifa social, un bono social para a auga, porque lle fan pagar un auga que non se consume a tódolos cidadáns de Vigo. Hai moitos informes sobre a tarifa da auga, hai un efectivamente da época da Sra. Porro que se levou e ao final non se puido poñer en marcha, hai outro da concelleira Sra. Díaz, unha señora que estivo aquí facendo o seu traballo e que xa non segue e hai tamén disos 18.000 euros mailo IVE, deses informes como o do Sr. Parejo, á la carta, no que tamén di que se pode cambiala tarifa da auga, así que se queren cambiar a tarifa da auga sabe o que ten que facer, negociar coa concesionaria e non prorrogar máis o contrato.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey,

López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar Aprobar a Moción presentada, en data 29.09.2016 (Rex. Nº 1441/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**19(169).- ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MAREA DE VIGO SOLICITANDO O ACCESO DIRECTO AOS GRUPOS MUNICIPAIS DA OPOSICIÓN ÁS FERRAMENTAS DE XESTIÓN DE EXPEDIENTES.**

SR. PÉREZ CORREA: Dado que onte 2 de outubro, de acordo coa Lei de transparencia, entraron as modificacións e as novas leis de procedemento administrativo común e de réxime xurídico do sector público, con esas modificacións, rogamos que se dea acceso aos grupos municipais da oposición, acceso directo ás ferramentas de xestión de expedientes como recolle a Lei e que polo tanto a partir de onte é de obrigado cumprimento tamén por esta administración.

SR. ALCALDE: Cumprimento exquisito de todo o que di a Lei e por enriba do que di a Lei como ningún outro concello, por exemplo o de A Coruña que non o está tendo en conta nin está cumprindo a Lei.

## **FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **20(170).- PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO REFERENTE Á FONTE DO AREAL.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dado que a solución que parece que deu este goberno foi arrincar a fonte, gustaríanos saber cales foron as análises que se fixeron da fonte do Areal.

SR. ALCALDE: Lle informamos por escrito.

### **21(171).- PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERENTE Á CALIDADE DA AUGA QUE BEBEN OS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO.**

SR. GAGO BUGARIN: Dúas preguntas tamén sobre o Laboratorio municipal. A primeira é que hai uns días denunciámos que non se están facendo controis rutineiros, durante os dous derradeiros anos, sobre a calidade das augas que beben milleiros de veciños e veciñas de Vigo, polo tanto queremos saber se o Alcalde está en condicións de garantir que a calidade da auga que beben tódolos días milleiros de veciños e veciñas de Vigo, é apta para o consumo.

Con respecto a auga, toda aquela auga que ven da traída de augas é absoluta e exquisitamente potable e polo tanto absolutamente garantida a potabilidade.

### **22(172).- PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERENTE AO DESMANTELAMENTO DO LABORATORIO MUNICIPAL.**

SR. GAGO BUGARIN.- En segundo lugar, en relación ao Laboratorio municipal, espero que non sexa resposta por escrito, gustaríanos saber cal é o procedemento e o proceso e o punto no que está o desmantelamento do Laboratorio municipal, se se vai privatizar, se se vai eliminar, o que si sabemos é que agora mesmo non temos Laboratorio municipal.

SR. ALCALDE: Cando queira decatarse do que ten que ver co Laboratorio municipal presente unha moción e lle contestamos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.